de cara longuiña, branco-sonrosada coma a margarida das herbeiras; ollos negros e lucentes como acibeche; nariz delgadiño, cal o pico da lavandeira, ou caudatrémula, e a súa graciosa boca semellante a gomo da viña que empeza a abrir e amostra o tenro racimiño, amostraba tamén filas iguales de esmaltados dentes a través de bermellos beizos. (...) Seguía logo nun cabalo tordo a nai de Otilia, fanchoeira señora duns corenta anos, seria e algo picosa de vaigas, pro de fisonomía nada vulgar, e con trazas de bonachona. (...) Por último, noutra fogosa mula iba a doncela Adria, moza arrogante de trinta abriles e ollos gacios, fresca coma un poexo, alegre cal mañá de vrán. Un paniño de seda, color limón, adornaba a súa cabeza, cuberta de pelo negro coma unha amora, posto en rodetes de anchos cadrelos, e consistía o seu traxe nunha bata de carreiros azules en fondo blanco.

M. Valladares Núñez, *A Filla Espúrea*

Ed. Galaxia, Vigo 1970, p. 18

## VOCABULARIO

despós de: <i>después de</i>	tenro: <i>tierno</i>
abrotia: <i>gamón, planta de raíz vivaz de la familia de las liliáceas</i>	fanchoeira: <i>dícese de la mujer gruesa, frescachona y simpática.</i>
longuiña: <i>alargada</i>	vexigas: <i>viruelas</i>
herbeira: <i>herbazal</i>	doncela: <i>doncella</i>
lavandeira: <i>aguazanieves, motacilla</i>	gacios: <i>garzos</i>
caudatrémula: <i>V. lavandeira</i>	poexo: <i>poleo (planta)</i>
gomo: <i>gromo, abollón</i>	amora: <i>mora (fruto de la zarza)</i>
amostra: <i>muestra</i>	cadrelos: <i>trenzados de pelo.</i>

L E C T U R A  
A saúde

Hoxe imos asistir a algunha das consultas do doutor Antón. Hai, duns días pra acó, algo de andacio pola parroquia e os doentes amontánse na sala de espera do consultorio. Vexámo-la conversa que ten coa tía Rosa do Medio.



- ¿Qué a trai logo por aquí, tía Rosa?
- Lévolle xa unha tempadiña que me sinto moi froxa. Cun feixiño de nada que colla quédome sin folgos.
- ¿E come ben?

— Pois hastra lle teño medio aborrecida a comida.

— ¿E ten dores?

— Algo nas costas e nos cadrís. Pro eso non é o pior. O que más me amola e que durmo pouco. Mitade da noite pásolla sin acougo dando voltas ó corpo e ó maxín. Se non fose porque iba pensar que estou tola contáballle as miñas matinacións.

— Igual ca vostede estívolle a tía Pepa do Roxo e ¿quén llo conoce hoxe? Está coma un buxo. Hame de tomar estas menicías que lle vou dar e volva prá semá que vén.

A tía Rosa marchóu prá casiña e de paso mercóu na botica os remedios que lle recetara o doutor. Segundo decían os prospertos, aquelo curaba todo. Pro, como decía a tía Rosa: «Eses papeliños teñen man do que lles poñen». Ela ó cabo foi a millor ó pouco de empezar a seguilo réxime.

Hoxe, outro dos clientes do doutor é Pedriño do Redondo, un neno de catorce anos que sempre foi un pouco delicado. Calquera peleirada que se amaña, por pouco collediza que sexa, apáñao a el na primeira. ¡Tan noviño como é e o que leva sofrido! Se non lle acoden a tempo xa llelo lambe a toseferina ós dous anos, tan grandismos eran os ataques que lle daban. Tamén lle foi mal co xarampón e coas vexigas. Chegou hastra a consulta andando polo seu pé, pro veu o pai con el que é o que fala co médico.

— A ver logo que lle pasa a este rapazolo.

— Quéixase desde onte que lle doi algo a barriga e di que sinte apertamento no peito. Frebe polo de agora non ten. Coida-mos que será debido á catarreira que anda por ahí. Pasa a noite nunha tose e ten que facer de corpo seis ou sete veces ó día. De tanto tusir hastra lle está saíndo unha carraspeira que lle ten tomada a voz.

— Xa. Este neno o que ten é un catarro que hai que coidar moito pra que non acabe en algo grave. Ten que tomar este xarope que lle vou dar. Con el hanlle pasar esas xandras de tose e halle de ir aclarando a voz. Estes supositorios e estas indicións

hanlle facer ben. A dor de barriga é polas lombrigas. Ten que tomar estas píldoras que lle receto tres veces ó dia. E que garde cama por algún tempo.

Pedriño e o pai despídense do doutor e, con eles, tamén nós. Alí queda don Antón loitando coa doencia. Agora a xente vai por un nada cabo del. Pro aínda da miña acordanza botábase man por menos de nada de remedios caseiros que facían más mal ca ben. Eu mesmo teño botado cascas de cebola con aceite ós foronchos pra amolentalos, tea de araña nas cortaduras, dado fomentos prás espiñoadas, e ventosas prá reuma. En Vilanova queda aínda quen queima os tirizós con pallas e quen cura coxo con lexía de cinza, e quen levanta a paletilla con oracións. Eu, polo que poida ser, non creo nin deixo.

## OBSERVACIONES

- La *e* átona seguida por una *i* tónica tiende a pronunciarse *i*:

*decia, seguir, vexigas*  
*dicia, seguir, vixigas*

- Aquí nos aparece la forma pronominal de interés que veremos en la lección 9:

*pois hastra lle teño...*  
*mitade da noite pássolla*  
*igual... estívolle*

- Nótese que no hay **a** en *iba pensar*, *que lle vou dar*, como veremos en la lección 20.

## VOCABULARIO

doutor: *doctor*  
duns días pra acó: *hace unos días*  
andacio: *epidemia*  
doentes: *enfermos*

amontoarse: *amontonarse*  
espera: *espera*  
vexámo-la: *veamos la*  
trai: *trae*

<sup>l</sup> ogo: <i>entonces, pues</i>	acoden: <i>acuden</i>
tempada: <i>temporada</i>	lambe: <i>lame</i> (aquí es utilizado en sentido figurado con el significado de <i>llevar</i> )
sinto: <i>siento</i>	toseferina: <i>tosferina</i>
froxa: <i>débil</i>	foi mal: <i>sufrió mucho</i>
feixe: <i>haz</i>	xarampón: <i>sarampión</i>
colla: <i>coja</i>	vexigas: <i>viruelas</i>
folgos: <i>aliento</i>	veu: <i>vino</i>
pois: <i>pues</i>	rapazolo: <i>muchacho</i>
costas: <i>espaldas</i>	queixarse: <i>quejarse</i>
cadrís: <i>cuadril, hueso que forma la cadera.</i>	onte: <i>ayer</i>
pior: <i>peor</i>	doi: <i>duele</i>
amolar: <i>fastidiar, molestar</i>	sinte: <i>siente</i>
durmo: <i>duermo</i>	apertamento: <i>opresión</i>
mitade: <i>mitad</i>	frebe: <i>fiebre</i>
noite: <i>noche</i>	coidar: <i>pensar</i>
acougo: <i>reposo, tranquilidad, sosiego.</i>	catarreira: <i>constipado</i>
voltas: <i>vueltas</i>	tose: <i>tos</i>
maxín: <i>imaginación</i>	facer de corpo: <i>hacer de cuerpo, evacuar los excrementos</i>
tola: <i>loca</i>	sete: <i>siete</i>
matináculos: <i>cavilaciones</i>	tusir: <i>toser</i>
buxo: <i>boj (estar coma un buxo: estar fuerte, sano, robusto)</i>	saíndo: <i>saliendo</i>
mencinás: <i>medicinas</i>	carraspeira: <i>carraspera</i>
volva: <i>vuelva</i>	lle téñ tomada a voz: <i>lo tiene afónico</i>
mercar: <i>comprar</i>	coidar: <i>cuidar</i>
remedios: <i>remedios</i>	xarope: <i>jarabe</i>
recetara: <i>había recetado</i>	hanlle: <i>le han de</i>
prospeutos: <i>prospectos</i>	xandras: <i>ataques</i>
eses: <i>esos</i>	halle: <i>le ha</i>
teñen man: <i>admiten, tienen cuenta de</i>	lombrigas: <i>lombrices</i>
ó cabo: <i>al fin</i>	gardar: <i>guardar</i>
foi a millor: <i>mejoró</i>	loitando: <i>luchando</i>
ó pouco de: <i>al poco tiempo de</i>	doencia: <i>dolencia</i>
réxime: <i>régimen</i>	cabo: <i>junto a</i>
peleirada: <i>epidemia</i>	del: <i>de él</i>
amañarse: <i>producirse</i>	acordanza: <i>recuerdo</i>
collediza: <i>contagiosa</i>	botar: <i>echar</i>
sexá: <i>sea</i>	caseiros: <i>caseros</i>
apañiar: <i>coger</i>	ca: <i>que (comp.)</i>
sofrido: <i>sufrido</i>	

cascas: *cáscaras, mondás*

cebola: *cebolla*

foronchos: *furúnculos*

amolentar: *ablandar*

tea: *tela*

fomentos: *emplastos*

espiñoadas: *heridas producidas por espinas*

ventosas: *ventosas*

queimar: *quemar*

tirizó: *orzuelo*

pallas: *pajás*

coxo: *boqueras*

lexia: *lejía*

levantá-la paletilla: *levantar la paletilla, manera popular de curar un gran número de enfermedades.*

polo que poida ser: *por si acaso*

deixar: *dejar*

## ADJETIVO CALIFICATIVO

1. GÉNERO: La formación del femenino es lo mismo que en castellano.

### A) Variables:

*morno / -a* «tibio»

*lugués / -a*

*falador / -a* «hablador

*chorón / -a* «llorón»

### B) Invariables:

*ruin*

*millor*

*fácil*

*pior*

*capaz*

*menor*

*torda* «*tonto*»

*maiør*

*doente* «*rabioso, enfermo*»

2. NÚMERO: se forma lo mismo que en el sustantivo. Unicamente agregamos aquí que son invariables los adjetivos acabados en **-s**: *bardallas* «charlatán», *trécolas* «persona que siempre trata de justificarse», etc.

## FRASES COMPARATIVAS

1. Igualdad: *come tanto coma min o fillo é tan bó coma o pai*

2. Superioridad: *o meu can é más grande có teu; eu como más ca ti.*

3. Inferioridad: *teño menos cartos cá túa amiga.*

Téngase en cuenta que:

*ca + artículo determinado masculino contrae en có, cós.*

*ca + artículo determinado femenino contrae en cá, cás.*

## FORMACION DEL SUPERLATIVO

- relativo { de superioridad: *é o más grande da clase.*  
                  { de inferioridad: *é a menos leda das rapazas.*
- absoluto { anteponiendo **moi**: *eran moi altos.*  
                  { posponiendo **-ismo**: *eran altismos.*

## CONJUGACION DE LOS VERBOS MAS FRECUENTES (V)

FUTURO					
<i>Ser</i>	<i>Haber</i>	<i>Estar</i>	<i>Ter</i>	<i>Facer</i>	<i>Ir</i>
<i>seréi</i>	<i>haberéi</i>	<i>estaréi</i>	<i>teréi</i>	<i>faréi</i>	<i>iréi</i>
<i>serás</i>	<i>haberás</i>	<i>estarás</i>	<i>terás</i>	<i>farás</i>	<i>irás</i>
<i>será</i>	<i>haberá</i>	<i>estará</i>	<i>terá</i>	<i>fará</i>	<i>irá</i>
<i>seremos</i>	<i>haberemos</i>	<i>estaremos</i>	<i>teremos</i>	<i>faremos</i>	<i>iremos</i>
<i>seredes</i>	<i>haberedes</i>	<i>estaredes</i>	<i>teredes</i>	<i>faredes</i>	<i>iredes</i>
<i>serán</i>	<i>haberán</i>	<i>estarán</i>	<i>terán</i>	<i>farán</i>	<i>irán</i>

### PLUSCUAMPERFECTO (1.<sup>a</sup> conjugación)

#### *Cantar*

*cantara*

*cantaras*

*cantara*

*cantáramos*

*cantárades*

*cantarán*

## EJERCICIOS

- I. Distinguir en las lecturas 4 y 5 los adjetivos calificativos.
- II. Distinguir en las lecturas 4 y 5 los comparativos y superlativos.
- III. Formas de comparación:
  1. É — grande — burro.
  2. — me da Xan — Pericán.
  3. Tedes — tempo — min (*yo*).
  4. Quérolle — a miña tía — meu tío.
  5. — — aquel non había outro.
  6. É — grande o teu — omeu.
  7. Sabía el — doutrina (*catecismo*) — omesmo cura.
  8. — — el non hei ser.
  9. Valía — o boi — obecerro.
  10. Este coche é — caro — aquel.
  11. É — doado (*fácil*) decilo — facelo.
- IV. Formar frases con los tiempos estudiados, combinándolos con las palabras ya conocidas.
- V. Traducir al castellano la lectura 5.
- VI. Versión al gallego:
  1. Fuimos a ver al médico, porque mi mujer estaba un poco delicada.
  2. Si usted piensa igual que nosotros, tomaremos ese jarabe contra la tos.
  3. Tuve una fiebre altísima durante toda la noche.
  4. No sé (*sei*) lo que tendrá la niña: ayer no hizo más que quejarse.
  5. Mi sobrina iba a ir a la farmacia a comprar unas medicinas para un vecino.
  6. Habrá que ir a buscar al médico antes de que venga la noche.
  7. Este catarro me dejó afónico.
  8. Hasta ahora no me levantaba de la cama, pero con la llegada del verano lo haré.
  9. En lo que recuerdo sólo estuve una vez enfermo.

10. María tenía un chichón en la cabeza y no hacía más que ponerle agua caliente para ablandarlo.

## VII. Conversación:

- ¿Qué pasa na parroquia duns días pra acó?  
¿Qué síntomas presenta a tía Rosa?  
O médico dalle uns consellos ¿Cáles?  
¿Qué fixo a tía Rosa?  
¿Gál é a desgracia de Pedriño? ¿Qué enfermedades tivo?  
¿De qué se queixa agora?  
¿Qué remedios lle da o médico?  
¿A qué remedios caseiros acode o narrador?  
¿Cáles se pratican áinda en Vilanova?

## TEXTO LITERARIO

### A MENCIÑA

— ¿Qué? ¿Sínteste millor, reina? Sandarás axiña. Esto non é nada, xa o dixo o médico. Hala, acouga. Durme unha migia, filla.

A filla ardía coa frebe. Arfaba.

O pai axeitóulle o embozo e deulle unhas palmadiñas nas meixelas.

— Hala...

Despois saíu da habitación e foise sentar nun escano na outra banda da casa. Esbarábanlle as bágoas pasenixamente pola faciana.

Chegou o médico e foise dereito a carón da doente. O cabo dun pouquichiño veu precurar ó pai.

— ¡Don Néstor! ¿Non está don Néstor?

— Estou aquí. Entre, señor doutor. Séntese.

O médico sentouse e ficou calado. O pai calaba tamén. Pasaron minutos.

— Señor doutor: ¿Pódese facer algunha cousa? Fale sin requiliorios, pídolle eu.

O pai preguntaba con voz fonda e bremante. O médico respostóulle con ar de desalento:

— Coido que sí, don Néstor, coido que algún remedio haberá... Pro eu non teño máis medios que os que teño. Comprirá chamar a algúns colegas de Ourense ou de Santiago..., se lle parece, digo.

— Chame a quen sexa, chame ó millor médico do mundo. Por cartos que non quede. Na súa man o deixo. Non se demore, señor doutor.

— Vou logo ó teléfono.

M. Casado Nieto, *Contos que non son contos*

Ed. Castrelos, Vigo 1969, p. 18

### VOCABULARIO

sandarás: sanarás

axiña: en seguida

acouga: sosiega

unha migia: un poco

arfaba: se estremecía

axeitóulle: le colocó, le arregló

banda: lado

esbarábanlle: le resbalaban

paseniñamente: muy despacio

faciana: cara

a carón de: al lado de

ó cabo de: después de, al final de

precurar: buscar

ficóu: quedó

requiliorios: rodeos

bremante: desesperado

ar: aire

respostóulle: le respondió

comprirá: será necesario

### LECTURA

#### A escola

Lelo, mal que ben, vai tódolos días á escola, anque sóio pensa en xogar. A maestra pono sempre na primeira fila, nos pupitres de diante, cos que xa empezan a ler de seguido. Na primeira hora, Lelo anda esperto a medias, pois lávase coma os gatos. Non fai máis que ollar prós mapas, sacar cuadernos da carteira, pasar follas, pintar con bolígrafo algún moneco e, cando lle peta, repassa a lección do día. Aproveítase que a esta hora a maestra corrixe os deberes.



Quere ser médico, pro as matemáticas non se lle dan, anque sumar, restar e multiplicar xa sabe. En cambio, as contas de dividir non as fai ben, porque áinda está

por dúas cifras. De tódolos xeitos, prós seus anos está mui adiantado.

Algún dos compañeiros non dá pancada, e cando escribe ó ditado, non fai máis que esgallá-la pluma, collar tiza no encerado pra secar borróns ou vé-los santos dos dicionarios. O mestre que tiveran castigábaos moitas veces porque lataban, pro nin por esas fixo bo deles.

Polas once xa estaba Lelo aleuto. Entón chapaba a Xeografía e a Historia, as Cencias Naturales ou a Doutrina, que tocaba os sábados e aprendíallos o señor abade. O Lelo, non é que fose un sabichón, pro aproveitaba ben o tempo.

Ás once, os rapaces saían ó recreo e xogaban ó fúbol case sempre; mentres, as cativas preferían o escondite ou xogar ás casas. De vez en cando había algunha rifa, e o acuseta de sempre íbase chivar á maestra pra lle facé-lo conto.

Na derradeira hora, todo o mundo fai problemas. Os más grandes, da regla de tres, de interés ou de raíz cuadrada; en canto lles da o resultado vanse indo prás casas. Pra elas sóio levan algún exercicio de redacción ou as faltas que han de escribir vinte veces. A Lelo esto último arrabéao e faille rinchá-los dentes, anque non o diga.

## OBSERVACIONES

*Non o diga:* La pronunciación de la **n** final de palabra es siempre velar, como la **n** de *unha*; p. ej.: *ben, lección, algún, en Ourense*. Pero suena alveolar, como en *sono*, la **n** final de *quen, non y nin* ante las formas *o, a, os, as* del pronombre: *anque non o di, quen o fixo*.

## VOCABULARIO

mal que ben: *a trancas y barrancas*  
anque: *aunque*  
sóio: *sólo*

pono: *lo pone*  
ler: *leer*  
de seguido: *de corrido*

anda esperto a medias: *anda medio dormido.*

ollar: *mirar*  
carteira: *cartera*  
follas: *hojas*  
moneco: *muñeco*  
petar: *apetecer*  
lección: *lección*  
aproveitarse: *aprovecharse*  
corrixe: *corrige*  
contas: *cuentas*  
dúas: *dos*  
xeitos: *maneras*  
adiantar: *adelantar*  
compañeiros: *compañeros*  
non dar pancada: *no dar golpe*  
esgallar: *romper o abrir los puntos de la pluma*  
coller: *coger*  
borróns: *borrones*  
latar: *hacer novillos*  
bo: *bueno*  
deles: *de ellos*

once: *once*  
aleuto: *espabilado*  
entón: *entonces*  
Xeografía: *Geografía*  
Cencias Naturales: *Ciencias Naturales*  
doutrina: *doctrina, catecismo*  
aprendíallos: *se la enseñaba*  
abade: *abad*  
fose: *fuese*  
sabichón: *resabido*  
fúbol: *fútbol*  
case: *casi*  
mentres: *mientras*  
rifa: *riña*  
acuseta: *acusica*  
facé-lo conto: *hacer la pelotilla*  
derradeira: *última*  
en canto: *en cuanto*  
exercicio: *ejercicio*  
redacción: *redacción*  
arrabear: *deseesperarse*  
rinchar: *rechinhar*  
anque: *aunque*

## PRONOMBRE PERSONAL

### 1. Primera y segunda personas

SUJETO	eu	nós	ti	vós
COMPLEMENTO CON PREPOSICIÓN	min			
comigo	connosco	contigo	convosco	
OBJETO DIRECTO			te	
me	nos			vos
OBJETO INDIRECTO			che	

## OBSERVACIONES

**Eu** (*yo*), **nós** (*nosotros*), **ti** (*tú*), **vós** (*vosotros*), se usan con función de sujeto: *Eu non sei* «yo no sé»; *ti toleas* «tú desvarías»; *nós non temos medo* «nosotros no tenemos miedo»; *vós sodes medio parvos* «sois medio bobos».

**Min** (*mí*), **ti** (*ti*) funcionan como formas oblicuas tras preposición: *Esto é pra min* «esto es para mí»; *a ti non che fago caso* «a ti no te hago caso».

Tras las partículas comparativas **ca** y **coma** se usan las formas **min** y **ti**: *é máis grande ca ti e ca min* «es más grande que tú y que yo»; *seguro que non che gusta tanto coma a min* «seguro que no te gusta tanto como a mí».

**Comigo** (*conmigo*), **contigo** son de idéntico uso que en castellano: *ven comigo*.

**Connosco** (*con nosotros*), **convosco** (*con vosotros*) son formas muy usadas en la literatura antigua y moderna y oídas todavía en muchas partes de Galicia: *Vou convosco* «voy con vosotros»; *connosco non andes de broma* «con nosotros no andes de broma».

**Me** y **nos** son de idéntico uso que en castellano: *non me entedes* «no me entiendes»; *dáme unha a min* «dame una a mí»; *búscanos no café ás tres e media* «búscanos en el café a las tres y media».

**Vos** (*os*) también es de igual uso que en castellano: *Xa non vos fago caso* «ya no os hago caso».

**Che** (*te*) es la forma pronominal átona de objeto indirecto: *¿qué che parece?* «¿qué te parece?».

**Te** (*te*) es la forma pronominal átona de objeto directo: *xa te entendo* «ya te entiendo».

## 2. Tercera persona

	SINGULAR		PLURAL	
	M	F	M	F
SUJETO/COMPLEMENTO CON PREPOSICIÓN	el	ela	eles	elas
OBJETO DIRECTO	o	a	os	as
OBJETO INDIRECTO	lle		lles	

## OBSERVACIONES

**El, ela, eles, elas** (castellano *él, ella, ellos, ellas*) funcionan como sujetos y complementos con preposición: *El/ela non sabe qué facer* «él/ella no sabe qué hacer»; *eles/elas non saben nada desto* «ellos/ellas no saben nada de esto».

**O, a, os, as** (castellano *lo, la, los, las*) tienen el mismo uso y funciones en ambas lenguas: *¿ónde os botaches?* «¿dónde los echaste?».

**Lle, lles** (cast. *le, les*), con las mismas funciones que en castellano: *¿Qué lle pasa?* «¿qué le pasa?; *non lle teñas medo* «no le tengas miedo».

Existe una segunda forma para el pronombre de tercera persona cuando se usa como enclítico de los infinitivos o de las personas verbales acabadas en **-s** (2.<sup>a</sup>, 4.<sup>a</sup> y 5.<sup>a</sup>) o de otros pronombres terminados en **-s** (*nos, vos, lles*). Estas formas son:

SING.	M	F
	lo	la
PLUR.	los	las

Como hemos observado ya en lecciones anteriores, la **-r** del infinitivo y la **-s** de las formas del verbo y otros pronombres, desaparece: *colela* «cogerla»; *esperalo* «esperarlo»; *vímolo* «lo vimos»; *¿quérelos?* «¿los quieres?».

### 3. Contracciones

	el	ela	eles	elas
de	del	dela	deles	delas
en	nel	nela	neles	nelas

Ejemplos: *ríronse moito del* «se rieron mucho de él»; *non creo nela* «no creo en ella».

### 4. Formas de cortesía

Hablando con persona que, por su edad o condición, merezcan un tratamiento respetuoso, se usan para la segunda persona las formas de cortesía siguientes:

	SINGULAR	PLURAL
SUJETO Y COMPLEMENTO CON PREPOSICIÓN	<b>vostede</b>	<b>vustedes</b>
OBJETO DIRECTO	<b>o / a</b>	<b>os / as</b>
OBJETO INDIRECTO	<b>lle</b>	<b>lles</b>

### OBSERVACION

**Vostede, vustedes** (castellano *usted, ustedes*), siendo sujetos, exigen siempre el verbo en tercera persona: *vostede séntese aquí* «usted síntese aquí»; *vustedes veñan comigo* «ustedes vengan conmigo». Las formas oblicuas sin preposición del pronombre de cortesía se comportan de manera idéntica a las formas del pronombre de tercera persona: *véñoo (-a) ver* «lo (la) vengo a ver»; *tráiolle (-lles) este regaliño* «le (les) traigo este regalo».

### ORTOGRAFIA

1. **Min, ti y el**, al contrario del castellano, no se acentúan. En cambio, se acentúan **nós** y **vós** cuando funcionan como sujeto o complemento con preposición (para diferenciarlos de sus homófonos átonos): *nós podemos ir e a vós non vos deixan* «nosotros podemos ir y a vosotros no os dejan».

2. Entre una forma verbal terminada en diptongo acentuado y los pronombres **o, a, os, as** enclíticos, se intercala una **n**. Así: *faréi + o = faréino* «lo haré»; *víu + os = víunos* «los vio»; *trai + as = trainas* «tráelas / las trae».

### CONJUGACION DE UN VERBO CON FORMAS DEL PRONOMBRE ENCLITICAS

eu	contéimo, -a, -os, -as
ti	contáchelo, -a, -os, -as
el/ela	contóuno, -a, -os, -as
nós	contámolo, -a, -os, -as
vós	contáchedelo, -a, -os, -as
eles/elas	contárono, -a, -os, -as.

## CONJUGACION DE LOS VERBOS MAS FRECUENTES (VI)

### PLUSCUAMPERFECTO

<i>Ser/Ir</i>	<i>Haber</i>	<i>Estar</i>
fora	houbera	estivera
foras	houberas	estiveras
fora	houbera	estivera
fóramos	houbéramos	estivéramos
fórades	houbérades	estivérades
foran	houberan	estiveran
<i>Ter</i>	<i>Facer</i>	<i>Cantar</i>
tivera	fixera	cantara
tiveras	fixeras	cantaras
tivera	fixera	cantara
tivéramos	fixéramos	cantáramos
tivérades	fixérades	cantárades
tiveran	fixeran	cantarán

### EJERCICIOS

- I. Señala en la lectura de esta lección y en la de la anterior los pronombres personales que encuentres.  
 II. Sustituye en las siguientes frases las palabras *en cursiva* o los guiones por los pronombres personales que correspondan:

Ej.: *Nin Xan ni Pedro ofreceron un rancho a san Antonio.*  
*Eles non lle ofreceron un rancho* (cerdo pequeño)...

1. *Pedro*, non pintas nada aquí.
2. *Pepe* non tiña por qué poñerse así.
3. *Maria* estaba moi cansa.
4. — non sei nada.

5. Da esto *a Pedro*.
6. Da esto *a María*.
7. Trai *o libro*.
8. Non quero comé-las *vieiras*.
9. Aquí té-lo *mantelo*.
10. Voume sin sabé-lo *resultado*.
11. Vimos *unha película* (vímosla).
12. Sabemos *quen es* (sabémoslo).
13. Traio esto *pra ti*, *Pedro*.
14. Ven con (*eu*).

III. Forma frases con los tiempos estudiados y con las palabras que aparezcan en la lectura.

IV. Traducir al castellano la lectura.

V. Versión al gallego:

1. La maestra lo pone en la primera fila.
2. No le gustan las matemáticas.
3. El maestro los castigaba.
4. No la tires.
5. Quiero hablarles unas palabritas.
6. Ven a cenar con nosotros esta noche.
7. Cuenta conmigo.
8. Quedó peor que yo.
9. Por la mañana no hay quien la despierte.
10. A Carmen quieren casarla con un muchacho de Vilanova.
11. La esperé en la era (*eira*) (lit. esperéla).
12. No te voy a contar un cuento.
13. Lo contó sin gracia.
14. Tenerlos y no usarlos es como estar sin ellos.
15. Los tienes olvidados (*esquenidos*) (lit. tiéneslos olvidados).
16. Vosotras, ¿qué cenáis?
17. También cuento con tenerlos a ustedes en mi casa un día de estos (*destes*).

VI. Pon en plural las frases anteriores que lógicamente lo admitan.

## VII. Conversación:

¿Ónde vai Lelo tódolos días?  
¿En qué pensa sóio?  
¿Qué fai Lelo na primeira hora?  
¿Qué fai algúñ dos compañeiros de Lelo?  
¿Qué fan os rapaces e rapazas da escola no recreo?  
¿Cándo se fan os problemas?

## TEXTO LITERARIO

Algúns veciños tíñanme preguntado por qué deixara de ir á escola.

- Tanto como che gustaba ler.
- Tan boa memoria que tiñas.
- Xa deprendín todo. Non hai máis pra onde ir —decíalles eu en xoldra pra que calasen.

Hai cousas que non entendo. Tal vez teña que medrar pra entendelas. Cousas que van aparecendo en min, que vou sentindo asegún pasa o tempo. Non sei por qué, pro dame vergoña falar delas na casa.

Lémbrome do día que cheguéi por primeira vez á escola. Levóume miña nai pola man. Don Alfonso, o mestre, apuntou nun papel o meu nome, fixome varias preguntas e sentóume nun banco con outros doux rapaces.

Eu sabía algunas cousas. Conocía a Folla dos cristas e sumaba. Esas pequenas ventaxas gustáronlle a don Alfonso, quen me puxo a estudiar deseguida. Non tardéi en pasarles diante a todos. (...)

É grande a escola, pro está case sempre valdeira. Van poucos rapaces. Ás veces non vai ningún. «Con que adeprendan a poñé-lo seu nome, pra fozar na terra abóndalles», di a xente.

Don Alfonso era ruín. Espricaba pouco e zoscaba arreo. ¡Qué maneira de mallar e turrarnos das orellas! A madriña di que «a

letra con sangue entra», ou sexa, que dá por ben feito o noso amolecimiento a xostregadas.

Moitos rapaces lataban; non iban á escola porque tiñan medo. E porque non entendían o falar de don Alfonso. Disque viñera da Andalucía. A min tamén me costaba entendelo.

Bulía moito e botaba as palabras polo atallo. Pra máis, era roufeño. El tampouco entendía a nosa fala. Por eso se erguía das cuñas, alporizado, e berraba coma se tivera o boubín.

Neira Vilas, *Memorias dun neno labrego*

Ed. do Castro, Coruña 1968, p. 70

## VOCABULARIO

deprendín: aprendí  
xoldra: broma  
lémbrome: me acuerdo  
apuntou: apuntó  
puxo: puso  
deseguida: enseguida  
case: casi  
valdeira: vacía  
fozar: hozar, revolver  
abóndalles: les basta  
zoscaba: pegaba  
arreo: sin interrupción  
mallar: pegar  
turrarnos: tirarnos  
amolecimiento: ablandamiento

xostregadas: golpes dados con una vara flexible  
lataban: faltaban a clase, hacían novillos  
disque: dicen que, se dice que  
viñera: había venido  
bulía: se daba prisa, se apresuraba  
atallo: atajo  
botaba as palabras polo atallo: hablaba atropelladamente  
roufeño: afónico  
erguise das cuñas: se salía de sus casillas  
alporizado: enardecido, exasperado  
berraba: chillaba  
boubín: cierta enfermedad de los gatos y cerdos parecida a la epilepsia

## LECTURA

## Un viaxe

Hoxe pola mañá cediño erguéuse Carme pra ir á Cruña. Ten alí unha amiga e vaina ver pra que lle deixe uns temas de oposiciones. Tivo que ir primeiro á vila e alí collé-lo tren. Cando baixou do coche de línea foise prá estación sacá-lo billete. Non tivo



que gardar vez pois era cedo e en canto abriron a ventanilla e sacou o billete foise á cantina tomar un café con leite. Polas vías andaban ferroviarios traballando.

Ás dez en punto veu o ferrobús, pro non poido saír; según decían no vagón, tiña que agardá-lo cruce co esprés. Pasó brando sin se deter; case ó mesmo tempo, o xefe de estación déulle-la saída. Iban poucos naquel vagón, e non lle deron moito trabalho ó revisor cando pasó a picá-los billetes. Cruzáronse máis adiante cun correo e cun automotor e, sin más novedades, chegaron á Cruña.

O viaxe de volta foi máis rápido, pois fixoo nun coche de línea que non tiña moitas paradas. Tocóulle un asento con ventanilla e lonxe da porta. O cobrador andaba atafegado dando billetes e, de cando en vez, tñíase que subir ó escadín pra dar algúñ bulto dos que iban enriba do coche. A carreteira era boa, asfaltada, menos un cacho no que estaban os lagoeiros amañando foxos, uns kilómetros antes de chegar á vila.

¿Non é verdade que viaxes así fan fervé-lo sangue a un santo?

## VOCABULARIO

viaxe: <i>viaje</i>	deulles: <i>les dio</i>
erguéuse: <i>se levantó</i>	saída: <i>salida</i>
oposicións: <i>oposiciones</i>	naquel: <i>en aquél</i>
vila: <i>ciudad</i>	vagón: <i>vagón</i>
tren: <i>tren</i>	automotor: <i>automotor</i>
baixar: <i>bajar</i>	volta: <i>vuelta</i>
gardar vez: <i>esperar vez, guardar vez</i>	asento: <i>asiento</i>
en canto: <i>en cuanto</i>	lonxe: <i>lejos</i>
abriron: <i>abrieron</i>	cobrador: <i>cobrador</i>
foise: <i>se fue</i>	atafegar: <i>sofocar</i>
traballar: <i>trabajar</i>	de cando en vez: <i>de vez en cuando</i>
dez: <i>diez</i>	escadín: <i>escalera</i>
veu: <i>vino</i>	enriba: <i>encima</i>
poido: <i>pudo</i>	carreteira: <i>carretera</i>
agardar: <i>esperar</i>	cacho: <i>trozo</i>
esprés: <i>expres</i>	lagoeiros: <i>peones camineros</i>
bruar: <i>rugir, zumbar</i>	amañar: <i>arreglar</i>
deterse: <i>detenerse, pararse</i>	foxos: <i>cunetas</i>
xefe: <i>jefe</i>	ferver: <i>hervir</i>
estación: <i>estación</i>	

## PRONOMBRES PERSONALES: FORMAS OBLICUAS SIN PREPOSICIÓN

### 1. CONTRACCIÓN DE VARIOS PRONOMBRES

En caso de que varias formas oblicuas del pronombre personal aparezcan juntas, cosa muy frecuente, se contraen del modo que muestra el siguiente cuadro:

	o	a	os	as
me	<b>mo</b>	<b>ma</b>	<b>mos</b>	<b>mas</b>
che	<b>cho</b>	<b>cha</b>	<b>chos</b>	<b>chas</b>
lle	<b>llo</b>	<b>lla</b>	<b>llos</b>	<b>llas</b>
nos	<b>nolo</b>	<b>nola</b>	<b>nolos</b>	<b>nolas</b>
vos	<b>volo</b>	<b>vola</b>	<b>volos</b>	<b>volas</b>
lles	<b>llelo</b>	<b>llela</b>	<b>llelos</b>	<b>llelas</b>

Como se nota a primera vista, el objeto indirecto **precede** siempre. El significado de cada forma resulta de las significaciones parciales de cada elemento contraído: **mo = me o** (me lo), etc.

**llo** = cast. se lo (a él, a ella), **lla** = se la (a él, a ella), **llelo** = se lo (a ellos, a ellas), **llela** = se la (a ellos, a ellas):

*Dállo* = dáselo (a él, a ella)

*Dállelo* = dáselo (a ellos, a ellas)

### 2. COLOCACIÓN DE LAS FORMAS OBLICUAS DEL PRONOMBRE PERSONAL

A) En la oración simple y en la principal de las subordinadas el pronombre **sigue** al verbo: *Parecéunos algo lonxe* «nos pareció algo lejos»; *díxenllelo ben claro* «se lo dije bien claro».

Pero el pronombre **se antepone** al verbo cuando la oración va introducida:

- a) **Por un adverbio:** *Xa cho decía eu* «ya te lo decía yo»; *moito llelo agradecéu* «mucho se lo agradeció»; *tamén mo parece a min* «también me lo parece a mí».

**IMPORTANTE:** de todos modos algunos adverbios como *hoxe* «hoy», *mañá* «mañana», *onte* «ayer», *entón* «entonces», *despois* «después», *de-nantes* «antes», y algunos más, aunque introduzcan la frase, exigen que las formas oblicuas se pospongan: *hoxe deume unha, mañá hame dar outra* «hoy me dio una, mañana me ha de dar otra».

- b) **Por una conjunción negativa:** *Nin eu llo pedín nin ela mo deu* «ni yo se lo pedí ni ella me lo dio».

- c) **Por un pronombre indefinido, interrogativo, o exclamativo:** *Ninguén nos fixo caso* «nadie nos hizo caso»; *¿qué che pasa?* «¿qué te pasa?»; *¡quén te verá!* «¡quién te verá!».

- d) También se antepone el pronombre en las **oraciones desiderativas**: *Deus llo pague* «que Dios se lo pague»; *un raio te parta* «mal rayo te parta».

B) En la oración subordinada el pronombre **precede** al verbo: *Contóunos que lle fixeran unha trasnada* «nos contó que le habían hecho una diablura»; *ven cando che pareza* «ven cuando te parezca».

Pero si el verbo subordinado es un infinitivo o un gerundio, el pronombre puede colocarse:

- a) **enclítico al verbo principal** (salvadas, claro está, las restricciones señaladas en A a, b, c).  
 b) **enclítico al infinitivo o gerundio.**  
 c) **antepuesto al infinitivo o gerundio**, si existe alguna partícula relacionante entre el verbo principal y el subordinado. Es decir, una frase como «tengo que dártelo» puede traducirse al gallego de todos estos modos:

— *teño que darcho*  
 — *teño que cho dar*  
 — *téñochos que dar*

Solamente **no** es admisible *téñochos que o dar*, porque la fusión de los dos pronombres **no** puede eliminarse.

#### CONJUGACION DE LOS VERBOS MAS FRECUENTES (VII)

PRESENTE DE SUBJUNTIVO			
<i>Ser</i>	<i>Haber</i>	<i>Estar</i>	<i>Ter</i>
sexá	haxá	estea	teña
sexás	haxas	esteas	teñas
sexá	haxá	estea	teña
sexamos	haxamos	esteamos	teñamos
sexades	haxades	esteades	teñades
sexan	haxan	estean	teñan
<i>Facer</i>			
<i>Ir</i>			
<i>Cantar</i>			
faga	vaia	cante	
fagas	vaias	cantes	
faga	vaia	cante	
fagamos	vaiamos	cantemos	
fagades	vaiades	cantedes	
fagan	vaian	canten	

#### EJERCICIOS

- I. Fíjate en los pronombres personales átonos que encuentres en las tres últimas lecciones y justifica su colocación.  
 II. Coloca en el lugar que corresponda los pronombres átonos que se dan entre paréntesis:

1. A min da por facer esto, a ti da por facer outra cousa (*me, che*).
2. Nada fixo cambiar (*lle*).
3. ¿Qué pasa? (*che*).
4. Poucos saberán tan ben (*o*).
5. Sempre tiven lei (*lle*) (lei = fam. *cariño, afecto*).
6. Hoxe traemos o encargo (*che*).
7. Quizáis venda a bon precio (*nos o*).
8. Tamén eu teño visto moitas trasnadas (*lle*).
9. Non fagas moito caso (*me*).
10. Collín medo (*lle*) (collín = *cogi*).
11. Digo eu (*che o*).
12. Deus pague (*lle o*).
13. Un raio parta (*te*).
14. Aínda has de levar no colo ó San Cosme (*me*).
15. Así Deus leve (*me*).
16. Levamos ás mans (*o*) (ás mans = *a mano*).
17. Sei de boa tinta (*o*) (sei = *sé*).
18. Nin eu pedín nin ela deu (*lle o, me o*).
19. Ningún preguntóu por ela (*nos*).
20. ¿Cómo vai? (*vos*).
21. ¿Cánto quere pola vaca? (*me*).
22. ¡Quén dera a min! (*me as*).
23. Mañá acabamos ben a gusto (*o*).
24. ¡Qué de botica sirvan! (*lle*) (botica = *medicina*).
25. O domingo que vén volvemos traer (*te*).
26. Quizáis que consiga (*che o*).
27. Xa parecía a min (*me*).
28. Outro dará (*lle o*).
29. Vin facer unha visita (*lles*).
30. Anda rondando (*a*).
31. Tes que facer (*o*).
32. Tes que facer (*nos o*).

33. Cánto quería eu a aquel fillo (*lle*).
34. A algúns obrigaba a novas posturas (*os*).
35. Levo ano e medio a Xan (*lle*).
36. Onte vimos pasar (*a*).

III. Forma frases con los tiempos de los verbos estudiados y palabras aparecidas en el texto de esta lección.

IV. Traduce al castellano la lectura.

V. Versión al gallego:

1. Te llamé hoy por la mañana.
2. Le conté un cuento.
3. Aún no me dijo nada.
4. Le enseñamos nuestra casa.
5. Se la enseñamos toda.
6. Se los tengo guardados.
7. Ayer lo llamé por teléfono para decírselo.
8. Te esperamos para cenar.
9. ¡Cuántas veces te lo dije!
10. Dámelo. Si no me lo das que te aproveche.
11. Te vas a acordar de mí.
12. Dáselo (a ellos). Si no se lo das que te aproveche.
13. ¡Hazlo!
14. Lo llevó.
15. La llamé.
16. Fue a verlo.

VI. Con las mismas frases, sobre la traducción, pon los pronombres en plural. Ej.: 1. *Chaméite hoxe pola mañá* — *Chaméivos hoxe pola mañá*.

VII. Subordina las oraciones que siguen una a otra:

Ej.: *Fixéralles unha trasnada. Contounolo.*  
*Contónunos que lles fixera unha trasnada.*

1. Mándocho. Faino.
2. Deixárono alí. Mandéillelo eu.
3. Hannos de axudar. Non ha de faltar quen.
4. O home tirábanos pedras. Estaba algo tolo.
5. Éralle tarde xa. Díxonolo.

3. Habíanme ter que levar nun coche. Penséi eu.
7. O viño perxudícache os negocios. Deixa os negocios.
9. Foi. Non o chamara ninguén.
10. Amólasme. Non paras.
11. Vin. Fíxenlle unha visita.
12. Quería verme, dixo.
13. Fíxonos un carro. Pouco tardou.

VIII. Conversación:

- ¿Qué fixo Carme cediño?  
 ¿A qué vai á Cruña?  
 ¿Qué fixo ó baixar do coche de línea?  
 ¿Cómo pasou o esprés?  
 ¿Por qué foi máis rápido o viaxe de volta?  
 ¿Qué fai o revisor do coche de línea?  
 ¿Qué tal está a carreteira?

#### TEXTO LITERARIO

##### O VELLO QUE QUERÍA VÉ-LO TREÑ

Eran dalá da montaña... Dunha desas aldeas de nome bravo e silvestre que repousan perdidas entre calados cumios. ¡Longo viaxe fixeran —no rexo carro de bois, que rinchaba, xemía e daba tombos polos agres camiños montesíos— pra lle dar comprimento ó antoxo do vello!

Moitico tempo tivera segredo aquel desexo. Un día, coa mímica cortedade dun neno que pide unha lambetada posta, como nun altar, nos máis altos andeles do almario, o abó, tatezáu o seu capricho. El nunca vira o tren.

El non quería morrer sin vé-lo tren. A filla e o xenro riron boamente daquela tolería. O probe do vello, non tiña volta, estaba xa un pouquiño lelo. ¡Pasaba a vía tan lonxe! E endemais, ¿qué demos lle importaba ós seus anos vé-lo tren? En troques, o neto púxose da parte do abó. E petóu testarudo cos zoquiños no chan. ¡Eu quero vé-lo tren! ¡Eu quero vé-lo tren! (...)

¡Alí viña xa o tren, unha raiola de mostros ben mandados, co capitán de ferro ó frente! ¡Medraba, medraba!

Salaos de condanado, cichos brancos, topadas, trasacordos, e deseguida todo ficou en gran silencio diante dos ollos aglaiados dun labrego vello e dun neno que aquel día estrenara uns zoquiños novos. Foi sóio un pequeno intre de repouso. Non baixou ningún viaxeiro. Cáseque ningún asomou ás ventaniñas. Subiron moi apresa nun coche de terceira dúas mulleres atrancadas de cestos, más torpes canto máis espavorecidas polo apremio. O tren parecía sofrí-la impertinencia das moitas cortesías cando se está con presa. E fuxiu de novo, cheo de indiferencia, como pra non se lembrar más do probe apeadeiro apodrecido.

Rafael Dieste, *Dos Arquivos do Trasno*  
Ed. Galaxia, Vigo 1962, p. 54

### VOCABULARIO

reposar: <i>reposar</i>	lelo: <i>ido</i>
cumios: <i>cumbres</i>	endemáis: <i>además</i>
longo: <i>largo</i>	en troques: <i>por el contrario</i>
rexo: <i>recio, fuerte</i>	petar: <i>golpear</i>
bois: <i>bueyes</i>	raiola: <i>rayo (de sol)</i> . Aquí utilizado en sentido metafórico
rinchar: <i>cantar el carro, chirriar</i>	mostros: <i>monstruos</i>
tombos: <i>tumbos</i>	salaos: <i>suspiros</i>
agres: <i>agrestes</i>	cicho: <i>chorro</i>
montesíos: <i>montañosos</i>	topadas: <i>encuentros</i>
comprimento: <i>cumplimiento</i>	trasacordos: <i>cambios de idea</i>
antoxo: <i>antoxo, deseo</i>	ficar: <i>quedar</i>
segredo: <i>secreto</i>	aglaiados: <i>asombrados</i>
desexo: <i>deseo</i>	intre: <i>momento</i>
andeles: <i>anaqueles</i>	espavorecidas: <i>despavoridas</i>
almario: <i>armario</i>	fuxir: <i>huir</i>
tatexar: <i>tartamudear</i>	probe: <i>pobre</i>
tolería: <i>locura</i>	apodrecido: <i>podrido</i> (aquí con el sentido de poca importancia, de mal aspecto)
ter volta: <i>tener remedio</i>	

### LECTURA Oficios e profesións

Na casa de Souto houbo obra aló por maio. O ano pasado chovéulles nela e hogano non queren pasar unha invernía semeillante.



— Como hai que facer obra, dixo don Antón, ímoslle dar unha volta a todo.

— Ás casas vellas non che lles van nada ben as reformas— sentenciou dona Rosario—. Se me fas caso a min, facemos unha

casa nova onde tiñámo-la eira, e deixamos ésta. Ademais, ¿onde nos metemos mentres tanto?

Don Antón non oíu ás xordas. Ó outro día marchou á Cruña pra falar cun arquitecto, amigo del, que lle fixera os planos, e de paso enteirarse dun construtor de confianza que traballase a concencia.

— Deso hai pouco —dixolle o arquitecto—. Pro sendo pra un amigo... Fala con «Construccións Roxo». Conozco eu ó inxenieiro asesor e ó aparellador. Son xente preparada. Os materiales que usan son de primeira.

Dalí a poucos días puxeronlle os cimentos. Nunhas semás estaban as paredes rematadas. Os canteiros fixeran un traballo lucido.

Pro antes de vé-la casa cuberta inda pasaron uns días. Como non hai serrerías mecánicas perto de Vilanova, tiveron que chamar uns serradores portugueses que andaban por alí, que usaban serra de man, e levóullles moitos días labrá-la madeira.

Mentres tanto, os albañiles iban traballando por dentro. Levantaban tabiques, daban masas, e colocaban a baldosa e o azulexo. Tras deles viñan o eletricista e o fontaneiro, instalando luz e auga.

Don Antón viña de cada pouco pola obra. Sempre lle gustaba botar unhas parrafadas cos oficiais.

— Esta obra dáme máis labor —decía—, anque non poño unha pedra, cá mesma consulta. Que se notario, que se rexistrador, que se darte de alta nunha oficina, que se de baixa noutra. E non podes pasar por menos, se non, cando te descoidas, tes aquí un alguacil cun oficio do alcalde, ou a parella da garda civil con orde do xuez de que se hai que persoar no xuzgado. ¡Dou ó demo tanta lei e quen a inventa!

Con papeles ou sin eles, a casa estaba case acabada. Faltaban as portas, pro xa estaban os capinteiros con elas entre mans.

— Polo San Mateo ten a chave na man— decíalle o construtor.

Como queira que a casa se acabou pró San Mateo, don Antón quíxolle facer un ramo por todo o alto. Estaba moi obrigado dos veciños de Vilanova e quixo facer unha festa na que participasen todos.

— Quero que sexa unha festa de pote —dixo—. A gaita soia non farta.

E así foi. Encargóulle ó panadeiro unha chea de empanadas, e mandóulle á pulpeira cocer unha caldeirada de pulpo. O tendeiro de Vilanova puxo o viño.

Naturalmente, non faltou o gaiteiro, que en festas así é obrigado. Abófe que repenicaba ben. Facía bailar a un morto. E, se non, que o diga o muíñeiro, que non parou de valsear coa costureira. Era unha risa. Tamén se encheron de bailar o veterinario e a boticaria, o xastre e a lavandeira, o zapateiro e a tecelá, o ferreiro e a leiteira. E non bailou o señor abade por aquelo da coroa.

## VOCABULARIO

obra: <i>obra</i>	inxenieiro: <i>ingeniero</i>
aló: <i>allá</i>	aparellador: <i>aparejador</i>
maio: <i>mayo</i>	dalí: <i>de allí</i>
chovéullles: <i>les llovió</i>	puxeronlle: <i>le pusieron</i>
hogano: <i>este año</i>	cimentos: <i>cimientos</i>
queren: <i>quieren</i>	cuberta: <i>cubierta</i>
semellante: <i>semejante</i>	perto: <i>cerca</i>
reformas: <i>reformas</i>	serradores: <i>serradores</i>
eira: <i>era</i>	serra: <i>sierra</i>
oir ás xordas: <i>hacer que no se oye</i> (non oir ás xordas: <i>aceptar de inmediato</i> )	azulexo: <i>azulejo</i>
ó outro día: <i>al día siguiente</i>	deles: <i>de ellos</i>
conciencia: <i>conciencia</i>	fontaneiro: <i>fontanero</i>
deso: <i>de eso</i>	rexistrador: <i>registrator</i>
arquitecto: <i>arquitecto</i>	podes: <i>puedes</i>
construccións: <i>construcciones</i>	parella: <i>pareja</i>
conozo: <i>conozco</i>	orde: <i>orden</i>
	xuez: <i>juez</i>

persoarse: *personarse*  
 xuzgado: *juzgado*  
 demo: *demonio*  
 lei: *ley*  
 eles: *ellos*  
 carpinteiro: *carpinteros*  
 chave: *llave*  
 como queira que: *como quiera que*  
 festa: *fiesta*  
 sexa: *sea*  
 festa de pote: *fiesta de olla, con comida*  
 fartar: *hartar*  
 panadeiro: *panadero*  
 chea: *gran cantidad*  
 pulpeira: *pulpera*  
 cocer: *cocer*

caldeirada: *calderada*  
 tendeiro: *tendero*  
 viño: *vino*  
 gaiteiro: *gaitero*  
 abofé: *ciertamente*  
 repenigar: *florear*  
 morto: *muerto*  
 muiñeiro: *molinero*  
 costureira: *costurera*  
 xastre: *sastre*  
 lavandeira: *lavandera*  
 zapateiro: *zapatero*  
 tecelá: *tejedora*  
 ferreiro: *herrero*  
 leiteira: *lechera*  
 coroa: *corona*

### USO DE CHE Y TE

Uno de los escollos mayores del gallego para aquellos que lo aprenden, teniendo como lengua base el castellano, es el uso correcto de las formas oblicuas de segunda persona **che** y **te**, que como es sabido, equivalen a la única forma castellana «**te**».

1. **te** se emplea siempre que haga oficio de complemento directo: *Esperéite tres horas* «te esperé tres horas»; *collínte aquí polos pelos* «te cogí aquí por poco».

Si el verbo es reflexivo, exigirá siempre **te** (véase abajo): *Levántate; non te esquenzas* «no te olvides»; *vaite de aquí* «vete de aquí».

2. **che** se empleará siempre que se trate de un complemento indirecto: *Tróuxenche un libro* «te traje un libro»; *que che vaia ben* «que te vaya bien»; *¿qué más che dá?* «¿qué más te da?; *séntache ben este abrigo* «te sienta bien este abrigo».

### REGLA PRACTICA

Para aquellos hablantes que en castellano hacen distinción entre **le** y **lo** (que se corresponden como vimos en la lección VI al gallego **lle** y **o**) he aquí una regla práctica para saber si deben usarse **che** o **te**. Consiste en sustituir el pronombre de segunda por uno de tercera persona. Hecha esta sustitución, a **lle** «**le**» corresponderá **che** y a **o** «**lo**» corresponderá **te**. Veamos un ejemplo concreto. Si queremos traducir al gallego «**te** esperamos para comer» podríamos dudar entre las dos posibilidades: «*esperámosche pra xantar*» o «*esperámoste pra xantar*». Sustituiremos entonces en la frase el pronombre **te** por uno de la tercera persona: «**lo** esperamos para comer» o en gallego «*esperámolo pra xantar*». Aplicando la equivalencia dicha **o** = **te**, la solución será por tanto «*esperámoste pra xantar*».

### PRONOMBRE REFLEXIVO

Viene a coincidir formal y funcionalmente con el castellano.

FORMAS ÁTONAS		FORMAS TÓNICAS (tras preposición)
me	nos	
te	vos	
se	se	si, consigo

*Cada un paga por si* «cada uno paga por sí»; *iba falando consigo* «iba hablando consigo»; *non te enfades* «no te enfades».

En cuanto al uso existe una diferencia importante con respecto al castellano. El reflexivo de interés **no existe** en gallego. Por tanto frases como «**me** comí un par de huevos», «**tú te** lo mereces», «**se** merece unos azotes», etc., habrá que traducirlas

al gallego eliminando el reflexivo: *Comín un par de ovos, merécelo, merece uns azoutes.*

### CONJUGACION DE UN VERBO REFLEXIVO

#### FORMA AFIRMATIVA

quéixome	non me queixo
quéixaste	non te queixas
quéixase	non se queixa
queixámonos	non nos queixámos
queixádesvos	non vos queixades
quéixanse	non se queixan
(vostede) quéixase	(vostede) non se queixa
(vostedes) quéixanse	(vostedes) non se queixan

#### FORMA NEGATIVA

IMPORTANTE: La colocación del pronombre reflexivo oblicuo sin preposición está sujeta a las mismas normas que los demás pronombres (vid. lec. 8).

### CONJUGACION DE LOS VERBOS MAS FRECUENTES (VIII)

#### IMPERFECTO DE SUBJUNTIVO

<i>Ser/Ir</i>	<i>Haber</i>	<i>Estar</i>	<i>Ter</i>	<i>Facer</i>	<i>Cantar</i>
fose	houbese	estivese	tivese	fixese	cantase
foses	houbeses	estiveses	tiveses	fixeses	cantases
fose	houbese	estivese	tivese	fixese	cantase
fósemos	houbésemos	estivésemos	tivésemos	fixésemos	cantásemos
fósedes	houbésedes	estivésedes	tivésedes	fixésedes	cantásedes
fosen	houbesen	estivesen	tivesen	fixesen	cantasen

### EJERCICIO

- I. Sustituye en el texto todos los pronombres átonos de tercera persona por *che* o *te*, según corresponda.  
Ej.: *O ano pasado chovéulles nela, o ano pasado chovéuche nela.*
- II. Sustituye en las siguientes frases los guiones por los pronombres *che* o *te*, según corresponda.
  1. ¿Qué más — da?
  2. Ven — con nos.
  3. Esperámos — pra xantar.
  4. ¿Quén — o dixo?
  5. Traio — este libro.
  6. Se — atopo (*encuentro*) no camiño non — ha de valer non quero.
  7. Levantaches — xa?
  9. Vai — deitar.
  9. Entendo — moi ben o que falas.
  10. Ha — pesar deso.
  11. Non — cases cun ferreiro.
  12. Hei — levar ó San Andrés.
  13. Non — escondas de min.
  14. Deso ha — de pesar.
  15. Quería — perguntar qué mal — fixen eu.
  16. ¡Sáca — me de diante!
  17. Esperéi — tres horas.
  18. Trouxen — este libro de Madrí.
  19. Non — engañes.
  20. Quen — mandou cantar, meu abade, quen — mandou cantar que pague.
  21. Pouco — queda do que — deixou o tío.
  22. Hei — de levar á feira.
  23. Presto — este libro.
  24. Estou cheo de decir — que — portes ben.
  25. Tiña moita gana de ver—.
  26. Tiña moita gana de ver— o neno.

- III. Repaso. Sustituye en el ejercicio anterior los guiones por las formas de cortesía: *lle*, *o* (adaptando los verbos si es necesario). Ej.: *Qué más lle dá.*

IV. Forma frases con las formas verbales estudiadas y palabras que aparezcan en la lectura.

V. Traduce al castellano la lectura.

VI. Versión al gallego:

1. Aquí mismo te dejo.
2. Te voy a hacer heredero de mis bienes.
3. Te mando mi corazón  
con una llave para abrirla.  
Ni yo tengo más que darte,  
ni tú más que pedirme (Rosalía).
4. Te compro el caballo.
5. No te hago caso.
6. Antes que te cases mira lo que haces.
7. No te apures. Allí no te encuentran aunque te vayan a buscar.
8. Te lo oyó muchas veces.
9. ¿Te acuerdas de cuando te regalé la pluma?
10. Te digo que no te engaño.

VII. Sustituye en el ejercicio anterior los pronombres de segunda persona familiares por los de cortesía y da otra vez la versión gallega de cada frase.

Ej.: ¿Se acuerda de cuando le regalé la pluma?

¿Acórdase de cando lle regalé a pluma?

VIII. Conjugar en forma afirmativa y negativa: *amolarse* «fastidiarse».

IX. Conversación:

- ¿Por qué se decidiron a facer obra os Souto?  
¿Qué pensou D. Antón na primeira?  
¿Qué lle dixo dona Rosario?  
¿Qué fixo despóis don Antón?  
¿Qué lle dixo o arquitecto?  
¿Qué pasou coas madeiras?  
¿De qué se queixaba don Antón cos oficiales?  
¿Por qué fixeron unha festa tan grande?  
¿Qué parellas che fixeron máis gracia no baile?

## TEXTO LITERARIO

Fallan nesta lista o arqueólogo, o sicólogo, o exiptólogo, o xeólogo, o astrólogo, o etnólogo, o endocrinólogo, o minerólogo, o asiriólogo, o fisiólogo, o lexicólogo, o biólogo, o paidólogo, o bacteriólogo, o frenólogo, o ontólogo, o hitólogo, o otorrinolaringólogo, o epistemólogo, o bacteriólogo, o fenomenólogo, o sicopatólogo, o radiólogo, o odontólogo, o zoólogo, o paleontólogo, e o teratólogo.

Estes todos e os outros do principio, do medio e da fin da lista, eran os sobreviventes do pasado, pálidas pantasmas doutro tempo, ánimas en pena, cazadores de musarañas, ollando próximos briosbardos e papando a mosca como pasmóns, lacazáns respetables precisos pró decoro das nacións, mantidos coas sobras coma os gatos durmientes que fan a rosca nos sofás das solteiras vellas e beatas, e que soñaban que estaban criando o Futuro, cando o que facían era estar esquecendo a fala dos viventes que xa non lles dan tino.

Esto era o que sabía e calaba o Dr. Alveiros, namentras o Aser das Airas espricaba:

— Así coma hoxe os fillos dos antigos señores —os fidalgos— sirven ós novos señores —os tendeiros— mañá os fillos dos antigos e dos novos señores han servir ós señores do día aquel —os proletarios—.

Vicente Risco, *O Porco de Pé*  
Ed. Nós, A Cruña 1928, p. 76-77

## VOCABULARIO

fallar: <i>faltar</i>	fala: <i>habla</i>
pantasmas: <i>fantasmas</i> (de género feminino)	xa non lles dan tino: <i>ya no les importa, ya no les hacen caso</i>
briosbardos: <i>seres imaginarios</i>	calar: <i>callar</i>
lacazáns: <i>haraganes</i>	namentras: <i>mientras</i>
mantidos: <i>mantendidos</i>	fidalgos: <i>hidalgos</i>
esquecer: <i>olvidar</i>	

## LECTURA

## No restaurante

Cando lle chegou o xiro a Carlos, o compañeiro de pensión de Enrique, gardou tódolos cartos nunha carteira que meteu no peto de atrás do pantalón. Aquel día no autobús desaparecélle



a carteira, e anque tivo a sorte de que lla devolveran, papóu un gran susto. Pra celebralo, Carlos convidou a Remedios, Mercedes e Enrique a cear na «Casa Toxilde», unha especie de restaurante de segunda.

Sentáronse os catro nunha mesa e deseguida chegou o camaréiro coa carta. Carlos léuna en alto:

## ENTREMESES-SOPAS

Sopa .....	15 pts.
Caldo galego .....	20 pts.
Consomé ó ovo .....	15 pts.
Ración de ameixas ...	35 pts.
Ración de mexillóns ...	30 pts.
Fiambres .....	40 pts.
Gambas ó alho .....	40 pts.
Espárragos con maionesa	40 pts.
Calamares fritos .....	35 pts.
Calamares na súa tinta	35 pts.
Leituga .....	15 pts.
Pulpo ó alho .....	35 pts.
Pulpo estilo feira .....	35 pts.
Pimentos .....	15 pts.
Ensaladilla .....	15 pts.
Fabada asturiana .....	45 pts.

## CARNES-OVOS-PEIXES

Polo asado .....	40 pts.
Carne asada .....	56 pts.
Tortilla de espárragos..	35 pts.
Tortilla de xamón ...	40 pts.
Tortilla de chícharos...	35 pts.
Ovos á flamenga .....	35 pts.
Ovos ó prato .....	35 pts.
Pescada frita .....	55 pts.
Pescada á cazola .....	55 pts.
Pescada á galega .....	55 pts.
Pescada á vinagreta ...	60 pts.
Pescadillas enroscadas..	40 pts.
Lenguado meunier ...	70 pts.
Lenguado frito .....	70 pts.

## POSTRES

Piña .....	15 pts.
Melocotóns .....	15 pts.
Queixo .....	15 pts.
Flan con nata.....	25 pts.
Froita do tempo.....	15 pts.
Xelado .....	20 pts.
Pan .....	3 pts.
Viño Ribeiro branco...	20 pts.
Viño Ribeiro tinto.....	20 pts.
Ribeiro especial .....	40 pts.
Clarete corrente .....	20 pts.

## CARNES-OVOS-PEIXES

Bistés de raxo .....	50 pts.
Bistés de tenreira .....	50 pts.
Costelas .....	50 pts.
Lingua con tomate ...	40 pts.
Riles ó xerez .....	40 pts.
Cocido especial da casa	50 pts.
Orella (ración) .....	30 pts.
Fígado (ración) .....	40 pts.
Roxóns (ración) .....	35 pts.
Callos .....	40 pts.

O camareiro, namentres, íballes poñendo os pratos, os coitelos, as pás, os tenedores, as culleres, os vasos e as servilletas.

— Se queren caldo ou sopa, tráiolles un prato fondo, se non, os dous chás supono que lles chegarán.

— ¿De qué está feito o caldo galego? —preguntó Mercedes.

— De moitas cousas: unto, pata de cocho, algo de cachola, algo de xarrete de vaca; eso pra lle dar gusto. E logo ten grelos, fabas, patacas: coma o caldo da casa.

— Pois eu quero un caldo e bistés de raxo —dixo Mercedes.

— Eu tamén —dixo Carlos.

— Pra min traia un consomé ó ovo e un cocido especial —pedíu Enrique, que pasa máis fame na pensión ca un raposo.

— Eu prefiro un caldo de primeiro e unhas pescadillas enrosadas de segundo —dixo Remedios.

— ¿E de postre?

— De postre tráianos a todos flan con nata —dixo Enrique, facendo de portavoz oficial.

— ¿Viños?

— Ribeiro branco.

— A min o tinto non che me disgusta —dixo Mercedes.

— Pois un día é un día; traia dúas botellas de branco e dúas de tinto, e un bo molete de pan de Santiago.

A comida non tardou moi, así que se puxeron os catro axiña moi ledos (polo viño) e contentos (de estar fartos). O café decidiron tomar nun dos cafés do Ensanche, e alí os rapaces completaron a festa tomado unhas copas de coñá.

— ¿Estando catro non imos ir a unha sala de festas? —dixo Carlos de súpeto, coma se non fose unha das cousas que xa argallaran el e Enrique na casa.

— Cai de caixón —dixo Enrique.

E alí os temos no «Tebras», bailando coma parafusas, despóis de pedir eles uns whiskys e as rapazas uns «gin con laranxada».

Pro, ó cabo, a festa non remató tan ben pra Enrique coma os rapaces coidaban, pois, anque Carlos e Remedios acabaron

algo amarteladiños, Mercedes non se animou, porque lle quería gardar ausencias ó seu mozo Xosé María.

## VOCABULARIO

xiro: <i>giro</i>	pescada: <i>merluza</i>
compañeiro: <i>compañero</i>	cazola: <i>cazuela</i>
gardar: <i>guardar</i>	melocotóns: <i>melocotones</i>
cartos: <i>dinero</i>	queixo: <i>queso</i>
carteira: <i>cartera</i>	froita: <i>fruta</i>
peto: <i>bolsillo</i>	ribeiro: <i>ribero</i>
desaparecéulle: <i>le desapareció</i>	corrente: <i>corriente</i>
anque: <i>aunque</i>	namentres: <i>entre tanto</i>
papar un susto: <i>llevar un susto</i>	prato fondo: <i>plato sotero</i>
convidar: <i>invitar</i>	se non: <i>si no</i>
especie: <i>especie</i>	chans: <i>llanos</i>
catro: <i>cuatro</i>	supongo: <i>supongo</i>
nunha: <i>en una</i>	cocho: <i>cerdo</i>
deseguida: <i>enseguida</i>	cachola: <i>cabeza</i>
camareiro: <i>camarero</i>	xarrete: <i>corvejón</i>
ovo: <i>huevo</i>	patacas: <i>patatas</i>
ración: <i>ración</i>	fabas: <i>habas</i>
ameixas: <i>almejas</i>	raposo: <i>zorro</i>
mexillóns: <i>mejillones</i>	prefiro: <i>prefiero</i>
allo: <i>ajo</i>	engaiolante: <i>cautivadora</i>
leituga: <i>lechuga</i>	branco: <i>blanco</i>
pimentos: <i>pimientos</i>	molete: <i>hogaza</i>
bistés: <i>bistecs</i>	axiña: <i>rápidamente</i>
raxo: <i>lomo</i>	ledos: <i>alegres</i>
tenreira: <i>ternera</i>	fartos: <i>hartos</i>
costelas: <i>costillas</i>	decidiron: <i>decidieron</i>
lingua: <i>lengua</i>	cafés: <i>cafés</i>
riles: <i>riñones</i>	coñá: <i>coñac</i>
xerez: <i>jerez</i>	de súpeto: <i>de repente</i>
figado: <i>hígado</i>	fose: <i>fuese</i>
roxóns: <i>chicharrones</i>	argallar: <i>organizar, planear</i>
polo: <i>pollo</i>	caixón: <i>cajón</i>
xamón: <i>jamón</i>	tebras: <i>tinieblas</i>
chicharos: <i>guisantes</i>	laranxada: <i>naranjada</i>

parafusa: *torcedor de la lana / taladro que usan los afiladores.*

gardar: *guardar*  
ausencias: *ausencias*

## 1. FORMA PRONOMINAL DE INTERES

A) Un uso muy frecuente en el gallego coloquial es el de un **che**, llamado de solidaridad. Si queremos traducir una frase castellana como «no les hago caso», podremos hacerlo literalmente «*non lles fago caso*». Pero si queremos interesar a nuestro interlocutor vivamente en el hecho, darle una participación afectiva intensa, dispensarle una familiaridad especial, diríamos: «*non che lles fago caso*». Veamos otros ejemplos:

*dóicheme ben a cabeza* «me duele bastante la cabeza».  
*Dóichelle ben a cabeza* «de duele bastante la cabeza».  
*Este rapaz éche o demo* «este muchacho es un diablo».  
*Estes rapaces sonche o demo* «estos muchachos son el diablo».  
*Non che teño vagar* «no tengo tiempo libre».

B) Si nuestro interlocutor merece el tratamiento de «*vostede*», el pronombre de solidaridad será, naturalmente, **lle**:

*Dólleme ben a cabeza* «me duele bastante la cabeza».  
*Haille moito que ver* «hay mucho que ver».

C) Si los interlocutores son varios, los pronombres de solidaridad serán **vos** (tratamiento familiar) y **lles** (de cortesía):

*Poñíavos medo / Poñíalles medo* «daba miedo».  
*¡Cánto vos leva padecido! / ¡Cánto lles leva padecido!* / «¡Cuánto lleva padecido!».  
*Non vos teño vagar / Non lles teño vagar* «no tengo tiempo libre».

**IMPORTANTE:** No puede aparecer dos veces el mismo pronombre referido a un solo verbo. Así, *doiche a cabeza, doille a cabeza, doi-vos a cabeza*, no admiten el pronombre de interés. Es decir, son inadmisibles frases como *doicheche a cabeza, doillelle a cabeza, doi-vos-vo-la cabeza*.

Como se notará por las traducciones de los ejemplos dados, el pronombre de solidaridad es intraducible al castellano, al menos literalmente.

## 2. ENCUENTRO DE MAS DE DOS PRONOMBRES ATONOS

De lo que acabamos de ver se deduce que muchas veces podrán encontrarse hasta, por lo menos, tres pronombres átonos juntos, contando con la forma pronominal de interés. Por lo tanto:

PROCLÍTICOS				
	mo, -a, -os, -as	llo, -a, -os, -as	nolo, -a, -os, -as	llelo, -a, -os, -as
che	che mo, che ma che mos, che mas	che llo, che lla che llos, che llas	che nolo, che nola che nos, che nolas	che llelo, / -a che mos, che mas
lle	lle mo, lle ma lle mos, lle mas		lle nolo, lle nola lle nos, lle nolas	

ENCLÍTICOS				
che	-chemos, chema -chemos, -chemas	-chello, -chella -chellos, -chellas	-chenolo, -chenola -chenolos, -chenolas	-chellelo, / -a -chellelos, / as
lle	-llemo, -llema -llemos, -llemas		-llenolo, -llenola -llenolos, -llenolas	

Ejemplos:

*Non che mo quixo dar* «no me lo quiso dar»  
*Non che ma quixo dar* «no me la quiso dar» etc.  
*Déuchemo* «me lo dio»  
*Déuchema* «me la dio»  
*Déuchenolo* «nos lo dio»  
*Déuchenola* «nos la dio»

CONJUGACION DE LOS VERBOS MAS FRECUENTES (IX)

IMPERATIVO				
<i>Estar</i>	<i>Ter</i>	<i>Facer</i>	<i>Cantar</i>	
está	ten	fai	canta	
estade	tede	facede	cantade	
<i>Dicir</i>				
IND. PRESENTE	IMPERFECTO	PERFECTO	PLASCUAMPERFECTO	
digo	decía	dixen	dixeram	
dis	decías	dixeches	dixeras	
di	decía	dixo	dixeram	
decimos	deciamos	dixemos	dixeram	
decides	deciades	dixéchedes	dixerades	
din	decían	dixerón	dixeran	
FUTURO	FUT. HIPOT.	SUBJ. PRES.	IMPERF.	IMPERATIVO
diréi	diría	diga	dixese	di
dirás	dirías	digas	dixeses	decide
dirá	diría	diga	dixese	
diremos	diríamos	digamos	dixésemos	
diredes	diríades	digades	dixésedes	
dirán	dirían	digan	dixesen	

EJERCICIOS

- I. Señala en las lecciones 5 y 8 los dativos de solidaridad que encuentres.

II. Intercala un *che* de solidaridad donde corresponda:

1. Non sei nada.
2. Estou aquí esquencido de todos.
3. Éme imposible ir.
4. ¡Quén me dera ir aló!
5. Xa estaba eu con esas.
6. Mentre estamos aquí, comamos e bebamos ben.
7. Porque esta vida non é pra chegar a vellos.
8. Tendo que comer, non é dó (*da pena*) deles.
9. Era un homón (*hombrón*) que metía medo.
10. Estou baldadiño dos cadrís.
11. Ben sei eu quén é.
12. Queríase botar a dentadas (*dentelladas*) a nós.
13. É ben raro eso.
14. Falta me fai.
15. Non nos deixou unha cadela.
16. Era moi ruín.
17. Metía medo ver aquelo.
18. Tiña uns cornos así de grandes.
19. Estaba algo ben a festa aquela.
20. Aquelo era pra asustar a calquera.
21. ¡Máis canso (*cansado*) do que estaba eu daquela!
22. Era dino (*digno*) de ver.
23. Dende aquela ando polo mundo adiante.

III. Intercala un *lle* de solidaridad en las mismas frases anteriores.

IV. Intercala un *vos* de solidaridad, cuando sea posible, en las mismas frases.

V. Intercala un *lles* de solidaridad en las mismas frases, si es posible.

VI. Tres pronombres átonos. Intercala un *che* donde corresponda:

1. ¡Quén ma dera a min!
2. Non mo quixo decir.
3. Tróuxomos todos.
4. Non nolo quixo dar.

5. Déunolo de boa gana.
6. ¡Cánto nolo agradecéu!
7. Inda ben non nolas dera cando xa nolas volvén a pedir.
8. Dígollo eu se queres.
9. Esta chaqueta non lla dou asentada.
10. Non llela volvo a encomendar.
11. Sacáballelos mesmo da boca.
12. Ben que llelas agradecín.
13. O demo llelas confunda todas.

VII. Intercalar en las mismas frases del ejercicio anterior un *lle* de respeto, cuando sea posible.

VIII. Traduce la lectura al castellano.

IX. Versión al gallego (usa el dativo de solidaridad, cuando sea posible):

1. No me gusta la sopa.
2. Las almejas son lo que más me gustan.
3. Comimos allí unos mejillones de primera.
4. La lechuga es de la que sembramos nosotros.
5. Los pimientos este año se nos estroppearon (*estragaron*).
6. Ya que me parecía a mí que no había chicharrones.
7. Le echaron bastante sal al hígado.
8. Este cuchillo me lo hizo el herrero de Vilanova.
9. Esta cuchara está bien sucia.
10. Mirad, en acabando, vamos a un club y bailamos hasta las doce de la noche.

X. Conversación:

- ¿Qué lle pasó a Carlos?  
 ¿Qué fixeron ó atoparen a carteira?  
 ¿Con qué utensilios se come e sirve a comida?  
 ¿De qué se fai o caldo?  
 ¿Qué che gusta máis da carta da «Casa Toxilde»?  
 ¿Cómo acabou a festa?

## TEXTO LITERARIO

### AS PERDICES DO CONVITE

Salíu un ferreiro un día de caza e matóu dúas perdices. Cando viña de volta prá casa encontróuse co señor cura da parroquia e díxolle se llas vendía.

O ferreiro contestóulle que non. O que lle podía facer era invitalo a comelas, se lle tiña unha misa. O cura aceutóu. Chegóu coas perdices á casa e mandóu á muller que as arreglase mentres el iba á misa; despóis tamén había de ir o crego a axudalas a comer, que tamén lle tiña a misa pola almiña dos difuntos da casa. Cando a muller tiña as perdices arregladas chegóu á cociña unha comadre, e dixolle:

— Comadriña, ¿qué ten no pote que ole tan ben?

— ¿E qué hei de ter? Caldo de berzas con unto vello, e por eso cheira tan ben.

A outra non se conformóu e destapóu o pote. Ó ver que eran perdices, díxolle que debían probalas pra saber se estaban boas.

— Non pode ser, porque ven o señor abade axudar a comelas.

— Probémolas, comadriña, que lles han de chegar a abondo.

Cando acabaron unha, como sabía ben, comerón a outra que quedaba.

Ó que marchóu a comadre, chegóu o home da misa e a muller púxose a chorar. O home preguntóulle por qué choraba.

— ¡Ai, hom, cómo non hei de chorar! ¡Na casa dun ferreiro e xiquera temos un coitelo pra poñer na mesa!

— Pois non chores, muller, que mentres chega o señor cura vou á forxa facer dous ou tres.

Recollido do pobo, *Libro da caza*

Ed. Castrelos, Vigo 1969, p. 24

## VOCABULARIO

aceutar: *aceptar*

arregar: *preparar*

axudar: *ayudar*

xiquera: *ni siquiera*

forxa: *forja*

## ORACIÓN DO SAPO (aprender de memoria)

Señor, que estás nun reculliño de sombra,  
e andas sempre por camiños de noite,  
e cantas cada hora e cando o teu cantar  
sin que ninguén se mofe de Ti.

Líbranos, Señor,  
das cousas que andan a correr.

Dos pucheiros cheos de auga, nas hortas,  
e da boca das cobras,  
e da roda dos carros,  
e de tódolos bichos malos.

Dainos, Señor,  
un alpendre de sombra e de luar  
pra cantar.  
E un carreiriño de vagalumes  
polas hortas vizosas do teu reino.

Iglesias Alvariño, *Cómaros Verdes*.  
Ed. Celta, Villagarcía de Arosa 1947, p. 39

## VOCABULARIO

reculo: *rincón*

cada hora e cando: *de vez en cuando*

hortas: *huertas*

dainos: *dadnos*

alpendre: *cobertizo*

luar: *rayo de luna*

vagalumes: *luciérnagas*

vizosas: *abundantes, feraces*

LECTURA  
O mar

Portonovo, 3 de xullo

Queridos tíos e curmáns:

Antonte, cando cheguéi á beiramar, estaban os tíos de Portonovo agardando por míñ e tódolos curmáns tamén. Anque ti dis que estou algo froxo do andacio, o tío di que estou coma un ca-



chalote e que, cando vaia á praia douis días cos seus baleatos (os curmáns), volveréi feito un marraxo (o tío sabe moito de animais marinos).

Ese día pola tarde fomos a unha praia, da que din Seíño e Nolo que é moi costaneira, e toméi, coma me mandaches, moito sol e hastra fixen eso que decías da brisa mareira (aspirar ou espirar ou eso que dís).

Na praia hai un lombo de area, na beira, e cando debala o mar deixa unha poza e alí pescamos moitos carangueños. Tamén fomos ás penas cun troeiro e un pau con engado na punta e collemos moitos camaróns e quisquillas. Nolo hastra pescou unha nécora e eu collín tamén tres patecos e un queimacasa, pro como eses non se comen tivemos que ceibalos.

Cando enchéu o mar, andivemos buscando entre as olgas caixas e botellas valdeiras, que boian moi ben e semellan lanchas. Peguéime con Nolo, porque el quería que foran xeiteiras e eu bous, pro foi moi pouquiño o que berramos e ganou el (pra que lle digas a papá que sigo o seu consello de ser bó).

As olgas danme algo de noxo, pro as que máis, os golfos e as corres, porque os curmáns xogan con elles coma se fosen trallas e esbaran dun xeito pola cara que hastra me da arrepío decilo.

Onte non nos poidemos bañar, porque a auga estaba moi viva e había rellas, pro estivemos vendo rompé-lo mar e cómo a mareira daba nas penas. Ás veces alombaba tanto a auga que fuxiamos correndo, antes de que as ondas romperan e nos deran unha boa ducha.

Hoxe poidémonos bañar porque milloróu o tempo. Foi o día que millor o paséi. Fomos a outra praia que hai por doña da casa e, desde un baixo que estaba en seco, tiréime moitas veces ó bucio e andiven con tento pra no rompé-los dentes, como ti xa me tes dito. Antes xa lle preguntéi ó tío se era un sitio perigoso e dixo que non, porque alí o fondo é limpo e, ó non ser cuberto nin terreo bravío, non hai perigo ningún; dixo que tampouco un fondo lamoso tiña coidado, pro penso que por aquí non os hai. Nadéi tanto que estou cheo de maniotas.

Bicos e apretas

Xan Seoane Rodríguez

P. S.: Dille a papá que a carta que lle mandéi non poido ir por mar, por non haber porto en Vilanova de Ribarteme.

## VOCABULARIO

xullo: <i>julio</i>	semellar: <i>semejar, parecer</i>
antonte: <i>anteayer</i>	xeiteiras: <i>lanchas que pescaban al «xeito» (especie de red)</i>
beiramar: <i>orilla del mar</i>	bous: <i>barcos de tamaño grande que pescan solos</i>
agardar: <i>aguardar, esperar</i>	consello: <i>consejo</i>
cachalote: <i>cachalote</i>	noxo: <i>asco</i>
praias: <i>playa</i>	golfos: <i>alga laminaria</i>
baleatos: <i>ballenatos</i>	trallas: <i>cuerdas</i>
marraxo: <i>marrajo</i>	corres: <i>especie de alga semejante a una correa</i>
costaneira: <i>costanera</i>	arrepío: <i>grima</i>
hastra: <i>hasta</i>	rellas: <i>corrientes</i>
mareira: <i>del mar, marejada</i>	alombar: <i>subir</i>
lombo de area: <i>banco de arena</i>	fuxiamos: <i>huímos</i>
beira: <i>orilla</i>	correr: <i>correr</i>
debalá-lo mar: <i>bajar la marea</i>	ondas: <i>olas</i>
poza: <i>poza, charca</i>	perto: <i>cerca</i>
carangueños: <i>cangrejos</i>	bucio: <i>acción y efecto de bucear</i>
penas: <i>peñas</i>	tento: <i>cuidado, tiento</i>
troeiro: <i>pequeña horquilla con red para coger la sardina que cae al mar</i>	limpo: <i>limpio</i>
engado: <i>cebo</i>	cuberto: <i>cubierto</i>
camaróns: <i>camarones</i>	terreo: <i>terreno</i>
nécora: <i>nécora</i>	lamoso: <i>fondo con barro</i>
patecos: <i>cangrejos pequeños</i>	coidado: <i>cuidado</i>
queimacasa: <i>cangrejo de color negro</i>	cheo: <i>lleno</i>
ceifar: <i>soltar</i>	maniotas: <i>agujetas</i>
olgas: <i>algas</i>	bicos: <i>besos</i>
caixas: <i>cajas</i>	apretas: <i>abrazos</i>
valdeiras: <i>vacías</i>	porto: <i>puerto</i>
boiar: <i>boyar</i>	

## DEMOSTRATIVOS

### 1. Formas:

		MASCULINO	FEMENINO	NEUTRO
I	SINGULAR PLURAL	este estes	esta estas	esto
II	SINGULAR PLURAL	ese eses	esa esas	eso
III	SINGULAR PLURAL	aquel aqueles	aquela aqueellas	aquelo

Seguido de los indefinidos **outro**, **outra**, **outros**, **outras** da lugar a las formas siguientes:

		MASCULINO	FEMENINO
I	SINGULAR PLURAL	<b>estoutro</b> <b>estoutros</b>	<b>estoutra</b> <b>estoutras</b>
II	SINGULAR PLURAL	<b>esoutro</b> <b>esoutros</b>	<b>esoutra</b> <b>esoutras</b>
III	SINGULAR PLURAL	<b>aqueloutro</b> <b>aqueloutros</b>	<b>aqueloutra</b> <b>aqueloutras</b>

### 2. Valor:

**Este**, **ese**, **aquel**, etc., tienen idéntico valor que en castellano. **Estoutro**, **esoutro**, **aqueloutro** suponen primariamente una

elección entre los objetos, conservando idéntica relación espacial (o temporal) con las personas gramaticales que las formas simples **este**, **ese**, **aquel**:

*Entre este e estoutro non hai escolla.  
Se non queres esas, colle esoutras.  
Aquel e aqueloutro non me valen.*

Con frecuencia la elección está implícita, aunque no aparezca expresada más que una alternativa:

*Quero millor aqueloutra.  
Estoutra é millor.*

Las equivalencias castellanas de **estoutro**, **esoutro**, **aqueloutro** son «este otro», «ese otro», «aquel otro» o simplemente «el otro».

Nótese bien que en la escritura debemos representar ambos componentes de la palabra fundidos (*estoutro*, etc.), y no separados (\**este outro*), ya que ambos se sienten como una única palabra, como lo demuestra el hecho de que sólo toma plural el segundo elemento (*estoutros* y no \**estes outros*).

También contraen los demostrativos con las preposiciones **de** y **en**:

**deste**, **dese**, **daquel**, / **destoutro**, **desoutro**, **daqueloutro**  
**neste**, **nese**, **naquel**, etc. / **nestoutro**, **nesoutro**, **naqueloutro**

#### NÓTESE:

1. **Aquel** adquiere con frecuencia valor de sustantivo con el significado de «gracia», «donaire», «oportunidad», «motivo», etc.:  
*Ten moito aquel a rapaza* «tiene mucha gracia la chica»  
*Co aquel da festa viñen todos* «con motivo de la fiesta vienen todos».
2. **Daqua** equivale muchas veces al adverbio de tiempo «entonces»:  
*Daqua empezaba eu a estudiar* «entonces empezaba yo a estudiar». También es frecuente su empleo como conjunción:  
*Daqua non cho digo* «por lo tanto no te lo digo».
3. **Nesto**, **nestas**, **con estas** pueden usarse adverbialmente, con el significado de «al tiempo de ocurrir esto»:  
*nesto sacan de navalla* «en esto sacan de navaja».

## CONJUGACION DE LOS VERBOS MAS FRECUENTES (X)

### *Vir*

IND. PRES.	IMPERF.	PERFECTO	PLUSCUAMP.	FUTURO
veño	viña	vin	viñera	viréi
ves	viñas	viñeches	viñeras	viras
ven	viña	véu	viñera	virá
vimos	viñamos	viñemos	viñéramos	viremos
vides	viñades	viñéchedes	viñérades	viredes
veñen	viñan	viñeron	viñeran	virán

FUT. HIPOTÉT.	SUBJ. PRES.	IMPERFECTO	IMPERATIVO
viría	veña	viñese	ven
virías	veñas	viñeses	vide
viría	veña	viñese	GERUNDIO
viríamos	veñamos	viñésemos	vindo
viríades	veñades	viñéscedes	PARTICIPIO
virían	veñan	viñesen	vido

### EJERCICIOS

I. Sustituye las rayas por algunos de los demostrativos que siguen: *este, esta, esto, estos, estas*.

- casa ten as ventás pequenas.
- De — vez non che digo más.
- Cando — sucedía, era eu un neno.
- pinos sementeinos (*sembrar*) eu.
- Traime — outros.
- élle moi bo piá vista.
- é moi pequena, quero millor — outra.
- En — chegou o pai.
- Un libro coma — éracheme bo a míñ.
- paredes non están ben dereitas.

- ano fixeron unha casa nova.
- é meu pai, — é miña nai, e — son os meus irmáns.
- ¿E quén é — outro?

- En las frases anteriores sustituye, siempre que sea posible, las rayas por los demostrativos que siguen: *ese, esa, esos, esas*.
- Id. por: *aquel, aquela, aquello, aqueles, aquellas*.
- Traducir al castellano la lectura.
- Versión al gallego:

- En esos vasares colocaré aquellos vasos y estos platos.
- Esta leche la trajo la lechera.
- Estos niños son más altos que aquellos otros.
- Estas me gustan más que aquéllas.
- En eso ya no creo.
- Me habló de aquel negocio.
- Aquello no me gustó nada.
- No quiero aquéllos, quiero aquellos otros.
- Estos días te hago ese encargo.
- Fiestas como éstas se hicieron pocas en Vilanova.

VI. Conversación:

- ¿A qué vai Xan á praia?  
 ¿Qué pescaron os nenos o primeiro día?  
 ¿Con qué pescaron?  
 ¿Qué buscan entre as olgas?  
 ¿Por qué teñen Xan e Seíño unha agarra?  
 ¿En qué acaba a rifa?  
 ¿Qué fixeron o segundo día os nenos?  
 ¿E o terceiro?

### TEXTO LITERARIO

#### MARIÑEIRA

Leste duro  
 Mar bravo.  
 Curiscadas da choiva.

A noite vai rubindo  
cabaleira na sombra.  
As fortes ás tendidas,  
inquietadas, sin rumbo, silenciosas,  
levadas polo vento  
déixanse í-las gaivotas.  
Salseada e batida das escumas,  
de lombo a lombo das hinchadas olas,  
a vela a catro rizos, bolinando,  
coa quilla ó descuberto, vai a dorna!  
A dorniña pulpeira  
durmirá mar afora...  
O patrón unha man aferrollada  
na caña do timón, outra na escota,  
leva os ollos chantados  
nos cons ergueitos da lonxana costa.

Ferve o mar, brúa o vento...

¡Probe da dorna!

Un refacho asubiante  
abate a verga e tronza o palo, as cordas  
estalan, e un istante ábrese a vela  
e cai o plan no mar...  
Galgan as olas  
oubeando roucas, como cans famentos  
en asalto dos cons...

¡Probe da dorna!

Cabanillas, *Obra completa*  
Ed. Galicia, Buenos Aires 1959, p. 153

## VOCABULARIO

leste: *viento del este*

curiscadas: *ráfagas y chubascos fríos*

choiva: *lluvia*

rubir: *subir*

cabaleira: *caballera*

ás: *alas*


inquietadas: *inquietas*  
gaivotas: *gaviotas*  
escumas: *espumas*  
dorna: *embarcación especial*  
pulpeira: *que se dedica a la pesca del pulpo*  
aferrollada: *aherjada*  
chantados: *clavados*  
cons: *peñascos*  
ergueitos: *erguidos*

lonxana: *lejana*  
refacho: *ráfaga de viento*  
asubiante: *silbante*  
estalar: *estellar*  
galgar: *ascender, subir, auparse*  
oubear: *aullar*  
roucas: *roncas*  
famentos: *hambrientos*

## LECTURA

## Vida social

Vai xa pra unha semá que os señores de Souto están en Santiago co gallo dunha reunión de médicos, millor dito, dun Congreso de Pediatría. Mientras Antón asiste a conferencias, reunións



e discusións de grupos, Rosario telefonea ás súas amigas pra sair a tomá-lo aperitivo xuntas. Moi dispostas, vanse a unha cafeteria e danlle unha voltiña ós conocidos: quén casou, quén

sigue solteiro, outro morréu, estoutro non lle foi ó enterro, o de más alá puxose a mal co veciño de enfrente...

Nestes medios aparecen os maridos. Cambian de conversa e póñense a falar da reunión pasada, do vello que está o catedrático de tal asinatura, ou do último coche que mercóu Mengano. Alguén parola de dar unha volta polo Franco antes de ir comer. É unha proposta moi razonable. Ó cabo, quedan de verse pra tomá-lo café xuntos, pro Antón e Rosario discúlpanse, porque están invitados na casa duns parentes de Rosario e máis tarde teñen que ir facer unha visita de compromiso e, aínda que sexa moi cursi, tomá-lo te. Antón dí que é millor verse ás sete e media e ir despóis ó cine. Tamén hai unanimidade.

Antón obra un pouco egoístamente, porque ó día seguinte de chegaren tiveron a oportunidade de ir ó teatro. Oportunidade, xa que moi poucas veces se pode ver teatro en Santiago. O que pasaba no escenario poucos da sala o entendían, pro ninguén rebulía na butaca. Á saída había comentarios pra tódolos gustos. Rosario, filosóficamente, díxolle ó marido que envelentaban e que el, en particular, tiña tendencia a toconeiar na butaca.

Así, Antón, sin outra cousa, encargóu as entradas e telefóneou a un restaurante pra ir cear á saída da película. Despois de ben comidos e ben bebidos ningún falaba de ir dormir. Tamén axiña chegaron a un acordo: ir a un whisky-club e bailar hasta que pechasen e os botasen fora. E alá se foron.

Ás tantas da noite, os señores de Souto Seoane abrían a porta da casa a modiño e caladiños pra non espertar a ninguén. Enrique, que tiña o costume de se quedar a estudiar pola noite, saíu da habitación e quedou moi sorprendido ó ver avanzar polo corredor a seus pais moi serios cos zapatos na man. Pensou: «o Congreso divírtese».

## VOCABULARIO

semá: semana

co gallo de: con la disculpa de

discusións: discusiones

dispostas: dispuestas

quien: *quien*  
 solteira: *soltera*  
 entero: *entiero*  
 poñerse a mal: *enfadarse, enemistarse*  
 nestes medios: *en este momento*  
 alguén: *alguien*  
 parolar: *hablar*  
 proposta: *proposición*  
 parentes: *parientes*  
 unanimidade: *unanimidad*

siguiente: *siguiente*  
 oportunidade: *oportunidad*  
 ningúén: *nadie*  
 rebulir: *rebulir*  
 envellentar: *envejecer*  
 toconeas: *dar cabezadas con el sueño*  
 acordo: *acuerdo*  
 a modiño: *suavemente*  
 costume: *costumbre*

Nota: No existen formas átonas del posesivo en gallego (como en castellano: *mi, tu, su*).

## 2. Uso:

El uso del posesivo en gallego no difiere sustancialmente del castellano. Hemos de recordar, sin embargo:

- A) Que un sustantivo precedido del posesivo **exige** el uso del artículo determinado:

*Estes son os meus poderes* «estos son mis poderes».

*A nosa casa está feita de novo* «nuestra casa está hecha recientemente».

*O voso coche é millor có meu* «vuestro coche es mejor que el mío».

- B) Puede omitirse el artículo ante el posesivo cuando acompaña a nombres de parentesco:

*Meus pais están de acordo* «mis padres están de acuerdo».

- C) Se omite el artículo cuando se trata del vocativo:

*Non llo creas, meu fillo* «no se lo creas, hijo mío».

## CONJUGACION DE LOS VERBOS MAS FRECUENTES (XI)

### Andar

IND.	PRES.	IMPERF.	PERFECTO	PLUSCUAMP.	FUTURO
------	-------	---------	----------	------------	--------

ando	andaba	andiven	andivera	andareí
andas	andabas	andiveches	andiveras	andarás
anda	andaba	andivo	andivera	andará
andamos	andabamos	andivemos	andivéramos	andaremos
andades	andabades	andivéchedes	andivérádes	andaredes
andan	andaban	andiveron	andiveran	andarán

## 1. Formas:

PERSONA	SINGULAR		PLURAL		
	MASCULINO	FEMENINO	MASCULINO	FEMENINO	
Un poseedor	1. <sup>a</sup> 2. <sup>a</sup> 3. <sup>a</sup>	meu teu seu	miña túa súa	meus teus seus	miñas túas súas
varios poseedores	1. <sup>a</sup> 2. <sup>a</sup> 3. <sup>a</sup>	noso voso seu	nosa vosa súa	nosos vosos seus	nosas vosas súas

Para el poseedor de 3.<sup>a</sup> persona (uno o varios) se emplean con más frecuencia las formas analíticas, menos confusas: **del** «suyo de él», **dela** «suyo de ella», **deles** «suyo de ellos», **delas** «suyo de ellas».

### Ejemplos:

*Fun á casa del* «fui a su casa (de él)».

*Nos deles non toques* «en los suyos (de ellos) no toques».

*Quero millor a del* «prefiero la suya (de él)».

FUT.	HIPOT.	SUBJ.	PRESEN.	IMPERFECTO	IMPERATIVO
andaría	ande	andivese	anda		
andarías	andes	andiveses	andade		
andaría	ande	andivese	GERUNDIO		
andaríamos	andemos	andivésemos	andando		
andaríades	andedes	andivésedes	PARTICIPIO		
andarían	anden	andiven	andado		

### EJERCICIOS

I. Cambia la palabra en cursiva por la que damos entre paréntesis y modifica la frase según convenga.

Ej.: É a miña *muller* (libros)  
Son os meus libros

1. *Pedro* ten un cabalo. É o seu cabalo (eu)  
(nós)  
(elas)  
(ti e Pepe)  
(ela)
2. Marchóu a América canda un *tío* meu (tía)  
(padres)  
(tías)
3. Cada un dá o que ten: *eu* dou os meus cinco pesos (eles)  
(Adela)  
(ti e más eu)  
(vós)  
(elas)
4. *Cada cal* fai da súa capa un saio (eu)  
(Rosa e Tere)  
(eu e ti)  
(vós)  
(ela)

5. Aqui ven *Fulano* facendo das súas (eu)  
(nós)  
(Xan e Pedro)  
(ti e Xan)  
(ela)
6. Aquí tede-la vosa *casa* (encargo)  
(amigos)  
(cousas)

### II. Forma frases con las siguientes palabras:

1. quen, fazer, cesto, fazer cento.
2. andar, mañana, enteira, dar, voltas, Cruña.
3. onte, haber, festa, Vilanova.
4. hora, chegar, tren.
5. hoxe, (eu), ter, moito, fazer.
6. daquela, (nós) andar, mortos de fame.
7. se, querer, carro, cantar, mollar, eixo, río.
8. nenas, Vilanova, decir, non beber, viño, debaixo, mantelo, levar, xarro escondido.
9. andar, alabando, te, morría, por tí.
10. (eu) decir, onte, che, (ti) fazer, mal.
11. (eu) esta, noite, haber de, ir, alá, meniña, non ter medo, deixar, porta, atrancada, cunha palla de centeo.
12. castaña, estar, camiño, ser, de, veciño.
13. o que, dar, o que, ter, a pedir, vir.
14. cando, ti, chegar, andar, nós, cheos, dar, voltas.

### III. Traducir al castellano la lectura.

### IV. Versión al gallego:

1. Te presento a mis padres.
2. Estos son mis poderes.
3. ¿Quién anduvo con mis libros?
4. En Ribadeo, cada uno paga lo suyo.
5. Lo que es tuyo es mío, lo que es mío es mío.
6. Estuve con vuestros padres en vuestra casa.
7. ¿Es éste su libro? (de ellos).

8. Preguntó mucho como marchaba su salud.
9. Sus palabras (de ella) estaban llenas de razón.
10. Tenemos nuestras esperanzas en ti.
11. Dijeron que era suya.
12. En mi casa estoy mejor que en la suya.
13. Os lo digo por vuestro bien.
14. ¿Quién se sentó en mi mesa?

#### V. Conversación:

¿Qué foron buscá-los Soutos a Santiago?  
 ¿Qué fai D.<sup>a</sup> Rosario mentres D. Antón asiste ó Congreso?  
 ¿De qué falan as mulleres?  
 ¿Qué fan cando chegan os maridos?  
 ¿Por qué non van tomar café cos amigos D. Antón e a muller?  
 ¿Qué pasó no teatro?  
 ¿Qué pasó hastra as tantas da noite?

#### TEXTO LITERARIO

Ó sair do traballo Flavio encende un cigarro. No bar da esquina toma dúas cuncas de viño: nin más nin menos. Logo xanta. Despós de xantar vai botá-la súa partidiña de dominó. E logo volta á súa oficina. Da oficina sai ás sete da tarde. De sete a oito menos cuarto Flavio pasea pola Calle Maior. Ás oito menos cuarto colle a entrada pró cine. Se non vai ó cine métese no café e pide un café con leite. Ás dez menos cuarto vai á taberna e bebe dúas cuncas de viño: nin unha más nin unha menos. Ás dez en punto cea. De dez e media a once le nunha revista ou nunha novela de aventuras. E sempre así. Así un día e outro día. E outro e outro...

Os domingos e festas de gardar, as cousas cambian un pouco porque non son días de traballo. Xa se sabe que a santificación das festas é un preceuto divino. Os domingos e festas de gardar, Flavio vai á misa de doce á súa parroquia. Despós pasea pola Calle Maior e toma as dúas taciñas de viño: nin unha más nin

unha menos. Pola tarde está máis tempo no café. Despós de sair do café, se a tarde é boa, dá o seu paseíño polo xardín. E se é no vran, en troques de ir pasear ó xardín, da un paseio polos arredores da cidade.

Manuel María, *Contos en Cuarto Crecente*  
 Ed. Celta, Madrid-Lugo 1962, p. 44

#### VOCABULARIO

arredores: *alrededores*

en troques: *en lugar de*

#### PRÁ MOCEDADE (aprender de memoria)

Tendes que alcender un facho de baril inconformismo.

«Non», «Non», diredes decote ós profesores de mitos, que queren de contrabando pasar falsos paradisos.

«Non», «Non», diredes arreo ós que van no seu machiño cabalgando moi contentes entre nubes de outimismo.

«Non», «Non», debedes decir ós que minten por oficio.

A verdá, sóio a verdá da terra na que vivimos, labrada en berros de lume, nacida en berce cativo.

A verdá, sóio a verdá da terra na que nacimos.

Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ó país dos Ananos*  
 Ed. Ciencia Nueva, Madrid 1968, p. 82

## VOCABULARIO

mocedade: *juventud*  
 facho: *antorcha*  
 baril: *robusto*

decote: *siempre*  
 paraisos: *paraísos*  
 optimismo: *optimismo*

## A SABELIÑA (fragmento)

Como será a miña sorte,  
 Sabeliña, non o sei:  
 Se ti ques sé-lo meu norte,  
 nunca os agoiros da morte  
 nos meus fados hacharéi.

Sempre para min nubrado  
 sai o sol tódolos días  
 e de noite no tellado  
 oio do moucho taimado  
 o cantar das agonías.

Ti encendiches no meu peito  
 un fogo que me consume...  
 Nin no campo, nin no leito  
 en ningures hacho xeito  
 de matar tan vivo lume.

Añón Paz, *Poesías Galegas*

Publicacións da R. A. G., A Cruña 1966, p. 32

## VOCABULARIO

ques (= queres): *quieres*  
 agoiros: *agüeros*  
 hachar: *hallar*

moucho: *mochuelo*  
 en ningures: *en ninguna parte*

## LECTURA

## Pesos e medidas

Rosario, á tardíña, como non ten moito que facer, vai á tenda comprar calquera cousa que, anque non lle faga moita falta, xustifícaa diante da súa concencia de muller casada e con fillos.



Cando chegou hoxe, estaban escollendo nas patacas prá semen-teira. Cada labrego levaba asegún os ferrados que tivese que se-

mentar; os cuartillos non se tiñan en conta, pois as sacas vén-dense por quintales e non por quilos. Este ano van caras e ningúen quere sementar con semente nova máis de dúas fanegas, que elas soias xa lle comerán uns centos de pesos.

Hai tamén homes con garrafas pró viño. A venda do viño prás casas faise case sempre por cuartillas, medias cántaras ou olas. O encargo require concentración. Primeiro catan un cuartillo ou un neto, como din os vellos. Os más temperados conténtanse con tres ou catro cuncas. Éche un traballo ir polo viño: o garrafón pesa e ás veces hai que andar unha legua de camiño, pro ten a ventaxa de que a cada quilómetro, ou menos en caso de apuro, pódese facer unha paraxe e confirmá-la calidade do artículo. Algún axudaríalle de boa gana ó taberneiro, que anda sempre con topes cambiando viño dun bocoi pra outro.

Rosario compróu un metro de goma, áinda que poida que lle sobre unha cuarta, un carrete e media ducia de agullas. Súa sogra, en paz estea, compraba as cousas por varas e por furcos. Se a conta pasaba dunha peseta, axustaba patacón a patacón; cando conseguía que lle rebaixasen un real, xa marchaba satisfeita. Rosario, con tan pouca cousa, non gastóu moito, e despóis dun pouco de leria cunha veciña, que viñera por un litro de aceite e unha libra de azucré, foise facé-la merenda.

## VOCABULARIO

tenda: *tienda*  
xustificar: *justificar*  
escoller: *escoger*  
sementeira: *siembra*  
labrego: *campesino, labriego*  
asegún: *según*

ferrados: *medida para superficie y áridos, variable según las comarcas*  
sementar: *sembrar*  
cuartillo: *un venticuartroavo del ferrado / medio litro*  
sacas: *saco grande*

semente: *simiente*  
venda: *venta*  
cuartilla: *4 litros*  
cántara: *16 litros*  
ola: *olla (16 litros)*  
require: *requiere*  
neto: *v. cuartillo*  
temperados: *templados*  
camiño: *caminho*  
ventaxa: *ventaja*  
paraxe: *parada*  
calidade: *calidad*  
taberneiro: *tabernero*  
topes: *recipientes de capacidad indeterminada*  
  
bocoi: *tonel o pipa grande*  
metro: *metro*  
poida que: *quizá*  
ducia: *docena*  
agullas: *agujas*  
sogra: *suegra*  
varas: *varas, medida antigua de longitud*  
furcos: *sesma, medida de la sexta parte de una vara*  
axustar: *ajustar*  
patacón: *diez céntimos*  
rebaixar: *rebajar*  
satisfeta: *satisfecha*  
azucré: *azúcar*  
merenda: *merienda*

## 1. RELATIVOS, INTERROGATIVOS, EXCLAMATIVOS

### A. Formas:

que (invariable)  
quen (invariable)  
cal, cales

O becerro que mercamos «el ternero que compramos»; a leira que aramos onte «la finca que aramos ayer»; ¡qué nenazo! «¡qué niño tan crecido!»; o que leva padecido aquela muller «lo que ha padecido aquella mujer»; ¿quén es? «¿quién eres?»; ¿quén sodes? «¿quiénes sois?».

## B) Uso:

No existen diferencias notables con respecto al castellano por lo que toca al uso del relativo, interrogativo y exclamativo. Es muy frecuente, al contrario del castellano, el uso de expresiones como las que siguen: *as que ela nos dixo* «cuántas nos dijo»; *¡qué de homes!* «¡cuántos hombres!»; *¡qué deles!* «¡cuántos!».

Importante: **quen** es siempre invariable. No faltan, sin embargo, escritores que autorizan un plural **quenes**, castellanismo que el habla popular rechaza.

## 2. INDEFINIDOS

He aquí los principales:

alguén «alguien»	calquera
ninguén «nadie»	un, unha
algo	algún, algunos, algunha, algumas
nada	ningún, -úns, -unha, -unhas.
todo, -a, -os, -as	varios
certo, -a, -os, -as	os demáis «los demás»
outro, -a, -os, -as	pouco, -a, -os, -as.

El valor de los indefinidos es semejante al del castellano por lo que nos limitamos a dar un elenco de formas. Nótese que **calquera**, con valor adjetivo, no se apocopa: *calquera día destes* «cualquier día de estos».

## 3. NUMERALES

### A) Cardinales

1	un, unha	25	vintecinco
2	dous, dúas	26	vinteséis
3	tres	27	vintesete
4	catro	28	vinteito
5	cinco	29	vintenove
6	seis	30	trinta
7	sete	31	trinteún
8	oito	40	corenta
9	nove	50	cincuenta
10	dez	60	sesenta
11	once	70	setenta
12	doce	80	oitenta
13	trece	90	noventa
14	catorce	100	cen
15	quince	200	douscentos / duascéntas
16	dazaséis	300	trescentos, -as
17	dazasete	400	catrocéntos, -as
18	dazaoito	500	cincocéntos, -as
19	dazanove	600	seiscentos, -as
20	vinte	700	setecentos, -as
21	vinteún, -unha	800	oitocentos, -as
22	vintedous, -dúas	900	novecentos, -as
23	vintetres	1.000	mil
24	vintecatro	1.000.000	un millón

### B) Ordinales

1. <sup>º</sup>	primeiro, -a	6. <sup>º</sup>	sesto
2. <sup>º</sup>	segundo, -a	7. <sup>º</sup>	sétimo
3. <sup>º</sup>	terceiro, -a	8. <sup>º</sup>	oitavo
4. <sup>º</sup>	cuarto	9. <sup>º</sup>	noveno
5. <sup>º</sup>	quinto	10. <sup>º</sup>	décimo

En enumeraciones suele decirse **derradeiro** por «último».

### C) Colectivos

par «par», parella «pareja»  
ducia «docena»  
centena, cento «ciento»  
milleiro «millar» (y por extensión «muchos»: *había un milleiro de nenos* «había muchos niños»).

## EJERCICIOS

I. Señala en la lectura los relativos, exclamativos, indefinidos y numerales que encuentres.

II. Sustituye las rayas por:

A) el pronombre relativo, interrogativo o exclamativo correspondiente:

1. O home — chegou onte.
2. ¿A — buscas?
3. Viñeron os rapaces a — chamaches.
4. ¡O — ela lle rogou!
5. ¿ — queres millor este ou estoutro?
6. ¿ — che deu permiso?
7. ¡O — hai que ir!
8. — moito abarca pouco apreta.
9. Moito e ben non hai —.
10. Hai unhas cantas cousas sin as — non me amano.

B) el pronombre indefinido que corresponda:

1. Parece que me chama —.
2. doime — a cabeza.
3. dame — de pan.
4. Non teño — que decir.

5. Rinse (*se ríen*) de — por menos de —.
6. Levo xa — días na cama.
7. Ten — gracia.
8. Por — que lle rogamos non nos quixo dar.
9. Hastra — día.
10. Non veu — en — o día.

III. Escribe en letra los siguientes números:

3, 10, 7.894, 24.378, 23.426, 789, 167, 987, 654, 507, 342, 7.423, 33.756.298.

IV. Escribe en letra los siguientes ordinales:

23.<sup>º</sup>, 600.<sup>º</sup>, 1.<sup>º</sup>, 9.<sup>º</sup>, 1.000.<sup>º</sup>, 26.<sup>º</sup>, 34.<sup>º</sup>, 897.<sup>º</sup>.

V. Construye frases con las siguientes palabras:

1. Estar, argollar, o día enteiro.
2. Quen, colocar, pés, mesa.
3. Ter, moito, facer, non ter, tempo, ningún.
4. Neno, semellar, moito, pai.
5. Amolentar, catarro, esta, botica.
6. Vir, mareado, tanto, viño, tomar.
7. Ter, fame que, arrabear.
8. Ter, mercar, algo, ceiar.
9. Enterrar, onte, sr. Pedro, Toxal.
10. Espantar, galiña, trigo.

VI. Traduce al gallego:

1. El que entró era tu padre.
2. ¿Quién es ese chico tan guapo?
3. El que me diga la verdad será mi amigo.
4. Los niños a quienes llamas son mis sobrinos.
5. ¿Cuál te gusta más?
6. Alguien está llamando a la puerta.
7. No vino nadie.
8. Cualquier día voy por tu casa.
9. Cúidate mucho.
10. Los demás no se enteraron.
11. Uno está de vuelta.

VII. Traduce al castellano la lectura.

VIII. Conversación:

¿Qué medidas de peso conoces?

¿Qué medidas de capacidad?

¿Qué moedas son corrientes entre nós?

### TEXTO LITERARIO

Compre que os que de veras queren á nosa terra, os que traballan a prol da súa esaltación, os que a sinten no cerne do seu espírito, os que quixeran convencer e persuadir, os que cen veces sentirían abaixarse o vóo do seu corazón, os que dubidaron e dubidan da eficacia e da fertilidade do seu esforzo, deprendan, pra non esquecela, esta verdade: a verdade de que a alma de Galicia non pode deixar de ser nin convertirse noutra alma, e que sóio desaparecerá cando o mundo desapareza.

Nos anos que han vir veredes quizás debecer áinda máis a nosa cultura, perder terreo a nosa língua, confundirse os perfiles do noso país deica borrárense no neboeiro borrallo que o invade todo. Non desesperedes, os que de verdade sintades a emoción galega; seguidé sempre con fe, e se se vos ocurre pensar acaso se sementades ou se sóio esparexedes, desbotade ese pensamento e tede por certo que calquera traballo, grande ou pequeno, duro ou levián, que emprendades en nome de Galicia, é sempre sementeira.

Florentino López Cuevillas, *Prosas Galegas*

Ed. Galaxia, Vigo 1962, p. 78

### VOCABULARIO

a prol: *en favor de*  
cerne: *lo íntimo*  
abaixarse: *abatirse*

vóo: *vuelo*  
dubidar: *dudar*  
desaparezca: *desaparezca*

debecer: *decaer*  
terreo: *terreno*  
lingua: *lengua*  
deica: *hasta*  
neboeiro: *bruma espesa*

borrallo: *ceniciente*  
esparexer: *espacir, desparramar*  
desbotar: *arrojar, expulsar*  
levián: *liviano*

\* \* \*

(Aprender de memoria)

¡Dónde vai a miña nena,  
dónde vai o meu anxiño,  
que non me ven dá-la aperta;  
que non me ven dá-la aperta,  
pra que a colla no meu colo,  
e lle dea o bico na testa;  
e lle dea o bico na testa,  
e máilo par de azoutiñas  
nas cachiñas de manteiga!

Leiras Pulpeiro, *Obra completa*  
Ed. Galaxia, Vigo 1970, p. 283

### VOCABULARIO

anxiño: *angelito*  
aperta (forma paralela de *apreta*):  
abrazo

azoutiñas (dimin. de *azoute*): *azote*  
cachas: *nalgas*

L E C T U R A  
Vida religiosa

Onte foi a festa de Corpus en Vilanova. Coma tódolos anos celebrárona moito.



Pedriño, Rosiña e os demais rapaces da súa edade tiñan cita na igrexa co señor Cura. Habíalle que dar un repasiño antes da

Inda ben non era día estalaron os primeiros foguetes. Hoggano como son mordomos os do Toxal e teñen algo de xenreira cos da Hermida, os mordomos do ano pasado, co aquel de non seren menos, queimaron pólvora a esgaia.

Cos estoupidos espertaron os nenos do pobo e vestíronse ás carreiras por ver quen chegaba antes a apañá-las canas dos foguetes. Lelo xuntou cinco.

Despós do almorzo, tanto Lelo coma

Despós do almorzo, tanto Lelo coma

misa á doutrina, pois hoxe, por se non volo dixen, estaban de primeira comunión.

— A ver, Pedriño, dime o Noso Pai.

— «Noso Pai que estás no Ceo: santificado sexa o teu Nome, veña pra nós o teu Reino, e fágase a túa vontade aquí na terra coma no Ceo. O noso pan de cada día dánolo hoxe, e perdóanolas nosas ofensas coma tamén perdoamos nós a quen nos ten ofendido; e non nos deixes caer na tentación, mais deféndenos do mal. Amén.

— Fai o sinal da Santa Cruz, Lelo.

— «No nome do Pai, e do Fillo, e do Espírito Santo».

— A ver, Rosiña, a Avemaría.

— «Ave María, chea de gracia, o Señor está contigo, Ti é-la más bendita de tódalas mulleres, pois bendito é o froito das túas entrañas, Xesús.

Santa María, Nai de Deus, prega por nós, pecadores, agora e na hora da nosa morte. Amén».

Despós das dez e media confesáronse. Confesaron co cura da Rebordela, pois ó de Vilanova dáballes vergonza decirlle os pecados. Asegún iban rematando saíran coma lóstregos prás súas casas a poñé-los traxiños novos.

As doce e media empezou a chegá-la xente ó adro da igrexa, xa que á unha era a misa. Os homes quedábanse fora a contos, e as mulleres entraban a rezar unha estación, a pasar polo confesonario ou a mirar qué ben adornara todo a muller do sancristán.

Ó mesmo tocá-la campá a derradeira vez, entraron os homes. Uns quedáronse abaixo, atrás, e outros subiron á tribuna.

A misa tivo momentos moi emocionantes, sobre todo cando os nenos comulgaron e cando o señor cura lles predicou ós feligreses. Houbo mulleres a quen se lles arrasaron os ollos de auga.

Pra remate houbo procesión arredor da igrexa. O tío Colás do Toxal (o mordomo) e os fillos levaban o palio. Entre os outros rapaces da parroquia, en grupos de a catro, a san Antonio, á

Virxe das Neves e a san Isidro. Mentre estalaban os foguetes decía pra sí o tío Colás:

— «Desta ha de aprender Pepe da Hermida como se fai unha festa».

A saída da misa poxaron dúas linguas de porco, un lacón, dous galos e polo menos unha ducia de galiñas a repartir entre as Ánimas e san Antonio. Os nenos, mentres, repartían recordatorios da primeira comunión. Vede o que dí o do Lelo:

«Lelo Souto Seoane, recibíu por primeira vez o Pan dos Anxos, de man do reverendo don Raúl Méndez Figueiras. Vilanova, 13 de xuño».

### OBSERVACIONES

1. Muchos verbos reflexivos castellanos **no** lo son en gallego:  
*casar*: cast. *casarse*  
*confesar*: cast. *confesarse*  
*marchar*: cast. *marcharse*
2. Obsérvese que, como ya se ha explicado, *quen* es invariable para singular y plural (ver en el texto: *houbo mulleres a quen se lles arrasaron os ollos de auga*).

### VOCABULARIO

estalar: <i>estellar</i>	almorzo: <i>desayuno</i>
foguetes: <i>cohetes</i>	igrexa: <i>iglesia</i>
mordomo: <i>mayordomo (de iglesia)</i>	doutrina: <i>doctrina</i>
xenreira: <i>manía</i>	Noso Pai: <i>Padrenuestro</i>
co aquel de: <i>por el hecho de</i>	cúmplase: <i>se cumpla</i>
pólvora: <i>pólvora</i>	vontade: <i>voluntad</i>
a esgaia: <i>a montones</i>	ceo: <i>cielo</i>
estoupidos: <i>estallidos</i>	sinal (o): <i>señal (la)</i>
apañar: <i>recoger</i>	froito: <i>fruto</i>
canas: <i>cañas</i>	roga: <i>ruega</i>

morte: <i>muerte</i>	Virxe das Neves: <i>Virgen de las Nieves</i>
vergonza: <i>vergüenza</i>	saída: <i>salida</i>
lóstregos: <i>relámpagos</i>	poxar: <i>pujar, substar</i>
traxes: <i>trajes</i>	porco: <i>cerdo</i>
adro: <i>atrio</i>	lacón: <i>pernil delantero del cerdo</i>
a contos: <i>de tertulia</i>	galos: <i>gallos</i>
sancristán: <i>sacristán</i>	galiñas: <i>gallinas</i>
campá: <i>campana</i>	Pan dos Anxos: <i>Pan de los Angeles</i>
abaixo: <i>abajo</i>	xuño: <i>junio</i>

### EL VERBO (Introducción)

Las formas de la conjugación gallega son las siguientes:

	INDICAT.	SUBJ.	IMPERATIVO
PRESENTE	canto	cante	canta, cantade
P. IMPERFECTO	cantaba	cantase	
P. PERFECTO	cantéi		
P. PLUSCUAMPERFECTO	cantara		
FUTURO	cantaréi		
FUT. HIPOTÉTICO	cantaría		

	FORMAS NOMINALES
INFINITIVO	cantar
GERUNDIO	cantando
PARTICIPIO	cantado

No existen en la conjugación gallega los «tiempos compuestos». La forma **cantéi** equivale a las formas castellanas *canté, he cantado, hube cantado*. El gallego **cantara** equivale al castellano *había cantado*.

## EL MODO

Coincide, por lo general, con los valores y usos del castellano.  
Ejemplos:

<i>o neno come as sopas</i>	(Indicativo)
<i>quiero que o neno coma as sopas</i>	(Subjuntivo)
<i>neno, come as sopas</i>	(Imperativo)

Las formas de 3.<sup>a</sup> persona del Presente de Indicativo y de 2.<sup>a</sup> del Imperativo de los verbos de la 2.<sup>a</sup> y 3.<sup>a</sup> conjugación, suelen diferenciarse por el vocalismo:

IMPERATIVO	PRES. INDICATIVO
come (ti)	(el) come
bebe (ti)	(el) bebe
ven (ti)	(el) ven

## LA VOZ

La pasiva se forma con el auxiliar *ser* y el participio del verbo de que se trate:

*o neno foi levado ó médico pola nai.*

En gallego la voz pasiva se utiliza todavía menos que en castellano.

## EJERCICIOS

- I. Identificar el modo, tiempo y voz de las formas verbales que aparecen en la lectura y en el texto literario.
- II. Traducir la lectura al castellano.
- III. Versión al gallego:
  1. Había entrado sin que nadie se diera cuenta (*decatarse*).
  2. Lelo no había hecho todavía la primera comunión.

3. Hemos ido a la iglesia y hemos visto comulgar a los niños.
4. Después que hubo predicado el cura todos estaban emocionados.
5. La procesión había salido de la iglesia entre el estampido de los cohete.
6. Yo no habfa dicho que no me gustase el olor (*cheiro*) de la pólvora.
7. Se me ha caído el lápiz ¿Podrías recogérmelo?
8. Los hombres se habían quedado fuera, pero las mujeres habían entrado ya en la iglesia.
9. Cuando le digo «¡ven!» nunca viene.
10. Lo he dicho ya muchas veces.

## IV. Conversación:

¿Por qué quería o tío Colás facer moita festa no Corpus?  
 ¿Quén facía a primeira comunión?  
 ¿Por qué confesaron os rapaces con outro cura?  
 ¿Quén quedaba fora da igrexa antes de tocá-la campá?  
 ¿Qué pasou despóis da misa?

- V. Redacción: Describe una ceremonia religiosa cualquiera (extensión: una cuartilla).

## TEXTO LITERARIO

Entonces, unha Señora  
 toda de luz rodeada,  
 de estreiñas coroada  
 que coma diamantes son,  
 cun mantelo na cabeza  
 de pano negro, moi lindo,  
 caladamente, sorrindo,  
 entró pola habitación.

Das orellas pendurados  
 leva uns aretes de lume,  
 e por galego costume,  
 dengue de pano sedán;  
 zoquiños de pau de almendro  
 nos pés de feitura enana,  
 e ó cinto unha muradana  
 con plegues que xenio dan.

Nunca se víu neste mundo  
máis feiticeira criatura,  
nin pra tan gran fermosura  
comparación pode haber:  
por ollos ten dous luceiros,  
por dentes perlas dos mares,  
por greñas raios solares,  
por risa... un amañecer.

Pasiño a paso, chegouse  
á cama en que dorme Rosa,  
e botándolle graciosamente  
unha mirada de amor,  
díolle con tono brando,  
que música parecía:  
«Rosiña, a Virxe María  
traiche consolo e favor...

Curros Enríquez, *A Virxe do Cristal*  
Ed. Castrelos, Vigo 1969, p. 25-26

### VOCABULARIO

coroada: *coronada*  
pano: *paño, pañuelo*  
feiticeira: *hechicera*  
luceiro: *lucero*  
amañecer: *amanecer*  
pendurados: *colgados*  
costume: *costumbre*

dengue: *especie de capotillo o esclavina*  
sedán: *pañó fino*  
feitura: *hechura*  
muradana: *especie de delantal largo de color negro*  
plegues: *pliegues*  
consolo: *consuelo*

### LECTURA

#### O vestido

Estamos a mediar setembre. Dona Rosario leva xa uns días preocupada, porque está a empezá-lo curso e os nenos están pouco menos que espidos. É hora de ir comprando roupiñas novas, que despóis hai moito apuro nas tendas.



Un xoves, pola mañá cediño, saíu toda a familia Souto cara a Santiago. O mesmo chegaren, dona Rosario foi dereita a «Berce», a tenda dunha amiga súa que vende cousas pra nenos e sempre

lle fai unha gracia. Alí mercóulle a Lelo uns pantalóns. Non lle deixóu escoller ó neno:

—Quero estes, que son escuros e fortes— dixo. —Total pra que ós dous días me chegue á casa con eles todos luxados e esfiañados pola cueira de andar arrastrándose...

O Lelo torcía o fuciño. El quería de millor gana uns que tiña vestidos un moneco, que eran largos e tiñan cinto. Alí mesmo mercóulle tamén unha chaqueta azul con botóns de metal branco e un abrigo con caparaza. Quería leva-lo posto, pro dona Rosario mandou que lle envolvesen todo.

—Xa o estrenarás cando empece a escola— dixo.

Despós foron a «Calzados Helsinki», onde mercaron zapatos pra todos. Don Antón mercó unhas botas. Enrique tamén mercó calzado forte. Como as rúas de Santiago levan tanta auga no inverno...

—Pra este— dixo Rosario referíndose a Lelo— déame unhas botas de amallón reforzadas, anque millor me sería mercarlle uns zocos. Pra min que anda a couces coas pedras. Desfallés a punteira inda ben non as calza. Déamas do trinta, así téñenlle prás medras.

Cando se decataron, xa tiña Carme probados pola caladiña máis de vinte pares e áinda non sabía con qué se quedar.

Ó pasaren onda «Tecidos a Maragata» paráronse todos dian-te do escaparate. A Carme leváballe os ollos unha saia escocesa que tiña posta un maniquí.

—Quero unha coma aquela— dixo inda ben non pasaran a porta pra dentro.

E déronlle a probar sete ou oito, hastra que atopou unha que lle sentaba ben. Mientras tanto, probaba Enrique un traxe gris a raias na sección de homes.

—Este quedame tan ben coma feito á medida nun xastre— decíalle ó pai—. Teñéme que acortear algo as perneiras do pantalón. De paso vou mandar que lle quiten a volta, gústanme más sin ela.

Alí mesmo mercóu dona Rosario outros artículos de vestir: camisas, camisetas, calzóns e calcetins próximos fillos; xustillos, visos e outra roupa interior pra Carmiña. Tamén mercóu pra ela unhas medias de lá.

Don Antón botaba man ó seu peto valdeiro mentres baixaba por Tras de Salomé e cavilaba pra sí:

—¿E agora con qué pago eu un paraugas, unha pucha e un sombreiro prás festas?—

De volta prá casa guiaba Enrique o coche e don Antón principiou a darrle son á cantiga aquela que aprenderan o ano pasado no san Froilán:

«Ponme a monteira de rizo  
e o chaleque de veludo,  
os calzóns e máila faixa  
que merquéi na feira en Lugo...»

## OBSERVACIONES

Existen en el texto varios infinitivos conjugados que estudiamos en la lección 17: *chegaren, entraren...*

## VOCABULARIO

a mediados:	<i>a mediados de</i>	torcé-lo fuciño:	<i>torcer el morro</i>
setembre:	<i>setiembre</i>	cinto:	<i>cinturón</i>
estar a empezar:	<i>estar a punto de empezar</i>	caparaza:	<i>capucha</i>
espidos:	<i>desnudos</i>	inverno:	<i>invierno</i>
roupa:	<i>ropa</i>	refiríndose:	<i>refiriéndose</i>
xoves:	<i>jueves</i>	amallón:	<i>cordón de cuero para atar los zapatos</i>
berce:	<i>cuna</i>	zocos:	<i>zuecos</i>
vender:	<i>vender</i>	couces:	<i>coches, patadas</i>
facer unha gracia:	<i>hacer una rebaja</i>	punteira:	<i>puntera</i>
escuros:	<i>oscuros</i>	desfacer:	<i>deshacer</i>
fortes:	<i>fuertes</i>	inda ben non:	<i>ainí bien no</i>
luxados:	<i>sucios</i>	prás medras:	<i>para cuando crezca</i>
esfiañados:	<i>deshilachados</i>	polo caladiña:	<i>a escondidas</i>
cueira:	<i>culera</i>		

tecidos: *tejidos*  
 saia: *falda*  
 raias: *rayas*  
 acortear: *acortar*  
 perneiras: *perneras*  
 volta: *vuelta de la pernera del pantalón*  
 calzóns: *calzoncillos*  
 calcetíns: *calcetines*  
 xustillos: *sujetadores*  
 visos: *combinaciones*

roupa: *ropa*  
 lá: *lana*  
 paraugas: *paraguas*  
 pucha: *boina*  
 darlle son: *entonar*  
 monteira: *montera*  
 rizo: *especie de terciopelo*  
 chaleque: *chaleco*  
 veludo: *terciopelo*  
 faixa: *faja*

### VERBOS DE LA PRIMERA CONJUGACION

	INDICATIVO	SUBJUNTIVO	IMPERATIV.
PRESENTE	canto antas anta antamos antades antan	cante antes ante antemos antedes anten	canta anta ante antade
P. IMPERFECTO	cantaba cantabas cantaba cantabamos cantabades cantaban	cantase cantases cantase cantásemos cantásedes cantasen	
P. PERFECTO	cantéi cantaches cantóu cantamos cantáchedes cantaron		

P. PLUSCUAMPERFECTO	cantara cantaras cantara cantáramos cantárades cantaran	
FUTURO	cantaréi cantarás cantará cantaremos cantaredes cantarán	
FUT. HIPOTÉTICO	cantaría cantarías cantaría cantaríamos cantaríades cantarían	
FORMAS NOMINALES		
INFINITIVO CONJUGADO	GERUNDIO	PARTICIPIO
cantar	cantando	cantado
cantares		
cantar		
cantarmos		
cantardes		
cantaren		

Conforme a este esquema se conjugan, entre otros: *cebar, probar, sobar, pagar, mancar, pecar, secar, cegar, negar, segar, fregar, vengar,*

*fungar, folgar, chegar, empregar, dobregar, mangar*, los terminados en *-ifar*, etc.

## EJERCICIOS

- I. Identificar y conjugar completamente en el modo y tiempo en que se encuentran todas las formas verbales de la primera conjugación que aparecen en la lectura y el texto literario.
- II. Traducir la lectura al castellano.
- III. Versión al gallego:
  1. Al entrar los muchachos, la gente que estaba en la tienda los miró.
  2. Nos hemos enterado todavía hoy de todas las cosas que habían tenido que hacer para llegar ayer.
  3. Carmen quería entrar por todas las tiendas por las que pasaban.
  4. Los trajes hechos sientan tan bien como los trajes hechos a medida.
  5. Mi hermano estuvo en Madrid; yo no he estado nunca, pero me gustaría que, cuando fuera, pudiese ser en verano.
  6. Al entrar, dejad la puerta abierta.
  7. Comprar ropa siempre ha sido ir de tienda en tienda.
  8. No hemos conseguido que nos rebajaran (*baixar*) ni un céntimo en los zapatos que nos habíamos probado.
  9. A Lelo le habrían gustado más los pantalones que tenía puestos el muñeco.
  10. No habíais estrenado nada desde el año pasado.
- IV. Dar las conjugaciones completas en gallego de los siguientes tiempos castellanos:

*comprásemos, escuchabais, había empezado, hubieran encontrado, hemos mandado, echen, esperar* (todas las formas del infinitivo), *habremos probado*.

## TEXTO LITERARIO

Así o fixemos... Aló na galería, que tiña unha das ventás erguidas, víase a más belida muller que nin pintada eu tiña visto. Lucía mesmamente coma a Virxe do ceo, sin ofender a ninguén. Era branca, branca, co cabelo negro... Tiña os brazos núos, cheos de alfaias, botados pra fora da fiestra, coma si quixerá que se mollasen coa iauga da chuvia, e tiña posto un vestido, branco tamén e levián pró tempo que facía, coma se non lle importara ren do frío. E polo meio da cabeza víñalle un manteliño ou un veo de cor azul, e os cabos del saíán pola fiestra e arrandeábanse co vento, e como a dona estaba tan queda, semellaban sé-la única cousa que tiña vida de seu. Sorría, fitando pra onde nós estabamos, pro sen pestenexar, cos ollos mouros, grandes e moi abertos, que ainda poñían seu aquel medo...

Nesto, ó traveso dos cristales embazados, víuse vir pola galería un bulto de home, e acurruchámonos de novo sin deixar de fitare. Dapouco, chegouse á fiestra e púxose á par da señora un cabaleiro alto, moi fraco, de barba vermella e comprida, fardado cun capildó coma de crego ou de fraude.

Blanco Amor, *A Esmorga*

Ed. Galaxia, Vigo 1970, p. 45

## VOCABULARIO

ventás:	<i>ventanas</i>	ren:	<i>nada</i>
belida:	<i>bella</i>	manteliño:	<i>pañoleta</i>
mesmamente:	<i>igual</i>	veo:	<i>velo</i>
núos:	<i>desnudos</i>	cor:	<i>color</i>
cheo:	<i>lleno</i>	cabos:	<i>extremos</i>
ceo:	<i>cielo</i>	arrandearse:	<i>columpiarse, mecerse</i>
alfaias:	<i>joyas</i>	dona:	<i>señora</i>
fiestra:	<i>ventana</i>	queda:	<i>quieta</i>
chuvia:	<i>lluvia</i>	semellar:	<i>asemejar</i>

de seu: *de por si*  
 pestenexar: *pestañear*  
 mouros: *negros*  
 neste: *en esto, en este momento*  
 ó traveso: *a través de*  
 embaizados: *empañados*  
 acurrucharse: *agacharse*

dapouco: *al poco rato*  
 ó par: *al lado de*  
 vermella: *roja*  
 fardado: *vestido desaliñadamente*  
 capildó: *especie de capa*  
 fraude: *fraile*

## LECTURA

## A cidade

—;Outra vez na cidade!— pensaba Enrique ó pechá-la porta do piso no que iba vivir co seu amigo Carlos todo este curso. A volta a Santiago supoña un novo encontro coas rúas, coas lousas e os soportales tan característicos da construcción desta vila.

Carlos estaba xa agardando no portal, onda o ascensor. Os dous iban ter que afacerse ó tráfico, ós coches, ós autobuses... É unha vida totalmente distinta a da aldea á da capital. Aquí, maiormente no centro, todo vai máis apresa. Nos arredores ou nos arrabaldos hai unha mistura de vila e aldea.

Botaron a andar xuntos.



— ¿Ónde imos?

— Podemos dar un paseo, se queres, —contestó Carlos—. Ir a modiño, vendo a xente, os comercios... E, se estás de acordo, chegar hastra a praza do Concello.

— Imos logo.

As aceiras estaban cheas de xente que iba e viña. No fondo, ó lonxe, as arbres do xardín lembrábanlle-los campos que viñan de deixar. Tiveron que agardar nun paso de peatóns.

— ¡Xa podían poñer semáforos dunha vez!, dixo Enrique botando a colilla do «Celtas» por un sumidoiro.

— Preséntate a concellal e fai ti a proposta. Habíancho agradecé-los gardas de tráfico polo traballo que lles quitabas.

Os dous riron. Cando conseguiron chegar á outra aceira, atopáronse con dous estranxeiros, turistas, que estaban preguntando pola saída da cidade. Indicáronllela facendo acenos coas mans, porque eran suecos e ningún dos dous sabía falar esta lingua.

Camiñando por baixo dos soportales, vendo os escaparates de tendas e librerías, ollando prás rapazas, pasóuselle-lo tempo. Fora, outra vez, o primeiro día de vida na cidade.

## OBSERVACIONES

Existen en el texto varias perifrasis verbales que estudiaremos más extensamente en la lección 20: *botaron a andar*, *viñan de deixar*, *habíancho agradecer*...

## VOCABULARIO

ciudad: *ciudad*  
encontro: *encuentro*  
lousas: *losas*  
onda: *junto a*

afacerse: *acostumbrarse*  
maiormente: *sobre todo*  
a presa: *deprisa*  
arredores: *alrededores*

arrabaldos: *barrios*  
mistura: *mezcla*  
botar a andar: *echar a andar*  
a modiño: *despacio*  
praza: *plaza*  
aceiras: *aceras*  
arbres: *árboles*  
xardín: *jardín*  
vir de deixar: *acabar de dejar*

peatóns: *peatones*  
sumidoiro: *alcantarilla*  
concellal: *concejal*  
habíancho agradecer: *te lo iban a agradecer*  
gardas: *guardias*  
estranxeiros: *extranjeros*  
acenos: *señas, gestos*  
camiñar: *caminar*

## VERBOS DE LA SEGUNDA CONJUGACION

	INDICATIVO	SUBJUNTIVO	IMPERATIVO
PRESENTE	collo colles colle collemos colledes collen	colla collas colla collamos collades collan	colle colle colla collamos collades collede
P. IMPERFECTO	collía collías collía colliamos colliades collfan	collese colleses collese collésemos collésedes collesen	
P. PERFECTO	collín colliches colléu collemos colléchedes colleron		

P. PLUSCUAMPERFECTO	collera colleras collera colléramos collérades colleran	
FUTURO	colleréi collerás collerá colleremos colleredes collerán	
FUTURO HIPOTÉTICO	collería collerías collería colleríamos colleríades collerían	
FORMAS NOMINALES		
INFINITIVO CONJUGADO	GERUNDIO	PARTICIPIO
coller	collendo	collido
colleres		
coller		
collermos		
collerde		
colleren		

1. Los verbos de la 2.<sup>a</sup> conjugación muestran una alternan-

cia de timbre vocálico en las formas fuertes del *presente de indicativo*, según los modelos siguientes:

bebo	movo
bebés	moves
bebe	move
bebemos	movemos
bebedes	movedes
beben	moven

En el presente de subjuntivo y en imperativo, la vocal es siempre cerrada:

PRESENTE DE SUBJUNTIVO	beba	mova
	bebás	movás
	beba	move
	bebamos	movamos
	bebades	movades
	bebán	movan
IMPERATIVO	bebe	move
	bebede	movede

Se conjugan conforme a este modelo: *meter, coller, remexer, conocer, reconocer, suceder, proceder, comer, correr, acender, defender, prender, tender, entender, vender, fender, responder, esconder, perder, morir, erguer, toller, xemer, premer, temer, atreverse, romper, feder, querer, chover, cocer, torcer, coser, volver, mover, ferver, tecer, mecer, vencer, adorcer, frorecer, aborrecer, podrecer, endurecer, adormecer* y la mayoría de los verbos acabados en -ecer.

2. Sin embargo, algunos verbos no presentan ninguna clase de alternancia:

A) Los verbos *deber*, *parecer*, *crer* y *ler* tienen siempre *e* cerrada. Por ejemplo:

PRES. INDICATIVO	PRES. SUBJUNTIVO	IMPERATIVO
debo	deba	
debes	debas	debe
debe	deba	
debemos	debamos	
debedes	debades	debede
deben	deban	

B) Conserva siempre la vocal radical abierta el verbo *esquencen*:

PRES. INDICATIVO	PRES. SUBJUNTIVO	IMPERATIVO
esquenzo	esquenza	
esquences	esquenzas	esquenze
esquence	esquenza	
esquencemos	esquenzamos	
esquencedes	esquenzades	esquencede
esquencen	esquenzan	

## EJERCICIOS

- I. Identificar y conjugar en el tiempo correspondiente todas las formas de la segunda conjugación que aparezcan en la lectura y en el texto literario.
- II. Traducir la lectura al castellano.

III. Completar, poniendo el tiempo correspondiente, las siguientes frases:

1. Os homes que (*chegar*, imp.), (*vir*, imp.), cansos (*cansados*).
2. Ó (*chegar*, inf., 2.<sup>a</sup> pl.), (*avisar*, imperativo).
3. Cando (*camiñar*, 2.<sup>a</sup> pl. pres. subj.) polas rúas das ciudades, (*ver*, fut.) moita más xente que polos camiños das aldeas.
4. Aínda que (*chamar*, 1.<sup>a</sup> pl. pres. ind.) á porta, non (*contestar*, perf.) ningún.
5. (*Escoitar*, gerundio) os ruidos dos coches, (*sentirse*, 3.<sup>a</sup> sing., pres. ind.) non estar na aldea.

IV. Versión al gallego:

1. En las calles de la ciudad se pueden encontrar turistas.
2. Llegar de una acera a otra es difícil cuando pasan muchos coches.
3. Los dos amigos habían vuelto a la ciudad.
4. Tendrían que olvidarse de las vacaciones y del buen tiempo que habían pasado en sus casas.
5. Hoy me he levantado a las ocho de la mañana.
6. Para batir (*bater*) la leche, es necesario removerla (*remexer*).
7. No sabía que habíais llegado del pueblo; otra vez, avisadme antes.
8. La vida en las ciudades va más aprisa que en la aldea.

## TEXTO LITERARIO

O chófer métese polas Casas Reales, a praza do Pan, a Azabacheira, a praza do Hospital, a Rúa Nova pra saír á carreteira de Ourense. Adrián endexamáis sentira un asoballamento igual. As grandes laxes, as disformes arquitecturas na noite, un cantigar de fontes, a fuga de rúas embozadas en tebras, todo lle producía un deslumbeamento, un vértigo grave, de grandeza infinita e ó mesmo tempo familiar. Adrián decataba de que xeito se enchía no seu ser un oco hastra entón angustioso, agora cheo de seguri-

dade e espranza. Na grande praza, detívose un istante. Conta o desenrolo dos soportales do Pazo de Raxói. Adiviña algo maravilloso no Obradoiro: a faciana esculturada misturábase e erguise sin término con arquiteturas de noite e de estrelas. Presidían algúns ocos escuros as panzas dos pipotes.

R. Otero Pedrayo, *Arredor de sí*  
Ed. Galaxia, Vigo 1970 (2.ª ed.), p. 169

### VOCABULARIO

endexamáis: *jamás*  
asoballamento: *avasallamiento*  
cantigar: *cantar*  
deslumbeamento: *deslumbramiento*  
infinda: *infinita*  
oco: *hueco*

desenrolo: *desarrollo*  
pazo: *palacio, pazo*  
adivíñar: *adivinar*  
aciana: *cara, tachada*  
misturar: *mezclar*  
pipote: *pija pequeña, cuba*

### L E C T U R A

#### O campo e o traballo

Enrique ten moitos amigos. Desque principióu a estudiar na Universidade, lévase moi ben con Carlos, un compañoiro da parte de Ourense, fillo de labregos. O remate do curso, Carlos



vaise prá aldea. El é unha axuda esencial na casa, neste tempo no que tantos labores hai que facer. O pai e o irmán máis novo non son quen pra atender a todo.

En xuño, namáis chegar, ten o pai as gadañas cravuñadas e

vanse os tres homes ó prado da Perulleira segá-la herba. No prado da Veiga meten a segadora, pro este, como é tan costoso, teñen que segalo todo á man. Carlos xa vai cheo de lle predicar ó pai que as terras onde non entran as máquinas é millor deixalas a ermo. O pai non ven a rego. Sempre dí que por más herba non ha de ser más mal ano.

Sobre das doce, gadañado xa o prado todo, que non é grande, collen cadansúa galleta e estenden ben a herba pra que lle entre o sol. Ó outro día revólvena e ó terceiro xúntana toda. Hoganos sacaron cinco carros, foi moita a sequía; pro eu lémbrolle hastra sete e oito cando se lle coidaba ben a rega. Ó caé-la tardíña, xunguiron as vacas e apuxéronas ó carro. Carlos chama ba unha parella, anque case non podía coa aguillada, tantas eran as maniotas que tiña. Dí verdade o refrán: «Quen non está afeito a bragas, a costura faille chagas».

Poucos días despóis empeza a seitura. Agora non mete medo porque se sementa pouco, pro antes, que se cavaban searas no monte de hastra trinta ou corenta ferrados, a cousa non era de cobiza. Na terra de Carlos que é ribeirá, deseguidiña veñen a maduro o trigo e o centeo. Na feira do San Pedro mércanse os fousciños, porque mesmiño empezar xullo séganse as primeiras pallas. O irmán de Carlos dí que a el esto non lle vai, que xa está farto de afouciñar, retorcer vincallos, atar monllos e dalos prá meda, e encima ter que mallar, que é o que más rabia lle da. «Se non compran un trator —dí—, voume pra Alemania». O pai e a nai de Carlos, mentres non ven o grao nas tullas, non dormen tranquilos. Din que non se está libre nunca dunha saraibada que debulle as espigas nas leiras.

Despós da malla, Carlos xa non colle outra ferramenta na man. Como cargóu a Patoloxía, dedícarse ó estudio, que xa falta pouco prós esames. Namentres, o pai e o irmán sacan o esterco pra sementá-los nabos, aproveitando que veu unha tormentiña e xa ten lentura a terra. Estercan forte pra que cabecen e boten boa nabiza. É de lei o refrán do abó de Carlos: «No estercar e no

sachar non debes reparar, se queres colleitar». Polo xaneiro arriba comenzañ a encanar e botar grelos. Ó entrá-la primaveira, frolegen. Cada chanteira da ó menos cen froliñas amarelas.

Pra acabar de facé-lo vran inda hai que collé-las patacas. Hoganos hainas a mancheas. Agradeceron a sacha que lles deron na primaveira.

¡Quén verá ós meus cochiños e cuxos! —decía a nai de Carlos cando vía o celeiro tan cheíño— Pois veremos ónde gardámo-lo millo —decía o pai—, que xa o están comendo as pegas na leira da agra, e eu sin probá-la broa e as papas non quero pasar.

O día doce de outubre, Carlos tivo que marchar de novo pra Santiago. Iba pensando no ledos que quedaban os seus con tanta fartura. Cando o coche subía e baixaba as costas da beira do Miño, miraba prós viñedos e pró acuguladas que estaban as cepas cos acios madurecidos. Daquela acordóuse do cantar que deprendera de pequeno e cantaruxaba polo baixo:

—Vendimái, vendimadores,  
da vendima do meu pai;  
o viño vai na cabaza  
e o pan na cestiña vai.

**OBSERVACION:** *Labor* es masculino en gallego, como ya se indicó en la lección 4.

## VOCABULARIO

principiar: *empezar*  
Universidade: *Universidad*  
axuda: *ayuda*  
namáis: *nada más*  
gadañas: *guadañas*  
cravuñadas: *cabruñadas*  
segá-la herba: *segar la hierba*  
veiga: *vega*  
costo: *empinado*

ermo: *yermo*  
vir a rego: *convencérse*  
gadañar: *guadañar*  
galleta: *horquilla*  
estender: *extender*  
revolver: *revolver*  
terceiro: *tercero*  
oito: *ocho*  
rego: *riego*

xunguir: *uncir*  
 apoñer: *poner delante*  
 chamar unha parella: *conducir una pareja*  
 aguillada: *aguijada*  
 chagas: *llagas*  
 seitura: *siega del centeno*  
 seara: *senara*  
 ser de cobiza: *ser deseable*  
 ribeirá: *ribereña*  
 vir a maduro: *madurar*  
 centeo: *centeno*  
 feira: *feria*  
 fociño: *hoz pequeña*  
 mesmíño empezar: *nada más empezar*  
 pallas: *pajás*  
 afouciñar: *segar la hierba con la hoz*  
 vincallos: *ligadura de paja que sirve para atar los haces*  
 monllos: *manojos, haces*  
 meda: *especie de hacina o almiar formado con los haces de trigo.*  
 mollar: *majar*  
 grao: *grano*  
 tullas: *depósito de madera donde se guarda el grano*  
 saraibada: *granizada*  
 debullar: *desgranar*  
 leira: *porción de terreno cultivado, heredad*  
 malla: *trilla, maja*  
 ferramenta: *herramienta*  
 cargar: *suspender (argot estudiantil)*  
 Patoloxía: *Patología*  
 esame: *examen*  
 esterco: *estiércol*

lentura: *humedad*  
 estercar: *estercolar*  
 cabezar: *errar cabeza los tubérculos*  
 nabiza: *hoja del nabo*  
 sachar: *escardar*  
 colleitar: *cosechar*  
 xaneiro: *enero*  
 encanar: *encañar*  
 frolecer: *florecer*  
 chanteira: *pie de planta*  
 amarela: *amarilla*  
 a mancheas: *en abundancia*  
 sacha: *escardadura*  
 cuxos: *becerro*  
 celeiro: *local donde se guardan las cosechas*  
 millo: *maíz*  
 pegas: *urracas*  
 agra: *terreno labrantío que suele pertenecer a varias personas*  
 broa: *borona*  
 outubre: *octubre*  
 de novo: *de nuevo*  
 fartura: *hartura, abundancia*  
 costas: *cuestas*  
 beira: *orilla*  
 acugulados: *colmados*  
 acio: *racimo de uvas*  
 madurecer: *madurar*  
 deprender: *aprender*  
 cantaruxar: *canturrear*  
 vendimar: *vendimiar (vendimai: imperativo dialectal de vendimar)*  
 vendimadores: *vendimiadores*  
 vendima: *vendimia*  
 cabaza: *calabaza*

## VERBOS DE LA TERCERA CONJUGACION

	INDICATIVO	SUBJUNTIVO	IMPERATIVO
PRESENTE	parto partes parte partimos partides parten	parta partas parta partamos partades partan	
P. IMPERFECTO		partía partías partía partiamos partiades partían	partise partises partise partísemos partísedes partisen
P. PERFECTO			partín partiches partíu partimos partíchedes partiron
P. PLUSCUAMPERFECTO			partira partiras partira partíramos partírades partiran

FUTURO	partiréi partirás partirá partiremos partiredes partirán	
FUTURO HIPOTÉTICO	partiría partirías partiría partiríamos partiríades partirían	
FORMAS NOMINALES		
INFINITIVO	GERUNDIO	PARTICIPIO
partir partires partir partirmos partirdes partiren	partindo	partido

Dentro de la 3.<sup>a</sup> conjugación existen **tres** tipos de verbos:

A) **Mantienen** la vocal final del radical inalterada en toda su conjugación los verbos del tipo:

PRES. DE INDICATIVO	abro
	abres
PRES. DE SUBJUNTIVO	abra
	abras

De la misma manera se conjugan *vivir, conducir, muxir, lucir, sentir, fundir, confundir, afrixir, dirixir, tinxir, urxir, recibir, resistir, urdir, unir, nutritir* y algún otro.

B) **Abren** la 2.<sup>a</sup>, 3.<sup>a</sup> y 6.<sup>a</sup> personas del presente de indicativo, los verbos del tipo:

fuxo
foxes
foxe
fuximos
fuxides
foxen

Se conjugan de este modo *cubrir, ruxir, cumprir, ulir, sumir, subir, pruir, dormir, mulir, tusir, cuspir*.

C) Un tercer tipo, al igual que en castellano, presenta la alternancia **e/i** en la vocal final del radical: **i** las formas fuertes del presente de indicativo e imperativo y todo el presente de subjuntivo. En las restantes formas siempre **e**: Por ej.:

INFINITIVO: medir	IMPERFECTO: medía
PRESENTE: mido	PERFECTO: medín
mides	PLUSCUAMPERFECTO: medira
mide	FUTURO: mediréi
medimos	F. HIPOTÉTICO: mediría
medides	PRESENTE SUBJ.: mida
miden	midamos
	IMPERFECTO SUBJ.: medise
	IMPERATIVO: mide
	medide

Se conjugan conforme a este modelo los verbos *inxerir, rexir, rendir, arrepentir, seguir, ferir, mentir, servir, concebir* y algunos otros.

## EJERCICIOS

- I. Identificar y conjugar en el tiempo correspondiente las formas de la 3.<sup>a</sup> conjugación que aparecen en la lectura y en el texto literario.
- II. Traducir la lectura al castellano.
- III. Dar la conjugación de los siguientes verbos en el tiempo indicado:

<i>levar</i> (futuro)	<i>ser</i> (pres. ind.)
<i>vir</i> (perfecto)	<i>sair</i> (pres. subj.)
<i>coller</i> (pres. subj.)	<i>deprender</i> (fut. hip.)
<i>marchar</i> (imp. ind.)	<i>vir</i> (imp. subj.)
<i>atopar</i> (plcpfto.)	

- IV. Versión al gallego:

1. Hay que cabruñar bien las guadañas antes de ponerse a trabajar con ellas.
2. Después de uncir las vacas, hay que anteponerlas al carro.
3. El labrador había labrado la tierra antes de echar la simiente.
4. Las tormentas y granizadas han estropeado la cosecha (*colleita*) de este año.
5. Como no estaba acostumbrado ya al trabajo, a Carlos le habían salido agujetas.
6. Cada labrador cogió su horquilla y empezó a extender la hierba que habían segado antes.
7. Hubo que afilar (*afiar*) las hoces con las que se había segado el prado.
8. El verano es la temporada en que más trabajo hay en el campo.

- V. Redacción: El campo (50 líneas).

## TEXTO LITERARIO

Aran os bois a códea desta terra  
e cando a tona fenden

a terra amostra ó sol  
o sulco onde o arado atopa a laxa...  
Un xuramento, un sulco e outro máis,  
outro e máis outro, e logo  
pan de centeo e grollos  
de viño das cepeiras ben retortas.  
Fumega áinda a terra aberta en sulcos;  
o cuco canta alá por Salgueiró  
e un arrecendo a froumas  
polo éter chega ás leiras estercadas.  
Entre os centeos canta o paspallás  
e algunha cousa madurece no éter;  
o cuco canta e canta  
e a terra esperta dun pesado sono...  
E agora, ó lusco fusco,  
a terra arada colle un cor violeta;  
os bois bafexan, cansos,  
e a terra toda agarda algunha cousa.  
Cada xugada volve á corte a modo  
e leva enriba o peso dos seus cornos;  
o grao agarda abrirse no seu tobo  
e móvese no seo desta terra...!

Franco Grande, *Entre o sí e o non*

Ed. Galaxia, Vigo 1967, p. 97

## VOCABULARIO

códea: *corteza*  
tona: *superficie, nata*  
sulco: *surco*  
laxa: *laja, lancha, lastra*  
grollo: *sorbo, trago*  
cepeiras: *cepas*

retortas: *retorcidas*  
fumegar: *humear*  
arrecendo: *buen olor*  
froumas: *conjunto de hojas de los pinos que se han caído al suelo después de secas*

paspallás: *codorniz*  
 espertar: *despertar*  
 sono: *sueño* (de dormir)  
 ó lusco fusco: *al atardecer*  
 bafexar: *resoplar*  
 canso: *cansado*  
 xugada: *yunta*

corte: *cuadra, establo*  
 a modo: *despacio*  
 enriba: *encima*  
 corno: *cuerno*  
 tobo: *madriguera*  
 seo: *seno*

## LECTURA

## As prantas

O tío Pepe está detrás da casa enxertando maceiras. Cunha navalla está labrando na casca pra facer un enxerto de escudo. É raro que non lle prendan. Ten todo o terreo cheo de arbres



fruteiras. O pé da casa ten dúas figueiras, e pegados á parede tres limoeiros, que están así defendidos do aire frío do norte. As pereiras tamén son delicadas e raro é o ano que maduran todas: teñen nas polas cadolos que lles tiraron os rapaces pra derrubar

algunhas peras. As cerdeiras danse ben, o mesmo cás ameixeiras; as cereixas empezan a vir polo San Xoán, e hainas que coller á man, non coma os abruños que abonda sacudí-lo abruñeiros pra té-lo chan cheo deles. Contra os muros da horta hai fatoeiros cunha martabela na punta pra escorrentá-los paxaros. Pro o que millor se dá son os pexegos e as mazáns de tarde. Mesmo diante da casa hai dous baceles facendo unha parra que da unha boa sombra no vran.

Non é sóio das fruteiras dos que ten tino o tío Pepe. Mira moito polos montes, nos que hai de todo. Nas chousas, polo medio das toxeiras, hai pinos, aínda que duns anos pra acó pranta moito eucalito, procurando vendé-los carballos, que tardan moito en medrar e matan a cría nova; non os deixa namáis que na fraga onde están misturados con vidueiros. Nos prados, polas beiras, conserva freixos pra facer eixos e vimbieiras pra facer paxos e cestos.

Na ribeira, ten un souto de castiñeiro, que no tempo das castañas, cando empezan os magostos, hai que ter de ollo. Por esto o tío Pepe non corta as silveiras dos muros e procura choé-las boqueiras con polas de aveleira ou salgueiros cortados polo pé. Non contento con eso, bótalles derriba unha gabela de silvas ou de toxos.

Na semá que ven terá que ir ó monte, pois vendéu un pinar e irán os cortadores cos seus machados e tronzóns a serrar todo o día. É boa madeira; as toradas serán case todas de rolla e haberá moi pouco puntal. De paso cernará unhas polas dun loureiro que lle fan sombra á leira dun veciño.

A nora, Rosario, xa lle ten encargado que traia pinaretas pra accendé-lc lume; el dille que o que fai falla son uns bos rachóns de carballo seco, que arden coma resina e terman do lume. Ou, millor, uns cepos.

Lelo opina que o millor é meter unhas poucas landras no unllar, que medren, e de alí pró lume.

## VOCABULARIO

pranta:	<i>planta</i>	freixos:	<i>fresnos</i>
enxertar:	<i>injertar</i>	eixo:	<i>eje</i>
maceirais:	<i>manzanos</i>	vimbieiros:	<i>mimbreras</i>
navalla:	<i>navaja</i>	paxos:	<i>cesto hondo y sin asa</i>
enxerto:	<i>injerto</i>	ribeira:	<i>ribera</i>
fruteiras:	<i>frutales</i>	souto:	<i>soto</i>
ó pé de:	<i>junto a, al pie de</i>	castiñeiro:	<i>castaños</i>
figueiras:	<i>higueras</i>	ter de ollo:	<i>vigilar</i>
limoeiros:	<i>limoneros</i>	silveiras:	<i>zarzas</i>
pereiras:	<i>perales</i>	choer:	<i>cerrar, cercar con muro de piedra o con vallado de ramas</i>
polas:	<i>ramas</i>	boqueira:	<i>entrada de una finca</i>
cadolos:	<i>palos</i>	aveleira:	<i>avellano</i>
derrubar:	<i>derribar, echar abajo</i>	salgueiro:	<i>sauce</i>
cerdeiras:	<i>cerezos</i>	derriba:	<i>por encima</i>
cereixas:	<i>cerezas</i>	gabela:	<i>gavilla, montón</i>
abruño:	<i>pruna, especia de ciruela</i>	silvas:	<i>zarzas</i>
abruñeiros:	<i>especie de endrino o ciruelo</i>	machados:	<i>hachas grandes para cortar árboles y madera</i>
fatoeiro:	<i>ciruelo (el llamado japonés)</i>	tronzón:	<i>tronzador</i>
martabela:	<i>carraça para espantar pájaros y otros animales</i>	torada:	<i>cada una de las partes en que se corta un tronco de árbol</i>
escorrentar:	<i>ahuyentar</i>	rolla:	<i>tronco maderable de apreciable grosor</i>
paxaros:	<i>pájaros</i>	cernar:	<i>podar los árboles</i>
pexegos:	<i>melocotones</i>	loureiro:	<i>laurel</i>
mazás:	<i>manzanas</i>	pinaretas:	<i>piñas</i>
bacel:	<i>planta de la vid</i>	accender:	<i>encender</i>
chousa:	<i>matorral cerrado y espeso</i>	rachón:	<i>astilla grande</i>
toxeira:	<i>matorral de tojo y tojal</i>	termar:	<i>sostener</i>
prantar:	<i>plantar</i>	landras:	<i>bellotas</i>
fraga:	<i>bosque</i>		
misturar:	<i>mezclar</i>		
vidueiros:	<i>abedules</i>		

## INFINITIVO CONJUGADO

El infinitivo del verbo gallego puede llevar desinencias personales, como hemos visto ya en las tres lecciones anteriores. Estas desinencias permiten la expresión del sujeto del infinitivo en los

casos en que es conveniente aclarar el sentido de la frase. Naturalmente, se utiliza también el infinitivo no personal, lo mismo que en castellano.

## 1. INFINITIVO NO PERSONAL

- A) Se usa cuando un sujeto personal no va expreso ni es posible reponerlo:

*marchar é morrer un pouco* «marchar es morir un poco»,  
*non vale a pena facerelles caso* «no vale la pena hacerles caso»,  
*compre traballar* «es conveniente trabajar».

- B) Se usa también cuando depende un verbo en forma personal y tiene identico sujeto:

*non saben ler* «no saben leer»,  
*viñamos facerelles unha visita* «veníamos a hacerles una visita»,  
*non tedes de qué vos queixar* «no tenéis de qué quejaros».

## 2. INFINITIVO PERSONAL

- A) Se usa cuando tiene un sujeto personal propio (expreso u oculto) diferente del del verbo principal:

*é hora de marchares* «es hora de que te marches»,  
*facermos esto non vale a pena* «no vale la pena que hagamos esto».

- B) Cuando, dependiendo de otro verbo en forma personal, incluso con idénticos sujetos, el infinitivo va introducido por una preposición o expresión equivalente:

*ó chegares escribe* «cuando llegues escribe»,  
*de seguirdes así, ¿qué faredes?* «si seguís así, ¿qué haréis?»

En este caso, si el verbo principal precede al infinitivo, puede adoptarse la forma no personal, que es suficientemente clara:  
*escribe ó chegar / escribe ó chegares*.

En general, es posible usar el infinitivo personal, cuando se pueda sustituir con él una forma finita del verbo. Ej.:

*que fixeras eso é unha vergonza / o faceres eso é unha vergonza*  
«es una vergüenza que hayas hecho eso»,

*antes de que saíramos, xa eu o tiña visto / antes de sairmos,*  
*xa eu o tiña visto* «antes de que saliéramos, ya lo había visto yo».

Las desinencias del Infinitivo son:

1. <sup>a</sup>	Ø	cantar
2. <sup>a</sup>	-es	cantares
3. <sup>a</sup>	Ø	cantar
1. <sup>a</sup>	-mos	cantarmos
2. <sup>a</sup>	-des	cantardes
3. <sup>a</sup>	-en	cantaren

## EJERCICIOS

- I. Traducir la lectura al castellano.  
II. Completar las siguientes frases (con infinitivo conjugado) y traducirlas a continuación al castellano:

1. Ó (*entrar*), penséi que erades outra xente.
2. Non é doado (*fácil*) velos antes de (*sair*).
3. Con (*ser*) tan antipático, non adiantas nada.
4. Ó (*estudiar*) dese xeito, perdéde-lo tempo.

III. Versión al gallego:

1. Os hacían ir allí todos los días.

2. Tuvimos que dejarlos entrar.
3. Al entrar tú, creí que eras mi hermano.
4. Es mejor que os marchéis antes de que os lo digan.
5. El marcharse ellos de la ciudad vino bien a los vecinos.
6. No es fácil que prendan todos los injertos.
7. Al plantar los ciruelos, tened cuidado de no estropear nada.
8. Con reñir (*rifar*) entre ellos, no van a arreglar las cosas.

IV. Redacción: Descripción de una huerta, un jardín... (50 líneas).

### TEXTO LITERARIO

#### CARBALLOS DE CARBALLIDO

Carballos de Carballido,  
cando era rapaz deixéivos;  
vin despóis de moitos anos;  
xa vamos vellos.

Pasáronse as alegrías  
que trouxera o tempo ledo;  
a mocedad foi pasada;  
xa vamos vellos.

Eu teño os cabelos brancos,  
vós téde-los gallos secos;  
os nosos días pasaron;  
xa vamos vellos.

#### OS PINOS FAN DOCE SON

Os pinos fan doce son;  
nesta doce soedad  
aprétase o corazón.

Non te poñas a tembrar,  
meniña, non teñas medo,  
que ningúén te quer matar.

#### CASTAÑOS DE DORMEA

Castaños de Dormeá,  
os de corpo ben comprido,  
de graciosa estatura,  
sobrados e ben seguidos:  
jouh!, castaños, semellantes  
ós celtas nosos antigos;  
a quen as edras demostran  
amor, con abrazo amigo:  
os arrebatados ventos  
do mes bretemoso e frío  
de Xaneiro, entre vós fungan  
dando doentes suspiros:  
e o musgo dos vosos gallos,  
ermos e desgornecidos,  
ó impulso das duras ráfagas  
vai lonxe caer rompido.  
Cando xuntos nos criamos  
era outro tempo, e o recinto  
da vosa inda corta sombra  
non era grande; meniño  
daba eu tanta coma vós,  
no doce prado nativo. (...)

Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos e outros poemas*

Ed. Castrellos, Vigo 1970, p. 60, 67, 85

### VOCABULARIO

gallos: *rama*  
doce: *dulce*  
comprido: *cumplido*  
semellantes: *semejantes*  
edras: *hiedras*

bretemoso: *brumoso*  
fungan: *silban*  
doentes: *dolientes*  
desgornecidos: *desamparados*  
meniño: *pequeño, niño*

## LECTURA

## Os animais

Hoxe imos ir co Lelo á escola. Tocan Cencias Naturales. Atendamos a ver qué pasa.

— Cando chega a primaveira —esprica a maestra—, parece que esperta todo. ¿Víchedes cómo buligan os lagartos nos pene-



dos, e cómo petan os petos nos carballos e cómo brincan os saltóns de herba en herba? Todo o que estivo esmorecido polo inverno revive coas primeiras raiolas de sol.

— Pois hai alguns bichos que saen máis de inverno que agora —dixo un neno.

— Eso é porque de inverno non teñen qué comer na serra, e achéganse máis ás casas. Á raposa gústanlle moito as galinhas, pro mentres atope lebres, denociñas, ratos, melros ou perdices (que cando non é de inverno andan moito), non baixa hasta o galíñeiro por medo ó can. Tamén lle pasa así ó lobo.

Tódolos bichos teñen algúm misterio próxenos e, como a profesora lles ten dito que cando haxa algo que non saiban llo pregunten, todos son a preguntar.

— ¿E por qué andan de noite os morcegos? —preguntou Toñín do Xastre.

— Andan de noite ou en sitios escuros, porque na escuridade é onde millor cazan. De día hai moito barullo e, como eles cazan de oído porque son cegos, buscan o silencio da noite, das espenucas ou mesmo das cortes. Onde oian rumbar unha mosca, un mosquito, un tabao ou calquera outro bicho, alí están pra atrapalo. Tamén andan de noite as curuxas que, anque teñen un cantar tan medoñento, son moi beneficiosas prá agricultura. Sei dun niño dunha e cando o vou ver sempre ten toupas e miñocas, que pillóu a noite antes. Estes paxaros teñen os ollos axeitados pra ver de noite. Hai outros bichos que tanto ven a unha hora coma a outra, pro queren millor andar polo luar. Deses é un porcoteixo, que ven tódalas noites aquí, ó millo do caseiro.

— Profesora, ¿qué comen as cobras? —preguntou Lelo.

— Sapos, que o víñ eu —dixo Susiño de Rego.

— E ras e píntegas e troitas e paxariños —engadíu a profesora—. Ós paxaros, con sóio ollar pra eles, xa os adormentan. Despois, píllanos como queren.

— ¿Onde van de inverno as anduriñas? —preguntou Rosiña de Saavedra.

— Van a África. Cando veñen os primeiros fríos vanse a terras más quentes. Pro as que emigran non son sóio as anduriñas. Todos en Vilanova, menos vós, saben o dito aquel:

tres avichouchos pasan o mar:  
o cuco, a rula e o paspallás.

— ¡Sí que o sabemos! —protestaron todos.

No fondo da clase había un neno que levaba xa un cacho facendo acenos. Era Miliño de Freixo.

— Quería saber quén lles di ás volvoretas que vai haber carta.

— Non llelo dí ninguén, nin o saben. É que lles gusta a luz. Fan coma os mosquitos, os escarabellos e as avelaíñas, que batan contra os faros do trator de teu pai ó escurecer.

Os nenos fixeron outras preguntas sobre das abellas, as vésporas, as formigas, as lesmas... Entón o Lelo levantouse.

— ¿Da permiso, profesora?

— Sai.

O neno sabía de tres niños no paredón da horta nova e non aguantaba máis sin os ir ver. Un era de carrizo, outro de lavandeira e outro de paporrubio. Estaban chocando. Sabía de outro de pega e outro de corvo no pico de cadanséu carballo. Tiñan cría, pro era moi pequeno pra agatuñar a tan arriba.

Cando volvía prá escola, xa os demás saían ó recreo.

### VOCABULARIO

espicar: <i>explicar</i>	escuridade: <i>oscuridad</i>
buligar: <i>temblar ligeramente, bullir</i>	cegos: <i>ciegos</i>
penedos: <i>peñascos</i>	espenucas: <i>cuevas</i>
peto: <i>pájaro carpintero</i>	cortes: <i>establos</i>
saltóns: <i>saltamontes</i>	rumbar: <i>zumbar</i>
esmorecido: <i>debilitado</i>	mosca: <i>mosca</i>
de inverno: <i>durante el invierno</i>	tabao: <i>tábano</i>
raposa: <i>zorra</i>	atrapar: <i>capturar</i>
galiñas: <i>gallinas</i>	curuxas: <i>lechuzas</i>
lebres: <i>liebres</i>	medoñento: <i>medroso, temeroso, que infunde temor</i>
denociñas: <i>comadrejas</i>	níño: <i>nido</i>
ratos: <i>ratones</i>	toupas: <i>topos</i>
melros: <i>mirlos</i>	miñocas: <i>lombrices de tierra</i>
galiñeiro: <i>gallinero</i>	pillar: <i>coger</i>
morcegos: <i>murciélagos</i>	

axeitados: *adaptados*  
porco teixo: *tejón*  
rá: *rana*  
píntegas: *salamandras*  
troitas: *truchas*  
engadir: *añadir*  
adormentar: *adormecer*  
anduriñas: *golondrinas*  
avichoucho: *avechucho*  
rula: *tórtola*  
volvoretas: *mariposas*  
escarabellos: *escarabajos*

avelaíñas: *mariposillas nocturnas*  
batir: *tropezar*  
abellas: *abejas*  
vésporas: *avispas*  
formigas: *hormigas*  
lesmas: *babosas*  
carrizo: *reyezuelo*  
lavandeira: *aguzanieves*  
paporrubio: *petirrojo*  
chocar: *empollar*  
corvo: *cuervo*  
agatuñar: *gatear*

### VERBOS IRREGULARES (1)

A lo largo de las lecciones precedentes, se han ido dando las conjugaciones de los verbos irregulares más importantes. Vamos ahora a completar estas listas. No daremos más que los tiempos irregulares de cada verbo. Se sobreentiende, pues, que los tiempos no indicados son regulares.

Dar

#### PRESENTE DE INDICATIVO

dou  
das  
da  
damos  
dades  
dan

#### PLUSCUAMPERFECTO

dera  
deras  
dera  
déramos  
dérades  
deran

#### PERFECTO

dín  
deches  
deu  
demos  
déchedes  
deron

#### PRESENTE DE SUBJUNTIVO

dea  
deas  
dea  
deamos  
deades  
dean

*Poñer / Por*

PRESENTE DE INDICATIVO	PERFECTO
poño	pu xen
pos	pu xech es
pon	pu xo
poñemos	pu xem os
poñedes	pu xéched es
poñen	pu xeron

PLUSCUAMPERFECTO	IMP. DE SUBJUNTIVO
pu xera	pu xese
pu xeras	pu xes es
pu xera	pu xese
pu xéramos	pu xésem os
pu xérades	pu xésede
pu xeran	pu xesen

Como *poñer* se conjugan todos sus compuestos: *repoñer*, *apoñer*, *antepoñer*...

*Querer*

PERFECTO	PRESENTE DE SUBJUNTIVO
quixen	queira
quixech es	queir as
quixo	queira
quixem os	queir amos
quixéched es	queir ad es
quixer on	queiran

PLUSCUAMPERFECTO	IMP. DE SUBJUNTIVO
quixer a	quixese
quixer as	quixeses
quixer a	quixese
quixéramos	quixésem os
quixérades	quixésedes
quixeran	quixesen

*Saber*

PRES. INDIC.	PERFECTO	PLUSCUAMPERFECTO
sei	souben	soubera
sabes	soubeches	souberas
sabe	soubo	soubera
sabemos	soubemos	soubéramos
sabedes	soubéched es	soubérades
saben	souberon	souberan

PRESENTE DE SUBJUNTIVO IMP. DE SUBJUNTIVO

saiba	soubese
saibas	soubeses
saiba	soubese
saibamos	soubésem os
saibades	soubésedes
saiban	soubesen

EJERCICIOS

- Conjugar en los tiempos correspondientes las formas de los verbos irregulares estudiados hasta ahora que aparecen en la lectura y el texto literario.

II. Traducir la lectura al castellano.

III. Conjugar en los tiempos que se indican:

andar (perfecto)	ser (perfecto)
estar (pres. subj.)	poñer (pluperfecto)
ir (pres. ind.)	querer (imp. subj.)
facer (imp. subj.)	dar (pres. ind.)

IV. Versión al gallego:

1. Hizo bien cuando anduvo tanto tiempo.
2. Estuvimos esperando a que quisierais venir.
3. No pongáis las manos encima de esos libros sin haberlas lavado antes.
4. No le di más porque no tenía.
5. No quiso que vinierais.
6. Ya lo habíamos hecho antes de llegar vosotros.
7. No es que no lo sepa, es que no quiere decirlo.
8. Estuvimos esperando durante más de dos horas.
9. Les habíamos dicho que no vinieran.
10. Habían andado muchos kilómetros en pocos días.

V. Redacción: Los animales domésticos (50 líneas).

#### TEXTO LITERARIO

##### O GOLPE

O señor Cordal tenme dito que o golpe é o animal máis antigo no país noso. Por eso sabe a nosa fala, tendo como ten oido sotilado, oido de tísico, escoita ós que del falan. Sabe catro nomes seus: golpe, raposo, zorro e xatentendo. Cando se fala do raposo hai que darlle nomes seus que el non saiba: Pedro, Perico, Xamescurro e tamén Afonso.

— ¿Afonso?

— ¡Pólo Rei de Castela, hom! Oíndo o golpe falar de Afonso, colle medo e toma campo. ¡Se fósemos todos tan avisados!

#### A GALIÑA

Se unha galiña está nun camiño á esquerda e pasa un crego á dereita, a galiña deixa de poñer ovos. Hai que levarlla a outro crego pra que lle diga algo. Esto díxome un tal Valiña, que cre no mal ollo e en que non caga a denociña.

Cóntolle eu esto a un coengo amigo meu, arcedián da Santa Catedral, que foi moitos anos párroco de San Martiño. Bótase a rir, que el xa o sabía.

— ¿E el que se di á pita? —pregúntolle eu.

— E díselle: «¡Vaia, vaia, señora ama!», poño por caso.

#### O CUCO

Cando se escoita falar en abril ou maio —aquí do cuco non se di que canta, senón que cuca ou fala— e un petrucio vai polo camiño do bosque e bérrale:

— ¡Ouh, don Martiño! ¡Ouh, señor!

E entón o cuco, afalagado polo saúdo, volve sempre ó lugar.

— ¿El non se lle chama máis que don Martiño? —pregúntolle ó Brexo de Barbeitas.

— Home, tamén se lle pode chamar don Pedro ou señor Antón. Pro o que más agradece e que o aseñoreen e lle chamen don Martiño.

Alvaro Cunqueiro, *Escola de Menciñeiros*

Ed. Galaxia, Vigo 1969, p. 112

#### VOCABULARIO

golpe: <i>zorro</i>	esquerda: <i>izquierda</i>
sotilado: <i>aguzado, muy sutil</i>	dereita: <i>derecha</i>
escoitar: <i>escuchar</i>	mal ollo: <i>mal de ojo</i>
xatentendo: « <i>ya te entiendo</i> », <i>aquí, zorro, por tabú</i>	coengo: <i>canónigo</i>
saiba: <i>sepa</i>	¿e el que?: <i>¿qué es lo que?</i>
xamescurro: « <i>ya me escurro</i> », <i>aquí, zorro, por tabú</i>	afalagado: <i>halagado</i>
tomar campo: <i>escapar</i>	saúdo: <i>saludo</i>
	¿el non se lle?: <i>¿y no se le?</i>

L E C T U R A  
A Natureza

Toda a clase se revolvéu cando a maestra dixo:

— Hoxe imos falar das cousas que temos sempre diante de nós, moitas veces, sin nos decatar. Imos falar do ceo, da terra, do sol, das montañas... En fin, da Natureza.



— ¡A ver, Xusto! —preguntóulle a un dos rapaces—. ¿Cómo se chama o astro que nos alumia e nos dá calor polo día?

— O sol —respondéu o neno.

— ¿E o astro da noite?

— A lúa.

— Moi ben. Pro xa sabedes que a lúa non está sempre igual. Ten catro fases ou cuartos, que son: abalo, debalo, lúa chea e lúa nova. A luz que dá chámase luar. E ese cerco que ten ás veces...

— E a coroa... —saltóu un desde atrás.

— Coroa, ben. Pro... ¿quén sabe cómo se chaman eses puntiños de luz que se ven no ceo cando hai noite crara?

— Son as estrelas —respondéu Lelo—. E seille tamén os nomes de algunas delas.

— A ver, Lelo, dimos logo.

— Pois... a primeira que se ve pola tardíña é a estrella xornaleira, e a derradeira en desaparecer pola mañá é o luceiro. Hai tamén o Carro, as Tres Marías, o Setestrelo... ¡Ah! E o Camiño de Santiago.

— ¡Seica ti sabes moito, Lelo! —dixo a maestra—. Despois do abreante, ó amencer, se vos erguedes cediño, podedes ver abrí-lo día. O sol sai polo nacente. Todo ese tempo, hastra o mediodía, chámase mañá. E despóis ven a tarde. Cando xa ven a tardíña, dise que é entre lusco e fusco. E cando hai unha cor vermella ó solpor, no poñente, chámase roibén. Despois ven o anoitecer e, por fin, outra vez a noite.

— Eu sei como se chaman as nubes da tronada, profesora, —dixo outro dos rapaces.

— A ver, dínolo logo.

— Son os castelos. E cando no ceo hai esas outras nubes que mesmiño parecen algodón, dise que está o ceo ovellado.

— Moi ben, home. Imos falar un pouco do aire. Xa sabedes que tamén se chama vento. Cando é moi forte, pode mesmo

arrincá-los tellados das casas e entón chámase furacán. Ás veces fai remuíños no chan e as follas dos arbres empezan a dar voltas.

— Profesora, ¿cómo se chama a parte más alta das montañas?

— Chámase o cume. Baixando polas ladeiras do monte, pódese chegar a un vale. Polos vales pasan os ríos. Hai ríos que no vrán non levan auga e entón queda o leito seco.

Acababa o tempo da clase. Pro os rapaces —cousa ben rara— non tiñan ganas de se botar fora.

— ¿Cando facemos outra clase destas, profesora? —preguntó Lelo.

— Pois, se cadra, mañá.

## VOCABULARIO

decatarse: <i>darse cuenta</i>	nacente: <i>naciente</i>
natureza: <i>naturaleza</i>	vermella: <i>rojiza</i>
alumar: <i>alumbrar</i>	solpor: <i>puesta del sol</i>
lúa: <i>luna</i>	poñente: <i>poniente</i>
abalo: <i>creciente de la luna</i>	roibén: <i>arrebol</i>
debalo: <i>menguante de la luna</i>	anoitecer: <i>anochecer</i>
lúa chea: <i>luna llena</i>	castelos: <i>nubes de tormenta</i>
lúa nova: <i>luna nueva</i>	ceo ovellado: <i>cielo empedrado, aborregado</i>
cerco: <i>halo, cerco</i>	vento: <i>viento</i>
noite crara: <i>noche clara</i>	arrincar: <i>arrancar</i>
estrela: <i>estrella</i>	tellado: <i>tejado</i>
estrela xornaleira: <i>lucero vespertino</i>	furacán: <i>huracán</i>
luceiro: <i>lucero</i>	remuíños: <i>remolinos</i>
carro: <i>constelación de la Osa Mayor</i>	ladeiras: <i>laderas</i>
as Tres Mariás: <i>el Orión</i>	monte: <i>monte</i>
Setestrelo: <i>las Pléyadas</i>	vale: <i>valle</i>
Camiño de Santiago: <i>la Vía Láctea</i>	leito: <i>lecho del río</i>
abrente: <i>amanecer</i>	botarse fora: <i>marcharse</i>
amencer: <i>amanecer</i>	se cadra: <i>tal vez</i>
abrí-lo día: <i>amanecer</i>	

## VERBOS IRREGULARES (2)

### Caber

PRES. IND.	PERFECTO	PLCPFTO.	PRES. SUBJ.	IMP. SUBJ.
caibo	couben	coubera	caiba	coubese
cabes	coubeches	couberas	caibas	coubeses
cabe	coubó	coubera	caiba	coubese
cabemos	coubemos	coubéramos	caibamos	coubésemos
cabedes	coubéchedes	coubérades	caibades	coubésedes
caben	couberon	couberan	caiban	coubesen

### Caer

### Oir

PRES. IND.	PRES. SUBJ.	PRES. IND.	PRES. SUBJ.
caio	caia	oio	oia
caes	caias	oes	oias
cae	caia	oe	oia
caemos	caiamos	oímos	oiamos
caedes	caidades	oídes	oiades
caen	caian	oen	oian

### Poder

PERFECTO	PLUSCUAMPERF.	PRES. SUBJ.	IMP. SUBJ.
poiden	poidera	poida	poidese
poideches	poideras	poidas	poideses
pido	poidera	poida	poidese
poidemos	poidéramos	poidamos	poidésemos
poidéchedes	poidérades	poidades	poidésedes
poideron	poideran	poidan	poidesen

## EJERCICIOS

- I. Señalar, si los hay, los infinitivos conjugados de la lectura y el texto literario y conjugar los verbos irregulares que aparezcan en los tiempos correspondientes.
- II. Traducir la lectura al castellano.
- III. Conjugar en los tiempos que se indican:

<i>cabr</i> (pres. ind.)	<i>oir</i> (pres. subj.)
<i>caer</i> (pres. subj.)	<i>cabr</i> (perfecto)
<i>querer</i> (perfecto)	<i>vir</i> (plcpf.)
<i>andar</i> (plcpf.)	<i>dar</i> (pres. subj.)
<i>dicir</i> (pres. subj.)	<i>oir</i> (pres. ind.)

## IV. Versión al gallego:

1. Los niños supieron contestar casi todas las preguntas que la maestra les había hecho.
2. Oigo los gritos que dan al anochecer los murciélagos.
3. A lo lejos se veían nubes de tormenta que fueron cubriendo todo el cielo.
4. Ten cuidado con las piedras: no te caigas.
5. No quepo en esta chaqueta tan pequeña; déme otra más grande.
6. Si quisieras venir con nosotros te haríamos un regalo.
7. La maestra les ha dicho a los niños que, cuando no sepan algo, no tengan vergüenza y vayan a preguntárselo.
8. Los niños no quisieron hacer caso de lo que les habíamos dicho, o quizás no lo oyeron.
9. No supimos explicarle bien lo que nos habían dicho.

## V. Conversación:

¿Por qué lles gustaba tanto aquela clase ós nenos de Vilanova?  
 ¿Cántas estrelas conóces ti?  
 ¿Cómo se chama ese ceo que parece de algodón?  
 ¿Cál é a parte do día que prefires?  
 ¿Sabes algunha lenda (*leyenda*) que fale das estrelas?

## TEXTO LITERARIO

### ABRENTE

Entre os teixos piñeiraies  
 o rexoubante camiño  
 cingue os chorosos herbales  
 en feixes amañecidos

No mar derretíuse a lúa.  
 No peitcril da montaña  
 está o sol a madurar  
 entre unhas nubes de palla.

No río desperto aboia,  
 morta, a paixase calada,  
 na corrente van as cores  
 desfeitas i esnaquizadas.

A campía aterecida  
 abre os olliños mollados,  
 ro dondo berce do abrente  
 con tenro mimo dourado

As campanas da parroquia  
 brincan na alma do campo  
 como puchos rebuldeiros  
 na esponxa dos toxos bravos

O mozo vento mareiro  
 funga un cantar esquencido  
 que chove frores nas leiras  
 entumecidas de frío.

Amado Carballo, *Obras en prosa e verso*  
 Ed. Castelos, Vigo 1970, p. 87

## VOCABULARIO

teixo: <i>sombrio, áspero</i>	puchos: <i>gorro</i>
piñeiral: <i>pinar</i>	rebuldeiros: <i>juguetones</i>
rexoubante: <i>murmurante, lleno de murmullos</i>	aboiar: <i>flotar</i>
cinguir: <i>ceñir</i>	paixase (fem.): <i>paisaje</i>
choroso: <i>lloroso</i>	cores: <i>colores</i>
derreterse: <i>derretirse</i>	desfeitas: <i>deshechas</i>
peitoril: <i>alféizar, pretil, brocal</i>	esnaquizadas: <i>hechas añicos</i>
aterecer: <i>aterir, entumecerse de frío</i>	mozo: <i>joven</i>
dondo: <i>suave</i>	fungar: <i>silbar</i>


## LECTURA

## Os xogos

Os domingos teñen un carácter deportivo na familia de Souto, áinda que os gustos non coinciden. Ó tío Pepe gústalle xogar ás cartas ou ó dominó. Á media tarde vaise prá taberna. Se son

dous, xogan á escoba, se tres ó subastado; se son catro, ó tute ou á berisca. A berisca e o tute a catro ou man a man son os más apasionantes.

A Antón non lle gusta moito xogar, pro cando non ten que facer ou non sai, os domingos pola tarde xoga con Rosario ó parchís ou ás damas e algunha vez ó chinchón. Están afeitos a cruzar apostas e gana case sempre a muller. El, pra se repoñer, trata de xogar ó axe-



drez, pro Rosario sóio lle da a revancha nun daqueles xogos, e volve a ganar.

Como se ve, o deporte no estrato superior da familia, é máis ben sedentario.

A Enrique váiselle a vida por todo o que sexa fúbol: xoga en tódolos postos menos de porteiro, áinda que prefire xogar na media ou baixar á defensa. Como dianteiro tamén lle da, pois colea ben. Pratica ademáis o baloncesto e é do equipo da Facultade.

Carme, en troques, prefire o balonmán e a ximnasia. Ultimamente, cando está na Cruña, deprende a xogar ó tenis. É coma un esquíu e ten uns reflexos de esgrimidora.

Pro o máis ativo é Lelo. El xoga a todo o que sexa: a policías e ladróns, ás carreiras, ó escondite, á estornela, ás bolas e, ¿cómo non?, ó fúbol. Cando ven prá casa chega todo sudado e ás veces esnafrado, pro disposto a volver a empezar cando sexa. As lesións más importantes recibíunas cando empezou a andar na bicicleta. Ou o día que no monte trajeron de amansar entre tres unha besta brava. Os tres conseguiron botarlle un cordello, os tres conseguiron arrimala a un muro, os tres montaron... e ós tres sacáronos da primeira toxreira que atopou o animal.

## VOCABULARIO

- apostas: *apuestas*
- repoñerse: *reponerse*
- axedrez: *ajedrez*
- xogo: *juego*
- porteiro: *portero*
- diantero: *delantero*
- colear: *driblar*
- practicar: *practicar*
- Facultade: *Facultad*
- en troques: *en cambio*

- ximnasia: *gimnasia*
- esquíu: *ardilla*
- reflexos: *reflejos*
- ladróns: *ladrones*
- ás carreiras: *a las carreras*
- estornela: *billarda, tala*
- esnafrado: *lleno de golpes*
- lesións: *lesiones*
- besta: *bestia, yegua*
- cordello: *cordel*

## PERIFRASIS VERBALES

Son un tipo esencial de construcciones verbales (muy importantes en gallego) formadas por un verbo en forma personal y otro en infinitivo, gerundio o participio. Entre las dos formas verbales puede existir una preposición o conjunción. A la primera de estas formas la llamaremos verbo auxiliar. Así, por ej., son perifrasis verbales:

vou chegar tarde á casa  
hasme contar eso outro día  
teño que vir cedo

andaban a correr coma nenos  
temos feito eso moitas veces  
levo andado moitos quilómetros

Pero no lo son en cambio:

quero botar unha cantiga  
vexo chegar un coche  
podían vir se quixesen  
debes facelo

La perifrasis verbal se compone de un verbo auxiliar más un infinitivo, gerundio o participio. Lo característico de estas construcciones es que la reunión de estos dos elementos posea un valor distinto del que cada uno de ellos tiene independientemente.

### A) Perifrasis verbales con infinitivo:

IR, HABER, HABER DE + INFINITIVO expresan una acción dirigida al futuro:

imos agardar un pouco  
hasme (de) contar eso outro dia

Cuando el auxiliar HABER se encuentra en perfecto, adquiere un valor de acción a punto de suceder en el pasado:

houbemos de caer por aquel burato (= estuvimos a punto de caer)

VIR A + INFINITIVO expresa lo terminativo:

así véuse a saber quen era aquel home,  
o bien algo aproximativo:  
o coche ven a costar dez pesos

BOTARSE A, POÑERSE A + INFINITIVO expresan el comienzo brusco de la acción:

botóuse a chorar  
puxémonos a cear

TER QUE, TER DE, HABER QUE, DEBER, DEBER DE + INFINITIVO expresan la obligación:

teño que chegar cedo á casa  
tedes de vir un día  
hai que traballar forte pra ter boa colleita  
os vellos non deben de namorarse

ANDAR A ESTAR A + INFINITIVO indican una acción durativa:

andaban a buscá-lo que perderan  
estaban a falar dos fillos

ESTAR A + INFINITIVO puede expresar también una acción a punto de suceder:

están a chegar

VIR DE + INFINITIVO expresa algo recientemente terminado:  
aquel home viña de chegar (= acababa de llegar)

DEBER, DEBER DE + INFINITIVO expresa una acción hipotética (además de la obligación):

non deben estar na casa porque está todo pechado  
deben de estar na casa porque está todo abierto

En el gallego se emplea indiferentemente la construcción con y sin preposición para los valores obligativos e hipotéticos.

#### B) Perífrasis verbales con gerundio:

IR + GERUNDIO expresa un desarrollo gradual:

*foise acabando pouco a pouco*

ANDAR, ESTAR, LEVAR + GERUNDIO expresan una acción durativa:

*andan segando o centeo  
están cantando na porta  
levan agardando unha hora*

#### C) Perífrasis verbales con participio:

TER + PARTICIPIO expresa una acción terminada que se ha repetido varias veces:

*xa che teño visto eso moitas veces*

LEVAR + PARTICIPIO expresa una acción terminada:

*leva vivido moito*

HABER (en pluscuamperfecto) + PARTICIPIO puede expresar algo irreal perteneciente al pasado:

*se houberas chegado antes, non estaríamos aquí áinda.*

ESTAR + PARTICIPIO expresa estado:

*estaban rodeados de nenos.*

DAR + PARTICIPIO expresa la terminación de una acción, pero generalmente se usa sólo en forma negativa:

*non dou acabado este libro.*

SER + PARTICIPIO forma la voz pasiva (poco abundante, como ya dijimos):

*o castiñeiro foi vareado abondo.*

Las perífrasis verbales expresan las distintas **modalidades de acción** de una idea verbal.

### EJERCICIOS

- I. Buscar las perífrasis verbales que existan en esta lectura y en las de las dos lecciones anteriores, indicando el valor que poseen.
- II. Traducir la lectura al castellano.
- III. Decir por lo menos cinco modalidades de acción para las siguientes nociones verbales, haciendo una frase con cada una de ellas:

traballar	querer
escoitar	sair
chegar	comer
agardar	ollar

Por ej., sobre fumar:

*o home estaba fumando* (durativa).  
*iba fumar cando lle lembraron a prohibición do médico* (acción dirigida al futuro, al punto de).  
*non tiña máis que quince anos e xa andaba a fumar* (durativa).

#### IV. Versión al gallego:

1. Me tienes que decir lo que le pasa a tu hermana.
2. Ibamos a marcharnos cuando llegó el abuelo de Juan.
3. Los viejos estaban a punto de ponerse a jugar a las

- cartas, pero se puso a llorar el niño y tuvieron que atenderlo.
4. Hay que escuchar los consejos que nos dan los que han vivido más que nosotros.
  5. Habían estado toda la tarde contemplando el paisaje (*a paisaxe*)
  6. No debe de saber nada de eso, porque ya me lo habría dicho.
  7. Se llegó a saber por fin de dónde había salido aquel dinero.
  8. Acabábamos de llegar cuando nos lo dijeron.
  9. No soy capaz de terminar la comida.
  10. El cielo se fue nublando poco a poco.

V. Redacción: Descripción de un momento de algún juego (50 líneas).

#### TEXTO LITERARIO

Mais eu tiña outro amigo, belido, feituquiño, loiro, asalloso, chamábanlle Fis Airas e Sanches de Ulloa e vivía nun pazo da rúa do Vilar. Endexamáis souben por qué fora meu amigo nin por qué eu o fora del. Tódalos seráns cando os ferrollos do reló da Catedral escomenzaban a renixer pra dá-las bateladas das tres, Fis e a súa ama cun feixe de xoguetes rubían as escadas da Pratería. Tódalos seráns cando o sino do coro tanxía Vísporas, Fis coa súa ama e o feixe de xoguetes saía pola Conga abaixo.

Na envexa con que eu ollaba pra Fis agachábase un fondo desprecio. Fis era rico, tiña unha roupa albeira e cariñenta, tiña xoguetes, mais non choutaría de un brinco sete escadas, nin gabearía, cal eu, por un pexegueiro. No desprecio con que Fis ollaba pra mí, gardábase unha tola envexa, eu era un rachado, un brégolas, un borralento, mais ficaba xogando na praza hasta que saían os coengos, en troques que el iba se cando entraban.

Un día fuxiu da súa ama e chegándose a min preguntóume:  
 —¿Ti ficas aquí moito tempo xogando cando eu marcho?  
 Eu estaba cheo de vergoña. Non sabía falar cun neno da vila.  
 —¿E ti pra que queres sabelo?  
 —Direiche, é pra saber se a sombra de catedral cobre aquela laxe.  
 — Cando hai sol cóbreira e áinda chega hastra acolá adiante.  
 —¿E ti vela chegar porque non das lección coa francesa?  
 —¡Non señor, que vou dar!  
 O neno da vila mordéu os labres, aqueles beizos pequerrechiños que tiña e sorriu tristemente. ¡Era triste, moi triste dar lección coa francesa!  
 Aquela serán Xito, Gorecho e Lelo ríronse de min a cachón porque falara cun neno rico e a ama de Fis berróulle por falar cun neno probe.  
 Entón, sin saber por qué nin por qué non, xuntos pola disgracia, Fis e eu fomos amigos.

Filgueira Valverde, *Os nenos*  
 «Grial» 29, Vigo 1970, p. 308-309

#### VOCABULARIO

feituquiño (dim. de feituco):	<i>bien hecho</i>	pratería: <i>platería</i>
loiro:	<i>rubio</i>	sino: <i>campana</i>
asalloso:	<i>hermoso, jovial</i>	tanxía: <i>tocaba</i>
endexamáis:	<i>jamás</i>	envexa: <i>envidía</i>
seráns:	<i>tardes</i>	albeira: <i>blanca</i>
ferrollos:	<i>cerrojos</i> (figuradamente <i>mechanismos</i> )	cariñenta: <i>cariñosa</i>
renixer:	<i>chirriar, crujir</i>	choutar: <i>saltar</i>
bateladas:	<i>campanadas</i>	brinco: <i>salto</i>
xoguetes:	<i>juguetes</i>	gabear: <i>trepar</i>
rubían:	<i>subían</i>	pexegueiro: <i>melocotonero</i>
escadas:	<i>escaleras</i>	rachado: <i>rotto, desastrado</i>

brégolas: hombre muy descuidado y des-  
aliñado en el vestir  
borralento: sucio, ceniciente  
vergoña: verguenza  
laxa: laja

acolá: allá  
labres: labios  
rir a cachón: desternillarse de risa  
entón: entonces

## L E C T U R A

### O mercado

O outro día, a familia Souto Seoane foi a Santiago, porque dona Rosario se atopaba mal e don Antón pensou que era ben levala a un especialista. Foron parar á casa dos tíos e, como a



tía Mercedes ten reuma, Carme quedou de recadeira. Ir ó mercado gustáballe pouco, así que decidiu fazer un apunte coas cousas necesarias pra estes días que van estar en Santiago e encargalas todas dunha vez. Védeo aquí:

1/2 kg. de cebolas  
 2 reás de pirixel  
 2 cabezas de allo  
 1 cento de pimentos de Padrón  
 4 mancheas de grelos  
 10 kg. de patacas  
 1/2 libra de azucré  
 1 cuartillo de aceite  
 1 libra e media de fariña  
 6 ducias de ovos

7 litros de leite  
 1 kg. de bistés de croca  
 1 xanco de cordeiro  
 1 coello  
 1 kg. de rapantes  
 3 kg. de mexillóns (sin cuncha)  
 1 kg. de peras de auga  
 1 kg. de pexegos  
 1 kg. de cereixas

Ó chegar á praza, Carme víu tal cantidade de postos que non sabía por onde escomenzar. Ó cabo decidíu ir primeiro á carnicería, onde pedíu que lle levases á casa os recados da carne. A carniceira recomendóulle uns miolos de vaca, pro Carme acordóuse de que a Lelo lle daban noxo e decidíu non levalos. Lelo era un pistracá; non lle gustaban os miolos, nin o fígado, nin os riles, nin os callos. Pola contra, debecía pola costela, o raxo e a cachola de porco.

Logo foi ó posto da verdura e fixo alí tamén os recados correspondentes. Ademáis, levóu algunha zanahoria, fabas, xudías, nabizas e un repolo branco para facé-lo caldo.

No posto do pescado había tranchos, sardiñas, badexo e outros peixes, pro non había rapantes nin mexillóns, así que tivo que pedir un rodaballo e berberechos.

Ó sair dos postos do pescado chamárona as mulleres dos ovos:

— Santiña, ¿lévasme unha ducia destes ovos apincarados?

Ela acercóuse e miróu os precios.

— ¿A como mos pon?

— Os apincarados a dez pesos, os roxos a nove pesos e seis reás, estes brancos de pita campeira a oito pesos e estes de granxa a sete.

— ¿A nove pesos e seis reás os roxos?

— ¡Ai nena! ¿E ti que pensas? ¡Vaites, vaites coa pequena! ¡Mira pra ela como axusta!

— A nove pesos e nin unha perra máis.

— Lévaos, anda, lévaos que por menos dun peso non imos berrar. ¡Non me levas este queixo do país? ¡É todo manteiga!

— Non, temos na casa moito leite callado que nos vale de postre.

E foise comprá-la froita á señora Hermesinda. Aquel día tiña uvas loureiras, mazás camoesas, pexegos abrideiros, laranxas, limóns, noces, castañas maias, figos... Como non tiña peras de auga nin cereixas, tivo que levar peras de manteiga e nispros. Cando xa marchaba lembróuse de que o Lelo lle pedira mel e levóu un tarriño, con gran desilusión por parte do rapaz que o quería metido «naqueles cadriños que fan as abellas».

## VOCABULARIO

recadeira: *recadera*  
 cebolas: *cebollas*  
 pirixel: *perejil*  
 mancheas: *manojos*  
 fariña: *harina*  
 xanco: *zanco*  
 cordeiro: *cordero*  
 coello: *conejo*  
 rapante: *gallo (pez)*  
 mexillóns: *mejillones*  
 escomenzar: *comenzar*  
 miolos: *sesos*  
 pistracá: *persona que come muy poco y nada le gusta*  
 riles: *riñones*  
 debecer: *desear con ansia*  
 cachola: *cabeza*  
 posto: *puesto*  
 correspondentes: *correspondientes*  
 xudías: *judías verdes*

repolo: *repollo*  
 tranco: *boquerón*  
 sardiña: *sardina*  
 badexo: *abadejo*  
 peixe: *pez*  
 apincarados: *con pintas*  
 roxos: *rojos*  
 reás: *reales*  
 pita campeira: *gallina casera*  
 granxa: *granja*  
 ¡vaites!: *vaya!*  
 axustar: *ajustar, regatear*  
 perra: *perra chica*  
 manteiga: *manteca*  
 callado: *cuajado*  
 froita: *fruta*  
 uvas loureiras: *variedad de uvas negras*  
 mazás camoesas: *variedad de manzana*  
 pexegos abrideiros: *variedad de melocotones*

laranxa: *naranja*  
limóns: *limones*  
nocios: *nueces*

castañas maias: *castañas peladas y limpias de la cáscara*  
figos: *higos*  
nispros: *nísperos*

## ADVERBIOS

Los principales adverbios son:

### 1. DE MODO:

- A) *Ben, mal, tamén, tampouco, así, arreo* «sin interrupción».
- B) Algunos adjetivos calificativos: *alto, forte*.
- C) Los acabados en **-mente**: *mesmamente, primeiramente, caladamente, docemente*.

### 2. DE TIEMPO:

<i>anteonte</i>	<i>antes</i>	<i>daquela</i> «entonces»
<i>onte</i>	<i>agora</i> «ahora»	<i>cedo</i>
<i>hoxe</i>	<i>despois</i>	<i>tarde</i>
<i>mañá</i>	<i>desque</i>	<i>axiña</i>
<i>pasado mañá</i>	<i>logo</i> «luego»	<i>decote</i> «siempre»
<i>a miudo</i> «a menudo»		<i>(na)mentres</i> «mientras»
<i>sempre</i>	<i>cando</i>	
<i>nunca</i>		

### 3. DE LUGAR:

<i>aquí</i>	<i>alá</i>	
<i>ahí</i>	<i>acolá</i>	<i>encima</i>
<i>ali</i>	<i>algures</i> «en alguna parte»	<i>enriba</i>
<i>acó</i>	<i>ningures</i> «en ninguna parte»	<i>debaixo</i>
<i>aló</i>		<i>abaixo</i>
<i>dentro</i>		<i>detrás</i>
<i>fora</i>		<i>atrás</i>

(a) *diante*  
*dediante*

*lonxe*  
*cerca*  
*perto* «cerca»

### 4. DE CANTIDAD:

<i>moi</i>	<i> tanto</i>
<i>moito</i>	<i>case</i>
<i>pouco</i>	<i>demais</i> «demasiado»
<i>máis</i>	<i>abondo</i> «bastante»
<i>menos</i>	<i>namais</i> «nada más»

### 5. DE AFIRMACIÓN:

*sí*      *abofé* «a fe máis»  
*certo*    *tamén*

Es frecuente repetir el verbo de la pregunta para afirmar: *¿Tes lume? —Teño.*

### 6. DE NEGACIÓN:

*non*  
*tampouco*

### 7. DE DUDA:

*seica* «parece que»    *quizáis*  
*se cadra* «tal vez»    *¿ou?* «¿no es así?

### 8. DE ORDEN:

*primeiro*                *últimamente*  
*primeiramente*          *derradeiramente*  
                              *finalmente*  
                              *sucesivamente*

## LOCUCIONES ADVERBIALES

Las más usadas son:

*a eito* «sin escoger, a granel»  
*ó cabo* «al fin»  
*os poucos* «poco a poco»  
*de contado* «rápidamente»  
*ás costas* «a cuestas»  
*e más sí* «ciertamente»

*a rentes* «a ras»  
*a carón* «pegadito»  
*ó xeito* «exactamente»  
*ás agachadas* «a escondidas»  
*de seguido* «sin parar»  
*a miudo* «frecuentemente»  
*de camiño* «en seguida»

## EJERCICIOS

I. Buscar en la lectura 20 y 21 los adverbios y locuciones adverbiales indicando su valor.

II. Traducir la lectura 21 al castellano

III. Versión al gallego:

1. Este año hay fruta en abundancia.
2. Parece que tiene que marcharse muy temprano.
3. No encuentro (*atopar*) en ninguna parte lo que me encargaste.
4. Me has de traer azúcar, aceite y además un poco de harina.
5. Entonces mi sobrino me dio sus notas; eran buenas, cosa que no sucede a menudo.
6. ¿Quieres un poco mas de vino? No, gracias; bebí bastante y casi estoy mareado.
7. No soy capaz de hacer todas las compras tan pronto.
8. Allá arriba tenían desde siempre una cantidad enorme de nueces; las bajaremos poco a poco.
9. Sal rápidamente afuera que te espera tu amigo.
10. Cerca de allí estaban bañándose los hijos más pequeños.
11. Será peor para él si no viene pronto ¿No es así?
12. Corrían sin parar, arriba y abajo, junto al río.

## IV. Conversación:

¿Recuerdas qué anotó Carmen antes de ir al mercado?  
¿Qué pasó en la carnicería?  
¿Qué cosa no le gustaba a Lelo?  
En el puesto de verduras compró algo ¿Qué fue?  
¿Qué pescado había en la plaza?  
¿Podrías decir el color de las frutas que se mencionan?

## TEXTO LITERARIO

O arrieiro non gastaba ren. Na Graña estaba soio. Cando el marchaba, a casa pechábase. Non andaba ás mozas. En Carnaval enchíánlle a bota cada volta que aparecía por alí, e don Alvaro dáballe un bo pelexo cando Pedro lle traía a colleita. Polo camiño mercaba o touciño peludo e marelo e pan mouro e duro que cortaba coa súa navalla pra comelo. Xa non lembraba cándo fixera a zamarra, e os zocos de fondo de madeira remontáballos cada ano o señor Cidre de Madelos, pra quen tamén traía cousas de Souto.

O arrieiro ganaba moito. Da Fontanela a Souto non había más que el pra traé-la mercancía, e el tamén levaba ós que non podían ir polo seu pé dun lado pra outro. Cobraba os seus cartos polo traballo, recollía propinas e sabía o que se podía engadir no precio de cada cousa que mercaba por mandado.

Cada volta que o maragato paraba na Graña, os aldeáns vían moi de noite polas fírgoas da parede da casa o lume ledo dos toxos na lareira, e marmulábase que un que pasara por alí a rentes vindo das mozas, ó ollar polo burato da porta enxergara ó arrieiro cun guizo na man atoutiñando as paredes.

Carballo Calero, *A xente da Barreira*  
Ed. Bibliófilos gallegos, Santiago 1951, p. 130

## VOCABULARIO

arrieiro: *arriero*  
 soio: *solo*  
 pechar: *cerrar*  
 volta: *vez*  
 pelexo: *odre*  
 colleita: *cosecha*  
 touciño: *tocino*  
 marelo: *amarillo*  
 remontar: *sobreponer, remendar*

polo seu pé: *por su propio pie.*  
 engadir: *añadir*  
 por mandado: *por encargo*  
 fírgoas: *rendijas*  
 marmular: *murmurar*  
 a rentes: *cerca*  
 enxergar: *vislumbrar*  
 guizo: *astilla, trozo de madera*  
 atoutiñar: *apalpar (a tientas)*

LECTURA  
A feira

Rosario e Carme baixaron antonte á vila. Era o día da feira que se fai tódolos xoves. Fóreronse dereitas á feira das mulleres, xa que tiñan que comprar allos, unha restra de cebolas, algúns re-



polo pró caldo, un par de queixos e outra miudaxe. Como estaban os ovos baratos, compraron tamén catro ducias e unha rolada de pitos por corenta e nove pesos.

Nesto viron vir pola praza adiante a Mingos de Xan, que viñera vender un cuxo de sete meses. Preguntóulle Rosario cómo lle fora. El dixo que non moi ben, porque os xateiros fixeran un corpo e houbo que vender polo que eles dixerón. Botáballe unha perda de cinco mil reás. Dixo tamén que tiña gana de pasar pola feira dos porcos, pois precisaba dun rancho da trela e dous do leite pra ir preparando as cebas. Agora era el a queixarse de que non lle quitaban un peso e había que tratar polo que pedían. A desfeita da feira xa virían a el.

Contra as doce atoparon a Marica de Xurxo, que tiña nun paxo media ducia de coellos, tres galos e unha pela de manteiga todo misturado. Un can de palleiro atrelaba a bichería. Con dor do corazón vía como unha muller que andaba no trato das nabizas e dos grelos se dispoñía a rematá-lo lote. ¡Malia a quen a fixo!

Como xa compraran tódolos encargos subiron pola feira das vacas. Non estaba mal. Vendíanse ben as vacas do leite e máilas de laboura. Polo contrario, becerros e xovencas pra criar andaban barateiros. Prós bois ninguén miraba. Nun recuncho contra o río estaba a feira das bestas onde sóio tiñan algunha saída os poldros e os cabalos. Os machos vendérónse no primeiro golpe da feira ós tratantes de Carballo.

Carme estaba cansa de tanto paponear e dixo que estaba disposta a almorzar unha ración de pulpo cun neto de viño ou un cuartillo de caña, áinda que chegase peneque a cas Souto e lle berrassen tódolos antergos. Carme ás veces évos arroutada.

## VOCABULARIO

feira das mulleres: *puestos alimenticios regentados por mujeres*  
restra: *ristra*  
miudaxe: *conjunto de cosas menudas*  
rolada de pitos: *pollada*  
corenta: *cuarenta*

xateiro: *negociante de terneros*  
facer un corpo: *ponerse de acuerdo*  
perda: *pérdida*  
rancho da trela: *cerdo de destete*  
rancho do leite: *lechón*

cebas:	<i>cerdos que se alimentan de manera especial para matarlos</i>	xovencas:	<i>terneras</i>
tratar:	<i>negociar</i>	barateiros:	<i>baratos</i>
á desfeita:	<i>al deshacerse</i>	recuncho:	<i>rincón</i>
contra:	<i>hacia</i>	poldros:	<i>potros</i>
pela:	<i>rollo</i>	cabalos:	<i>caballos</i>
palleiro:	<i>almiar, montón de paja o hierba</i>	machos:	<i>mulos</i>
atrelar:	<i>acechar</i>	primeiro golpe:	<i>al principio</i>
bichería:	<i>conjunto de bichos</i>	cansa:	<i>cansada</i>
andar no trato:	<i>comerciar</i>	paponear:	<i>papar moscas</i>
lote:	<i>cantidad de productos que lleva una vendedora</i>	almorzar:	<i>desayunar</i>
malia:	<i>mal haya</i>	peneque:	<i>borracha</i>
laboura:	<i>trabajo</i>	a cás Souto:	<i>a casa de Souto</i>
		arroutada:	<i>impulsiva</i>

## PREPOSICION

Las preposiciones más importantes en gallego son:

<i>a</i>	<i>desde</i>
<i>ante</i>	<i>en</i>
<i>asegún</i>	<i>entre</i>
<i>baixo</i>	<i>hastra</i>
<i>canda:</i> junto con, con	<i>onda:</i> junto a
<i>cara:</i> hacia	<i>pra</i>
<i>con</i>	<i>por</i>
<i>contra</i>	<i>sin</i>
<i>de</i>	<i>sobre</i>
<i>deica:</i> de aquí a, hasta	<i>xunta:</i> junto a

## FRASES PREPOSITIVAS

Las más usadas son:

*cabo de*: junto a  
*a carón de*: junto a  
*á beira de*: junto a  
*ó pé de*: junto a  
*a rentes de*: a ras de  
*a poder de*: a fuerza de  
*ó cabo de*: después de  
*por mor de*: por causa de

*fora de*: excepto a  
*alén de*: además de  
*despois de*  
*perto de*  
*lonxe de*  
*en troques de*: en vez de  
*co gallo de*: so pretexto de

Recuérdese que hay proposiciones que se contraen con el artículo o con el pronombre.

### EJERCICIOS

- I. Tratar de determinar el sentido de las preposiciones en las lecturas 21 y 22.
- II. Descomponer las contracciones de la lectura 22 en sus elementos.
- III. Traducir la lectura 22.
- IV. Versión al gallego:

1. Salió de prisa y se vino conmigo.
2. Ya nos veremos hacia las diez.
3. El perro del vecino estaba junto a la higuera.
4. Cerca de la casa de Lelo hay un robledal.
5. Con motivo de un congreso el médico tendrá que ir a Santiago.
6. Además del tabaco me compraréis una caja de cerillas.
7. Hasta hoy no nos pudimos quejar de su conducta.
8. Después de muchas horas de viaje pude llegar junto a mi tío.
9. El jardinero cortaba los árboles que estaban más próximos al muro; los taló al ras del suelo.
10. Vimos a todos, excepto a los que actuaron en primer lugar.

### V. Conversación:

¿Ó chegar á feira ónde foron Rosario e Carme?  
 ¿Qué compraron?  
 ¿Estaba contento Mingos? ¿Por qué?  
 ¿Onde quería ir Mingos? ¿Pra qué?  
 ¿Qué trouxo Marica?  
 ¿Qué facía o can? ¿Estaba contento? ¿Por qué?  
 ¿Cáles son os bichos que hai na feira?  
 ¿Xunta o río, qué había?  
 ¿Cál foi o arrauto (*pronto, impulso*) de Carme?

### TEXTO LITERARIO

O doutor olla de arredor e, súpeto, atalla ó home.  
 — Imos ver ese reservado.

— Xa lle digo. Non é posible, doutor Kleines. Vostede teña en conta. Eu son novo eiquí. Son forasteiro.

O doutor olla de redor. Atalla ó home.  
 — Imos ver ese reservado.

Sóbor da grande mesa de trazado perfectamente elíptico, hai dúas grandes cuncas, cheas hastra a mitade de viño moi escuro, cáseque completamente negro e de moita densidade. Darredor das cuncas hai cinco círculos de viño, formados evidentemente polas cuncas ó descansaren tendo a súa base húmida. Nun curruncho de reservado, a seis metros da grande mesa, está a pequena mesa, baixa, con dous vasos de vidro enriba, dous vasos cheos hastra a mitade dun zume intesamente roxo. As altas paredes do reservado son lisas e brancas, dun branco suxo que tende a marelo.

O doutor Kleines está sentado de xeito que lle dá as costas á parexa, mentres o home pode ollalos de frente. Pode o home ollar de frente á parexa pro non o fai. Ten, eso sí, concentrada a vista

no interior da sua cunca, fixos os ollos no viño, fixos os ollos e medio pechados.

Méndez Ferrín, *Arrabaldo do Norte*  
Ed. Galaxia, Vigo 1964, p. 88

#### VOCABULARIO

atallar: *atajar*  
forasteiro: *forastero*  
sóbor de: *sobre*  
cáseque: *casi*  
derredor: *alrededor*  
húmida: *húmeda*

curruncho: *rincón*  
zume: *zumo*  
suxo: *sucio*  
parexa: *pareja*  
fixo: *fijo*

#### VOCABULARIO

rachar: *desgarrar*  
zoar: *silbar el viento*  
roldar: *rondar*

#### CANZÓN PRA QUE UN NENO NON DURMA

(aprender de memoria)

Non durmas,  
meu neno pequeno...  
Bule, berra, chora.  
Teu pai está fora.  
Racha cos pés  
esta sábana  
de medo.  
Non péche-los ollos,  
neno pequeno.  
O vento zoa,  
non péche-los ollos.  
A morte  
rolda por fora.  
Vexo o río mouro  
e unha folla morta.  
Bule, berra, chora.  
Teu pai está fora.

Luis Pimentel, *Sombra do Aire na Herba*  
Ed. Galaxia, Vigo 1959, p. 111

## LECTURA

## O tempo

Hai xa unha semá que Lelo está contento. Véu a neve. Un luns de Nadal, sobre do día, empezou a nevar. Caeron falopas e falopas. Ó abrir do día, Vilanova estaba branquexada. Lelo

foi á escola e ás doce acabóuna. As bolas cruzaron o aire a tódolos xeitos e moitas deron onde debían dar. O frío escorrentouse axiña.



En cambio, ó abó, despóis da boa outonía de San Martiño, anubróuselle o ánimo e dispúxose a soportar unha invernía de auga e xeada. Non chovéu nin xeóu, pro nevou abondo. O tío Pepe arrechegouse á beira do lume a agardá-la primaveira.

Nin Nadal nin febreiro, co seu androido, lle prestaban unha migalla.

Tampouco lle iba moi alá o mal tempo ó médico. As friaxes traían sempre enfermos; e ter que sair o ventimperio noite tras noite deixába tan aterecido coma un caramelo.

A Rosario dáballe tanto xullo coma agosto ou marzo. Decía sempre, fose mércores, xoves ou domingo, que estaba atafegada de traballo. Carme saltáballe que de vran se podía ir á praia, disfrutar do sol e poñerse moura coma un carbón. A Enrique, ecléctico, todo lle daba igual. Nunha noite crara, sin vento, coas estrelas alumeadas nas pozas das corredoiras ó remate dunha troula, viña tan ledo coma á luz do luar do Ano Vello, despóis de lle facé-las beiras a unha rapaza xeitosa. Carme di que a lúa o aparva, que perde o norte e que o millor é buscalo ó abrigo dunha taberna, ó quente da lareira.

Pro, áinda que non o digan, san Xuan e Santiago, coas súas tardes longas, cos solpores mornos e coa caída da noite fresca, son do agrado de todos. Por algo é o bo tempo.

## VOCABULARIO

neve: *nieve*  
luns: *lunes*  
nadal: *diciembre*  
sobre do día: *al amanecer*  
falopas: *copos de nieve*  
bolas: *bolas*  
xeitos: *sentidos, direcciones, modos*  
escorrentarse: *hacer desaparecer algo*  
outonía: *otoñada*  
San Martiño: *San Martín*  
anubrarse: *nuñarse*  
dispoñerse: *disponerse*  
xeada: *helada*  
xear: *helar*  
arrechegarse: *acercarse*

á beira do lume: *junto al fuego*  
febreiro: *febrero*  
androido: *carnaval*  
prestar: *sentar bien*  
migalla: *majaja*  
non ir moi aló: *no agradar*  
friaxe: *frío*  
ventimperio: *intemperie*  
caramelo: *carámbano*  
mércores: *miércoles*  
de vran: *durante el verano*  
moura: *morena*  
corredoira: *camino de carro*  
troula: *diversión*  
Ano Vello: *Año Viejo*

facé-las beiras: *cortejar*  
xeitosa: *graciosa, atractiva*  
aparvar: *atontar*  
ó quençe: *al calor*  
San Xuan: *junio*

Santiago: *julio*  
longas: *largas*  
morna: *tibia*  
bo: *buen*

**Días de la semana:** *luns, martes, mércores, xoves, venres, sábado, domingo.*

**Meses del año:** *xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, xullo, agosto, setembre, outubre, noviembre, decembre.*

Al lado de estos nombres, existen otros muy utilizados, construidos sobre las festividades religiosas:

(xuño) *San Xoán*  
(xullo) *Santiago*  
(agosto) *Santa Mariña*  
(noviembre) *Santos o San Martiño*  
(diciembre) *Nadal.*

## CONJUNCIONES

### 1. Coordinantes:

A) COPULATIVAS: *e «y»*  
*nin «ni»*

B) DISYUNTIVAS: *ou «o»*  
*xa «ya»*  
*ben «bien»*

C) ADVERSATIVAS: *mais «mas»*  
*senon «sino»*  
